



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 32

Sesión Plenaria
7 de xuño de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 5489 (10/PNP-000462)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e catro deputados/as máis

Sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno central da creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvián de demandas polas cláusulas chan

Publicación do acordo, BOPG nº 78, do 06.03.2017

5.2 7348 (10/PNP-000662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de *Eucalyptus nitens*, respecto das previsións do Plan forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

5.3 7448 (10/PNP-000675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e seis deputados/as máis

Sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

5.4 7575 (10/PNP-000688)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

5.5 8011 (10/PNP-000735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

5.6 8174 (10/PNP-000758)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa elaboración do novo Mapa de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

5.7 8382 (10/PNP-000782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da supresión do instituto do aforamento dos deputados e das deputadas e a incorporación desta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que se aborden no seu momento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

5.8 8990 (10/PNP-000842)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e dous deputados/as máis

Sobre o remate polo Goberno galego do proceso de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais de Pena Trevinca e o inicio do procedemento para a declaración dese espazo protexido como parque natural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 6. Interpelacións

6.1 1950 (10/INT-000081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa negociación dun novo modelo de financiamento para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

6.2 7014 (10/INT-000290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a política do Goberno galego en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

6.3 9280 (10/INT-000391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 9580 (10/POPX-000037)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear a eucaliptización poñendo en marcha unha nova política para o monte galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

7.2 9591 (10/POPX-000038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a dispoñibilidade dunha oferta ampla de solo industrial alcanzable e ben comunicado no sur de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

7.3 9603 (10/POPX-000039)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos orzamentos xerais do Estado para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 8265 (10/POP-001081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e catro deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de mellorar o servizo de medicina forense que se está a ofrecer na costa da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

8.2 8673 (10/POP-001130)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia diante do escaso investimento previsto nos orzamentos xerais do Estado para a dragaxe da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 113, do 11.05.2017

8.3 9238 (10/POP-001189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG establecidos na Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

8.4 9594 (10/PUP-000088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e dous deputados/as máis

Sobre os criterios que vai seguir a Xunta de Galicia para a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á repartición de fondos do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2011-2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

8.5 8662 (10/POP-001129)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e oito deputados/as máis

Sobre os datos referidos ao tratamento da hepatite C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 113, do 11.05.2017

8.6 9239 (10/POP-001190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a data de entrada en funcionamento da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

8.7 9586 (10/PUP-000087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para solucionar a situación dos servizos de radiodiagnóstico por imaxe dependentes do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

8.8 8477 (10/POP-001106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles, e sete deputados/as máis

Sobre as razóns das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais no Concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 113, do 11.05.2017

8.9 8734 (10/POP-001133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel, e seis deputados/as máis

Sobre o número de familias beneficiarias do bono Concilia con cargo á orde que regula a súa concesión no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

8.1 09602 (10/PUP-000089)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do seu compromiso referido á garantía con fondos públicos da cobertura da demanda de prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos no curso 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear a eucaliptización poñendo en marcha unha nova política para o monte galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leceiaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a dispoñibilidade dunha oferta ampla de solo industrial alcanzable e ben comunicado no sur de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leceiaga (S).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leceiaga (S).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego en relación cos orzamentos xerais do Estado para o ano 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez, sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 30.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 34.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 35.)
e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 37.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 39.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 40.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 41.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 44.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 46.)
e *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 47.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa elaboración do novo Mapa de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 53.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 56.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 58.) e *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 60.)

O señor Fernández Prado (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 63.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dúas deputadas máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da supresión do instituto do aforamento dos deputados e das deputadas e a incorporación desta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que se aborden no seu momento. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 67.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 71.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 73.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, sobre o remate polo Goberno galego do proceso de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais de Pena Trevinca e o inicio do procedemento para a declaración dese espazo protexido como parque natural. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 77.) e Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 80.)

A señora Cuña Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 82.)

Votación das proposicións non de lei

A señora Vilán Lorenzo (S) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei presentada por ela e que se vai votar a continuación. (Páx. 84.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre a solititude do Goberno galego ao Goberno central da creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvián de demandas polas cláusulas chan: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 84.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de *Eucalyptus nitens*, respecto das previsións do Plan forestal: *rexeitado por 20 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións. (Páx. 85.)*

O señor presidente le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada polo señor Núñez Centeno, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 85.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 86.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez, sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa elaboración do novo Mapa de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada: *aprobada por 39 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 87.)

O señor presidente le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada polo señor Díaz Villoslada, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 87.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dúas deputadas máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da supresión do instituto do aforamento dos deputados e das deputadas e a incorporación desta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que se aborden no seu momento: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, sobre o remate polo Goberno galego do proceso de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais de Pena Trevinca e o inicio do procedemento para a declaración dese espazo protexido como parque natural: *rexeitado por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa negociación dun novo modelo de financiamento para Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 97.)

Interpelación de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 103.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 108.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 112.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 116.)

Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia diante do escaso investimento previsto nos orzamentos xerais do Estado para a dragaxe da ría do Burgo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG establecidos na Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 125.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D^a María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios que vai seguir a Xunta de Galicia para a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á repartición de fondos do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as razóns das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais no Concello de Vigo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 135.)

O señor presidente anuncia o debate acumulado das preguntas con número de rexistro 8734 e 9602.
(Páx. 136.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de familias beneficiarias do Bono Concilia con cargo á orde que regula a súa concesión no ano 2016. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do seu compromiso referido á garantía con fondos públicos da cobertura da demanda de prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos no curso 2017-2018. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 136.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao. (EM)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao. (EM)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de mellorar o servizo de medicina forense que se está a ofrecer na costa da Mariña lucense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 144.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D. Aurelio Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos referidos ao tratamento da hepatitis C. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 150.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data de entrada en funcionamento da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 152.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 153.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 154.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 155.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para solucionar a situación dos servizos de radiodiagnóstico por imaxe dependentes do Sergas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 159.)

Remata a sesión ás sete e seis minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión co punto sétimo da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear a eucaliptización poñendo en marcha unha nova política para o monte galego

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señor Feijóo, hoxe quero empezar felicitándoo. Ten vostede o mérito de ter rescrito a famosa canción *El desaparecido*, de Manu Chao, porque así é como ten vostede a Galiza: desaparecida nos orzamentos do Estado, desaparecida no debate sobre o AVE, desaparecida no debate do financiamento ou desaparecida nesa comisión fantasma da AP-9. ¿E sabe por que? Porque a ese slogan «Galicia primeiro», pásalle, como di Bob Dylan na súa canción, que está *blowing in the wind*. Hoxe, eu xa non dubido de que vostede non pinta nada en Madrid. E xa que non é capaz de defender os intereses de Galiza no Estado, agardamos que polo menos sexa capaz de defender Galiza na Galiza.

Por iso, facémoslle unha pregunta que ten que ver con algo que fundamentalmente depende de vostede: poñer en marcha unha nova política forestal. ¿E por que o pedimos? Porque o seu modelo é unha ruína desde o punto de vista económico, ambiental e social para este país. Este modelo só ten un gran beneficiario, Ence; mellor dito, Ence e os seus seis compañeiros do Partido Popular, que acaban sentados no Consello de Administración desta empresa nun caso de manual —poderíamos dicir— de portas xiratorias.

Pero permítame que lle dea algúns datos que falan sobre a situación que hoxe ten o noso monte. A plantación de eucalipto, señor Feijóo, está absolutamente descontrolada; estanse plantando máis eucaliptos na Galiza que en Australia. Temos neste momento 230.000 hectáreas máis de eucalipto das que estaban previstas no Plan forestal da Xunta de Galiza para o ano 2032. As repoboacións forestais no Estado fixéronse fundamentalmente con especies propias do lugar no que se plantaban; na Galiza, fixéronse con subvencións da Xunta, con especies foráneas. O resultado pois é que temos un monocultivo de eucalipto e pino que ocupa o 60 % das masas arbóreas, xustamente o triplo da media do Estado. E, finalmente, cada ano tálanse 8,2 millóns de metros cúbicos de madeira e só 300.000 son madeiras de calidade procedentes das nosas especies autóctonas.

Esta febre expansiva do eucalipto ten unha repercusión directa nun dos grandes problemas ambientais que ten este país, como son os incendios forestais, incendios que cada ano queiman miles de hectáreas e tamén centos de millóns de euros; un problema que vai ir máis alá co cambio climático, e teño que dicirlle que o seu goberno non está á altura do reto que temos por diante.

Vostede sabe perfectamente que o seu modelo forestal fracasou, que nos deixa unha Galiza que ten un grave problema, porque unha parte do territorio está abandonado, que hai un descontrol do eucalipto que está tirando á baixa os prezos e que vai ser peor no futuro e que temos moita riqueza que non se está aproveitando por este modelo fracasado e caduco.

Por iso, pregúntolle se ten algunha medida en serio para frear a eucaliptización do noso país e para poñer en marcha un novo modelo forestal para Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, eu creo que, se quere falar vostede de desaparecidos, direille que desaparecido está o BNG das Cortes Xerais e desaparecido está o BNG de todas as cidades galegas; *(Murmurios.)* desaparecido está o BNG na maioría das institucións democráticas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora ben, se a vostede lle parece ben, pois sigan vostedes por este vieiro.

O que si me parece ben da súa intervención, señoría, é que agora vostede tamén se apunta ao plurilingüismo. Sen dúbida, é unha grata noticia que o BNG fale inglés no Parlamento. *(Aplausos.)* Iso, sen dúbida, señoría, é un sinal do novo BNG.

Señora Pontón, hai uns días tivemos unha xuntanza con familias que viven da riqueza forestal, que traballan no monte, que levan os cartos á casa desa industria —onde traballan, por certo, 70.000 galegos—, e estaban preocupados sobre se iamos ou non diminuír as capacidades de plantación de eucalipto en Galicia.

Vostede agora dinos que o que estamos facendo é o contrario, amplificando de forma extraordinaria as capacidades de plantación de eucalipto. Mire, nós movémonos sempre, ou intentamos movernos, en posturas racionais, en posturas equilibradas. E eu creo que é xusto recoñecer que hai unha proliferación de eucalipto en determinadas zonas que nos parece excesiva. Ben é certo, señoría, que son falsos os datos que vostede dá de hectáreas, pero eu estou acostumado. Di que dende que chegamos nós se incrementaron as hectáreas de plantación de eucalipto en 230.000. Pois ben, o total de hectáreas de plantación de eucalipto en Galicia están no entorno de 280.000. *(Murmurios.)* Polo tanto, pouco poderíamos incrementar e debería ter un pouco de sentido común cos datos que dá.

Pero mire, señoría, a min preocúpanme os galegos, os 80.000 propietarios dos montes en Galicia que no ano 2015 cortaron, por certo, un 14 % máis de madeira; un 14 % máis porque tiñan que paliar os problemas da crise económica. Preocúpame que o 12 % das familias galegas que teñen ingresos anuais por corta de madeira os sigan tendo. Preocúpanme os 70.000 postos de traballo da industria da madeira. Preocúpanme as 3.000 empresas do sector da madeira que facturan máis de 2.000 millóns de euros e que exportan máis de 770 millóns de euros. Dentro

do sector da madeira, o eucalipto é unha parte dese sector. O eucalipto en primeira corta está ingresando ás familias galegas propietarias en torno a 150 millóns de euros anuais.

Polo tanto, señoría, o que imos facer é o que non fixeron vostedes: ter política forestal. Primeiro, porque aprobamos a única lei de montes que hai en Galicia no ano 2012; segundo, porque a desenvolvemos mediante dous decretos, regulamentos, do ano 2014. E esa lei o que di é que temos que incrementar a superficie agraria útil, que hai que limitar as repoboacións, que hai que prohibir a replantación do xénero *Eucalyptus* nas zonas de superficies arboradas con especies autóctonas, que hai que intentar plantar máis castiñeiros, máis cerdeiras e máis carballos... En definitiva, señoría, o que di a nosa política forestal —cousa que vostedes non tiveron— é, primeiro, facer un plan forestal, e, nese Plan forestal, dicir en que zonas non é viable a plantación de eucalipto e en que zonas non se pode seguir estendendo a plantación de eucalipto. En segundo, señoría, crear unha axencia da industria forestal de Galicia para que os 70.000 traballadores da industria forestal teñan un futuro certo.

Señoría, se quere vostede falar de lumes, podemos falar de lumes, pero, lamentablemente, creo que o BNG, para falar de lumes forestais, non está acreditado neste Parlamento.

Señoría, temos instrumentos, temos propostas e temos políticas: un plan forestal que imos intentar consensuar co concellos e co sector e unha axencia da industria forestal que imos intentar que funcione neste primeiro semestre deste ano 2017. Seguro, señoría, que vostede na réplica me podería dicir algo que fixera o BNG durante os catro anos que foron responsables do monte en Galicia. Ademais das hectáreas ardidas, gustárame saber cal é a súa política forestal.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Feijóo, o que ven os galegos e galegas é que os que están desaparecidos son os 12 deputados do PPdeG que en vez de defender a Galiza están defendendo o carné do Partido Popular; (*Aplausos.*) ou a quen ven desaparecido pois é a vostede como presidente da Xunta de Galiza, que nin unha soa vez durante estes últimos anos alzou a voz fronte aos agravios continuos do Estado con este país. Está desaparecido, señor Núñez Feijóo.

E mire, para o Bloque Nacionalista Galego esta é unha cuestión de país, e no que non imos caer é no curtopracismo no que acaba de caer vostede. Mire, eu xa lle digo que a min non me vai ver cunha *manguerita* e cuns zapatos *castellanos* facéndolle oposición ao Goberno no medio dun ataque incendiario. (*Aplausos.*) E se cre, se realmente cre, señor Feijóo, que a política forestal se reduce a unha guerra de cifras para ver que goberno tivo máis monte ardido, o único que demostra é que vostede non ten altura para ser presidente da Xunta de Galiza, (*Aplausos.*) porque parece que está defendendo os incendiarios, señor Núñez Feijóo.

Mire, nós propoñémoslle que consensuemos un novo plan de ordenación de usos do noso monte que aproveite o potencial, a riqueza e as oportunidades que hai. Este para nós é un acordo

importante, un acordo de país, que ten que incluír algúns puntos básicos para que realmente Galiza colla o tren e se sitúe na onda do que están facendo os outros países, porque vostede vén aquí como gran defensor do eucalipto, e eu preguntolle: ¿o resto de países de Europa son parvos cando apostan por madeiras de calidade?, ¿non se enteran?, ¿ou realmente en Galiza se está hipotecando o futuro dun sector única e exclusivamente por ser servís a Ence?

Mire, nós propoñémoslle un acordo de país con catro puntos moi concretos: primeiro, unha moratoria para frear a expansión do eucalipto, para non ocupar máis hectáreas do noso solo con eucaliptos e frear o eucalipto *nitens*, porque temos moi claro que frear o descontrol do eucalipto é clave para poder poñer en marcha unha nova política forestal.

En segundo lugar, un plan real para que a madeira que se produce no noso país se transforme en Galiza e non simplemente se destine a facer taboleiros ou a pasta de papel. Hai moitas oportunidades que estamos perdendo, e vostede non está apoiando un sector estratéxico, como podía ser o sector do moble.

Terceiro, beneficios fiscais e axudas para a reforestación, pero con especies autóctonas.

E, por último, un plan que aproveite o valor multifuncional do noso monte...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque, mire, Galiza, señor Núñez Feijóo, non pode seguir hipotecada...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...polos designios de Ence, e Galiza non pode seguir perdendo oportunidades única e exclusivamente pola cegueira do seu goberno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

¿Como será que o pobo se confunde sempre, señora Pontón? ¿Como será que o pobo outorga 12 deputados ao Partido Popular de Galicia e ao BNG ningún? ¿Será que o pobo galego non é culto? ¿Será que o pobo galego non ten criterio? Señoría, grazas a eses 12 deputados en Madrid imos ter un presuposto para toda España; en consecuencia, tamén para Galicia. Xa sei que o BNG preferiría que non houbera presuposto, pero esa é unha forma de entender a política que nós non compartimos.

Señoría, cando vostede agora me recorda as políticas de extinción de lumes do BNG e me di que estou defendendo os incendiarios, iso si que, dende logo, é facer país, señoría. Recordaremos todos como algún responsable do BNG dicía que naquela vaga de lumes, cando vos-

tedes estaban na Consellería, os incendiarios eran os alcaldes do PP. Aínda non pediron desculpas por iso, señoría. Por iso, para falar de política forestal do BNG, creo que hai que falar cun pouco de criterio. E eu vólvolle reiterar que durante catro ano nada fixeron no ámbito forestal, cero: Plan forestal, cero; Lei de montes, cero; regulamentos no ámbito forestal, cero. Señoría, ¿de que se nos acusa?, ¿de aprobar un plan forestal e de facer unha axencia da industria forestal galega? ¿Acúsasenos de dicir que, efectivamente, temos que controlar a expansión incontrolada do eucalipto en determinadas zonas e en determinados lugares de Galicia? ¿Acúsasenos de abrir máis expedientes por plantación de eucalipto durante os anos do noso goberno que durante os anos do Goberno bipartito co BNG na Consellería? ¿Acúsasenos, señoría, de ter máis frondosas, no Inventario Forestal de Galicia, que nunca dende que hai inventario? ¿Acúsasenos, señoría, de ter o dobre de frondosas que o dobre de eucaliptos? ¿Acúsasenos, señoría, de que os 70.000 empregos... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Si, si. Se nin sequera consultan...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o Inventario Forestal é moi difícil falar de datos. Pero o Plan forestal está para ver, e entre pinos e frondosas, señoría, temos o triplo que de *Eucalyptus*, pero, como é natural, cando cae o paradigma nacionalista, caen os datos e non importa a realidade.

Míre, señora Pontón, temos política da madeira, si, 70.000 empregos, temos política da madeira, si, hai o 12 % de familias galegas que teñen ingresos pola madeira. ¿Que temos que facer, señoría? Controlar a plantación de eucaliptos, favorecer a plantación de autóctonas —carballos, cerdeiras e castiñeiros de froito—, facer leis como a que fixemos en montes, regulalo como fixemos nos dous regulamentos e facer unha axencia industrial da madeira. ¿Sabe por que, señoría? Porque o sector do moble, o sector do *contract* —debería de revisar vostede os datos—, está exportando e ten máis músculo que nunca, e porque o sector da madeira en Galicia soamente pode crecer. Temos que certificar a madeira, temos que facer madeira certificable para exportar, temos que ordenar a madeira. E se vostede quere ordenar o monte, benvida coas súas alegacións ao Plan forestal, pero criticar un goberno por presentar un plan forestal e por traballar na industria da madeira é, simplemente, criticar a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leceiaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a dispoñibilidade dunha oferta ampla de solo industrial alcanzable e ben comunicado no sur de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

Quero, antes de nada, saudar os veciños de Salvaterra e das Neves que nos acompañan hoxe.

Señor Núñez Feijóo, o proxecto da Plisán iniciouno a Xunta de Galicia hai xa dezasete anos. Era unha plataforma loxística de 4 millóns de metros cadrados, de apoio ao porto de Vigo, que traballaba con intermodalidade e que debería alimentar o crecemento industrial no sur de Galicia. Era unha boa noticia. E o certo é que até 2002 foi a unha marcha razoable: fíxose o convenio cos concellos afectados, o proxecto sectorial supramunicipal, a declaración de impacto ambiental... Foise traballando razoablemente. Despois, entra nunha fase de parálise; os empresarios en febreiro do 2005 criticaban os retrasos, a paralización, e que as expropiacións estaban estancadas.

O Goberno de Emilio Pérez Touriño impulsa o proxecto, remata a fase de expropiacións, prepara o terreo e licita ese proxecto. E a partir do 2009, ¿que pasa? Entre os enredos xudiciais e administrativos, pasaron dous anos, e quedan seis, e neses seis anos houbo anuncios, moitos anuncios, pero houbo poucas realidades. Houbo unha marcha lenta, demasiado lenta. Incluso no seu programa electoral vostedes anunciaban, no segundo semestre do 2016, que neste ano 2017 xa ía haber empresas instaladas nesta plataforma. O certo é que só en 2015 se empezan as obras de urbanización e só neste ano 2017 está licitada a EDAR, pero aínda quedan infraestruturas importantes por licitar.

O resumo podería ser, como fixo recentemente un medio, dicir: a Plisán ao ralentí e Portugal mete a sexta. Hoxe temos un novo horizonte de dous anos para a instalación das primeiras empresas; xa non é 2017, é 2019. ¡Un éxito! No mellor dos casos, vinte anos despois, un pequeno polígono de só 100.000 metros cadrados, a un custo exorbitante, rondando os 150 millóns de euros, ao final incluíndo os accesos e sen intermodalidade prevista aínda —¿onde está a estación de mercadorías?, ¿onde a reforma da liña con Vigo?—, con prezos non competitivos con Portugal. Hai polígonos a menos dun quilómetro que teñen custos moito máis económicos para as empresas, sen conexión directa coas Meseta e sen que os pagos da expropiación estean feitos completamente.

E mentres Portugal mete a directa, a Xunta de Galicia sesteou. Portugal fíxoo ben, era a súa obriga, tiña que facelo, e o certo é que, se dentro dos límites legais está en disposición de captar moitas empresas, está facendo o seu traballo. O problema non é o que faga Portugal, o problema é o que deixemos de facer nós. Isto estaba ben sempre que nós fixeramos os deberes. E a Xunta de Galicia non os fixo, señor Núñez Feijóo. Vostede sabe coma min que a expansión se prepara durante as recesións, e na última recesión vostede estivo mirando para outro lado.

Hoxe é o momento do investimento, hai diñeiro circulando, hai necesidades de investir, hai proxectos importantes que buscan ubicación, pero a dispoñibilidade de solo industrial, barato e de calidade no sur de Galicia segue sendo unha asignatura pendente. Estamos chegando tarde, mal e arrastro, e podemos atoparnos con que cando a Plisán estea en marcha o crecemento se situou do outro lado do Miño, só 300 metros ao sur desta infraestrutura. Esa é xustamente a súa responsabilidade.

Señor presidente, ¿está vostede satisfeito coa xestión da oferta ampla de solo industrial de calidade que o sur de Galicia precisa?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, escolleu vostede ben a semana para facer preguntas de venda de solo industrial. Efectivamente, a semana pasada un grupo téxtil, o maior de Europa, comprou 26 parcelas, 218.000 metros cadrados nun polígono da provincia da Coruña. E a semana pasada unha empresa viguesa, Ecoforest, compraba 10 parcelas nun polígono, concretamente o do Porto do Molle, en Nigrán. Son dous exemplos claros, señoría, de que a recuperación económica está activando a venda de solo industrial.

Pero creo que de paso que saúda vostede os veciños de Salvaterra e As Neves, que eu tamén o fago, e os alumnos do Colexio Torrrrente Ballester, de Pontevedra, é bo que coñezan como atopamos as políticas do solo no ano 2009. Porque claro, vostede di cousas, pero non di que as catro empresas públicas Xestur estaban quebradas, iso non o di; que cando chegamos ao Goberno debiamos 100 millóns de euros —100 millóns de euros— a particulares e a provedores das Xestur, iso non o di; que cando chegamos ao Goberno tiñamos 180 millóns de euros de débeda bancaria coas catro Xestur, iso non o di; que cando chegamos ao Goberno había 900 millóns de euros —900— de compromisos de execución e compra, iso non o di, señor Leiceaga.

¿Sabe o que tivemos que facer? Pagar, pagar os 100 millóns de euros aos particulares aos que lles debiamos o solo, pagar 180 millóns de euros aos bancos e replantexar a débeda bancaria. Señoría, o que fixemos foi pagar, pagar 200 millóns de euros dunha pésima política de solo industrial do Bipartito.

Por iso, señor Leiceaga, sorpréndeme que vostede non faga esa análise e esa introdución. ¿Por que nos deixaron todas as empresas públicas de solo industrial quebradas? ¿Sabe o que fixemos, señoría? De catro empresas públicas, pasar a unha, de catro xerentes pasar a un; de todas as plantillas, pasar a unha plantilla única.

E agradézolle moito que me faga unha reflexión sobre a Plisán. Señor Leiceaga, comprendo que o PSOE non levaba a política de solo industrial; unha vez máis foi un dos grandes activos da política nacionalista en Galicia: quebrar o solo industrial e as empresas públicas.

Pero, en fin, a Plisán. Mire, o movemento de terras da Plisán foi executado pola Autoridade Portuaria de Vigo sen que a Xunta do Bipartito puxera un euro. A Xunta de Galicia xa non era titular da Plisán. ¿Sabe por que? Porque a vendeu a Xestur para conseguir diñeiro e gastar no Instituto Galego de Vivenda e Solo. Resolveran o condominio; xa non había un condominio entre a Zona Franca e o Porto de Vigo e a Xunta de Galicia. Renunciaran ao condominio, e o que é máis grave, foron a Salvaterra e ás Neves e negociaron cos veciños un xustiprezo que tiña que pagar posteriormente a Zona Franca e o Porto de Vigo, e non a Xunta de Galicia; é dicir, enganaron a todo o mundo.

Señor Leiceaga, ¿sabe o que fixemos nós? Pagar; coma sempre, pagar. Pagamos un diñeiro aos veciños, agora en xullo ímoslle pagar outro diñeiro e en decembro imos pagar a totalidade do diñeiro. É dicir: pagar.

¿Sabe o que fixemos, señoría? Di que non está unida coa Meseta. Fixemos unha autovía de conexión da Plisán coa Meseta —25 millóns de euros esa autovía— e agora resulta que se nos imputa que o estamos facendo só na Plisán de forma tardía. Pero, señor Leicega, ¿se tivemos que levantar a quebra de todas as empresas públicas de solo industrial en Galicia quebradas por vostedes no Goberno! E agora temos 100.000 metros cadrados —os primeiros 100.000 metros cadrados— á venda e resulta que estamos construindo a depuradora, construindo a potabilizadora e o vial de conexión, e di vostede que imos cobrar non sei que. Non señoría, imos cobrar 0,75 euros metro cadrado/ ano a calquera empresa que se queira instalar alí a través dun dereito de superficie...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...0,75 euros metro cadrado ao ano.

Señoría, temos a política de solo industrial máis barata dos últimos quince anos en Galicia; é dicir, en Galicia hoxe comprar un metro de solo industrial está máis barato que nos últimos quince anos.

Seguiremos falando de solo industrial, señor Leicega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leicega.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, estrañárame que na súa réplica non lle botase a culpa de todo aos anos onde funcionou un goberno alternativo ao do Partido Popular. Xa sabemos que é así.

A verdade é que, repasando a hemeroteca, a impresión que un saca é completamente distinta: problemas coa Autoridade Portuaria para que o Ministerio de Fomento fixera na época en que gobernaba o Partido Popular un informe necesario que retrasou o asunto meses; problemas xudiciais que obrigaron a que decisións súas tiveran que ser revertidas, e isto complicou todo moito máis. Así sucesivamente.

Pero non quero falar do pasado. A min, a diferenza de vostede, interésame máis o futuro, e interésame máis o futuro porque iso é o que está en xogo e o que pode servir para activar as condicións de vida e as condicións de emprego dos galegos. E aí hai dous problemas coa Plisán. Hai un primeiro problema coa intermodalidade. Vostede sabe coma min que iso depende da Admnsitración xeral do Estado. E vostede está pensando pouco na política española. O PNV conseguiu arrancarlle ao Goberno do señor Rajoy a conexión do porto de Bilbao co corredor europeo de mercancías. ¿E Galicia que?

No Máster Plan SICA, que o seu Goberno defende, establécese como proxecto prioritario o acceso da Plisán á liña ferroviaria actual. ¿Cando vai estar isto listo? Xa non falamos da modernización da conexión ferroviaria co porto de Vigo, que tamén está prevista, nin tampouco

da conexión da Plisán co futuro corredor Monforte-Venta de Baños, que faría posible que nós estiveramos tratados igual que o porto de Bilbao, logo dese acordo do PNV co Goberno do señor Rajoy.

Precisamos dun acordo de país para impulsar as infraestruturas, e, cando un non pode, pide axuda. E vostede non puido. Rajoy castigouno, non sabemos por que, pero con vostede está castigando a toda Galicia.

E respecto do prezo das parcelas, o prezo ten que ser competitivo. Vostede sabe coma min que Portugal está ofrecendo no norte mellores condicións, e aquí hai dúas posibilidades: ou ben Portugal está vulnerando a normativa comunitaria, e neste caso haberá que perseguilo, ou ben o está facendo ben e entón temos que copialo. E vostede ten que dicirme se perseguimos a Portugal ou se o copiamos, unha de dúas.

Déronlle a medalla de honor do Porto, señor Feijóo, pola súa contribución ás relacións de Galicia co norte de Portugal. Non sabía que a política de solo industrial que desenvolveu nestes anos era tan ben coñecida no sur do Miño. A eurorexión é xa unha realidade para os empresarios, e está ben, pero démoslle unha oportunidade a Galicia para que a formación e a experiencia dos traballadores, o emprendemento empresarial e as nosas capacidades non choquen coa insuficiencia, o prezo e a baixa calidade do solo industrial ofertado, que é o que depende directamente da súa capacidade, do seu goberno. Dezasete anos despois só podemos ofrecer un eiral na Plisán, iso si, agora con farolas. Está ben, pero ten sen rematar a urbanización, non ten saneamento, non ten depuración, non ten captación de augas aínda, non ten a intermodalidade... Só 100.000 metros cadrados, media hectárea por ano, a un custo demasiado alto para que os empresarios poidan situarse.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, nin xestión vinte anos para 10 hectáreas nin peso político. Esa é a súa responsabilidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Di vostede que non quere falar do pasado, non me estraña, señor Leiceaga. Sobre política de solo industrial non quere falar. Oculta á Cámara que deixaron quebradas as empresas públicas de solo industrial, oculta á Cámara que lle debían a todo o mundo, que non pagaban as expropiacións, que non pagaban aos bancos, oculta á Cámara que quebraron a política de solo industrial en Galicia, e por iso non quere falar.

Pero adicionalmente di que non temos unhas mercancías competitivas. Pero, señor Leiceaga, ¿sabe vostede quen aprobou en Europa e quen propuxo en Europa o Corredor de Mercadorías no Norte? O Partido Socialista Obreiro Español. Si. Di vostede que lle dá igual, ou

que non o sabe. ¿Pero non sabe que foi o Partido Socialista o que nos privou dunha saída dende Galicia cara á Meseta en materia de mercadorías? ¿E temos agora que intentar recuperar o tempo perdido para ter unha saída dende Galicia a través de Monforte coa Meseta para mercadorías?

Pero, señor Leiceaga, ¿a quen quere vostede enganar? Di que non hai depuradora nin potabilizadora. Claro, estámola facendo, señor Leiceaga. Si, estamos facéndoa, e pagándolles aos veciños. Si, señor Leiceaga. Pero vostede verá.

Mire, voulle dar simplemente un dato. Durante dous anos e medio —porque as políticas de bonificación de solo industrial son deste goberno— reducimos o prezo do solo industrial entre un 30 % e un 50 %. Durante os dous anos e medio das políticas de bonificación vendemos tanto solo industrial como durante os anos 2007 e 2008, as épocas de benestar económico; 808.000 metros cadrados de solo industrial vendidos. Si, señor Leiceaga, tanto como nos anos de bonanza económica.

Por primeira vez en Galicia hai unha posibilidade de pagar no entorno de medio euro metro cadrado/ano para poñer unha fábrica ou unha industria no solo industrial da Xunta de Galicia. Temos 1.600.000 metros cadrados á disposición. Señoría, nunca houbo unha política de maior bonificación e de menor custo prezo/metro cadrado de solo industrial do que hai agora. Por iso nos sorprende, señor Leiceaga, que vostedes nos veñan aquí falando de solo industrial. Mire, tomamos decisións: descontos de entre un 30 % e un 50 % e a constitución de dereitos de superficie de medio euro metro cadrado/ano; obtivemos resultados e, efectivamente, vendemos máis de 810.000 metros cadrados nos últimos dous anos.

¿E por que non facer propostas? Mire, se quere falar vostede de Portugal, eu creo que deberíamos de falar de Portugal. Revisen vostedes os convenios metalúrxicos de comercio, de servizos, de Portugal, e os convenios galegos. Seguro que non imos en ningún caso propoñer unha rebaixa dos salarios dos galegos, por suposto que non. ¡Eu, non! Pero si me gustaría ter a mesma actividade fiscal dos concellos que teñen en Portugal.

Señor Leiceaga, ¿vostede vai apoiar o Goberno galego para solicitar aos concellos galegos que rebaxen ou exoneren o 90 % o IBI, o imposto de construcións e o imposto de actividades económicas para as empresas que se poñan en Galicia? ¿Vai propoñer o Partido Socialista e os alcaldes do Partido Socialista unha rebaixa fiscal para que as empresas que se ubiquen nos ámbitos dos concellos onde goberna o Partido Socialista teñan as mesmas posibilidades fiscais que en Portugal? ¡Nós, si! ¿Vostedes, señor Leiceaga?

Señor Leiceaga, se quere vostede unha política industrial, o primeiro que hai que ser é coherente. Lamentablemente, señor Leiceaga, as últimas actuacións súas no Parlamento cualifícanse por si soas. (*Murmurios.*) Espero e desexo que recupere vostede a coherencia porque, mire, temos solo dispoñible, temos ferramentas para seguir traballando e hai a maior bonificación de prezos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de solo industrial da historia de Galicia. Por iso, señor Leiceaga, necesitamos que todos —os concellos e a Xunta— cumpran as súas obrigas. Por parte da Xunta, non se preocupe que as imos cumprir. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego en relación cos orzamentos xerais do Estado para o ano 2017

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, hai agora un ano vostede protagonizaba unha divertida campaña do Partido Popular cun Rajoy que dicía: «Temos que votar para que Galicia siga sendo unha prioridade». Rajoy ten permanentemente a Galicia no seu corazón, na cabeza, nos orzamentos e no BOE. A campaña podería ser divertida se non fose polos orzamentos que acaban de debaterse na Cámara estatal este ano, en 2017. Agora, con eses novos orzamentos, ¿mantén vostede esta afirmación? ¿Cre vostede que Galicia é unha prioridade para Rajoy?

Vexamos: en canto aos investimentos en infraestruturas, os investimentos reais para o ano 2016 foron 1.364 millóns de euros, e para o 2017, 925; é dicir, un 30 % menos, os orzamentos máis baixos nos últimos quince anos. Parece que para Rajoy Galicia é unha prioridade, pero á hora de recortar. ¿Está vostede satisfeito con estes recortes? ¿Son os recortes estes os que lle preocupan ou que non lle recorten en Madrid a súa cabeza?

Funcionariado. O funcionariado estatal e galego, que suma máis de 100.000 persoas en Galicia, ve incrementado, polos orzamentos do Estado e os seus idénticos da comunidade, un 1 %. Rajoy pensa coa cabeza en Galicia, pero a cabeza débea ter algo pequena porque o IPC interanual xa vai no 2,6 e a previsión é do 3 %. En termos reais, isto significa que un empregado público en Galicia en calquera das administracións que hai un ano cobraba 1.000 euros agora, en termos reais, cobrará 973, o 16,26 % menos de poder adquisitivo. Isto é ter cabeza, ¿non?

Autónomos. Arredor de 110.000 persoas en réxime de autónomos en Galicia pasarán a pagar un 3 % máis de cota mínima, o que significa 8 euros máis ao mes; é dicir, 96 euros máis ao ano. Os nosos autónomos e as nosas autónomas saben botar as contas, non coma vostede e o señor Rajoy. Debe ser que en Madrid as Matemáticas son só restar; se aquí se explicasen en galego, talvez verían que tamén existe a suma. Iso é pensar coa cabeza, seguramente.

Pero o máis sangrante, o máis preocupante: pensionistas. En Galicia páganse 756.000 pensións contributivas, das que o 60 % son inferiores ao salario mínimo interprofesional. A pensión media en Galicia rolda os 774 euros, un 16 % menos que a media estatal. Rajoy —coa cabeza noutro lado— sóbelles este ano un 0,25 %. Se temos en conta ese 2,6 %, vemos que a variación en menos dun ano a esta parte é de 20 euros menos ao mes. Señor

Núñez, ademais, as nosas pensionistas mulleres teñen as cantidades máis baixas por salarios e por pensións. ¿Por que lles fan isto? ¿Onde ten a cabeza? E, sobre todo, ¿onde ten o corazón, ese que dicía ter en Galicia? Por certo, os datos están todos publicados na web do IGE e do INE, e agardo que vostede xa os revisase antes de vir ao hemiciclo, non sexa que lle pase como a semana pasada e que se entere aquí no propio hemiciclo das falcatruadas que fai Villar Mir no Borme, por exemplo.

E tamén, unha vez que colle as rabietas, pense ben as cousas que di porque talvez lle pareza un recurso fácil insidiar, por exemplo, o meu labor profesional como maxistrado. Pero a min vaime resultar moito máis doado lembrarlle que antes que deputado era vostede paseante en iates de luxo con ilustres narcotraficantes... *(Murmurios.) (Risos.)* De tal maneira que mentres algúns nos rodeabamos de xente que traballaba pola xustiza outros rodeábanse de maleantes. Así que falemos do pasado cantas veces queira... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...recompilando... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...recompilando... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...recompilando... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Murmurios.)*

O señor VILLARES NAVEIRA: Digan en que non é verdade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Prosiga, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Digan en que non é verdade. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: Imos rematar coas catro verdades enunciadas nos orzamentos: 30 % menos de investimentos reais para Galicia, case 1 millón de persoas damnificadas polos orzamentos de 2017. Se sumamos os 100.000 empregados públicos, os 110.000 autónomos, os 750.000 pensionistas, a cota de autónomos, os 96 euros máis ao ano; no funcionariado, 227 euros menos ao ano; nos pensionistas, 280 euros ao ano... Señor Feijóo, ¿que lle fixo vostede a Rajoy para que o trate así? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, eu estou tranquilo coa miña cabeza; non se preocupe vostede pola miña cabeza. Comprendo que ás veces o inconsciente traizoa a todo o mundo. Non sei se vostede está preocupado ou non pola súa, pero pola miña, señoría... Mentres os galegos sigan votando, eu non teño ningún problema coa miña cabeza. *(Aplausos.)* Teño o compromiso ata o ano 2020; *(Aplausos.)* vostede, señoría, non sei como está nin sei exactamente de quen se rodea.

Mire, pode vostede montar outra función. Para vostede e o seu grupo, das Mareas de Podemos, o Parlamento é un circo e cada día hai que concretar unha función. *(Murmurios.)* E hoxe toca a función das cabezas, de confundir a xente, de manipular, de dicir que desde que chega Rajoy os pensionistas en Galicia cobran menos, etc. Non, non, señoría, non, iso é unha falsidade, pero ¿que máis lle dá se vostede o rigor xa o abandonou desde hai moito tempo? ¡Se lle é igual!, entre outras cousas, porque manter a súa cabeza é incompatible con ser rigoroso. E como a vostede lle interesa moito máis manter a súa cabeza que o rigor probablemente siga vostede por este vieiro de descabezonerías.

Mire, señor portavoz, a miña valoración sobre os orzamentos do Estado é coñecida, non é a primeira vez. Vostede ultimamente non ten moitas preguntas novas, sempre busca ou preguntas que lle fan os anteriores portavoces ou as mesmas. Levamos moito tempo falando dos orzamentos do Estado. Xa sei que a vostedes lles molesta que haxa orzamentos, entre outras cousas porque o que queren é unha moción de censura. ¿Ven como a de Podemos di que si? *(Risos.)* ¿Que máis lle dan a vostede os orzamentos se o que queren é unha moción de censura, señor portavoz?

Pero, mire, a nós impórtannos os orzamentos. Xa sei que a vostedes non, ¿sabe por que? Porque levan gobernando nas cidades galegas e son incapaces de aprobar os presupostos. ¿Para que queren orzamentos? O que están facendo vostedes en Ferrol cos orzamentos é de aurora boreal. O que fixeron cos orzamentos da Coruña é para aprender. Señoría, polo tanto, de orzamentos... ¡Se a vostede lle dan igual os orzamentos! ¡Se non sabe de que van nin para que serven, nin como se executan, nin como se conforman! *(Aplausos.)* Diso non hai ningunha dúbida ao respecto. *(Aplausos.)* Non teñan vostedes ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

Pero a nós, despois dun ano sen orzamentos en España, interésanos que haxa orzamentos. Interésanos transmitir a imaxe de que somos un país estable e de que cumprimos as obrigas. Interésanos, por suposto, rematar as obras pendentes que quedan por avanzar. E interésanos, por suposto, que os empregados públicos cobren un 1 % e se actualicen as súas retribucións. Xa sei que cando vostedes gobernaban en coalición co Partido Socialista aos empregados públicos se lles retirou un 5 % para sempre das súas pagas; vostedes calados estaban. Cando gobernaba o Partido Socialista conxeláronse as pensións; vostedes calados estaban. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E sobre orzamentos territorializados... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, o investimento do Ministerio de Fomento en Galicia é o 11 % do total do que se inviste en España —o 11 %—. Somos a segunda comunidade autónoma de maior investimento por habitante. Temos un 67 % máis de gasto por habitante que a media española —o 67 % máis de gasto por habitante que a media española—. E a vostedes parécenlles absolutamente insuficientes, compréndoo, por iso vostedes presentan emendas. ¡Claro que si! Presentan unha emenda —aquí está—, a señora que estaba antes no seu sitio —a portavoz de Izquierda Unida, antes era a líder portavoz aquí—, que é: «*Es prioritaria y urgente la línea entre Madrid-Burgos para la revitalización económica del sur de Castilla*». (Murmurios.) Non, non, xa sei que vostedes disto non saben... (Risos.) Non, se o comprendo. (Murmurios.) O problema é que vostede non sabe disto nin de orzamentos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, non perda os papeis, que se vía algo nervioso agora ao final. (O señor Núñez Feijóo pronuncia palabras que non se perciben.) Se non ten problemas de cabeza, levántea e defende os autónomos, levántea e defende os funcionarios. (Aplausos.) Pero, sobre todo, levántea e defende os pensionistas e as pensionistas deste país. Os datos están aí publicados, fale con eses datos.

¿Moléstalle a pregunta? ¿Parécelle unha pregunta incómoda? ¡É que sempre se anda queixando das preguntas que lle facemos! Pois é que, mire, casualmente, fixo vostede unha pregunta idéntica cando era Touriño presidente no ano 2008. ¿Daquela non lle pareceu unha pregunta absurda? (Aplausos.) ¿Non, verdade? (Aplausos.) ¡Non!

E, claro, ¿que dicía vostede o 1 de outubro de 2008 —está aínda publicado na páxina web do Parlamento—? Dicía vostede que os orzamentos eran conformistas, entre outras cousas, porque prevían para o AVE daquela 600 millóns de euros. E agora que prevén 525, ¿que é?, ¿é un acto de submisión?, ¿un acto de covardía? (Murmurios.) ¿Que tipo de acto é ese tipo de investimento nove anos máis tarde? (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: Por favor, explíquenos que tipo de acto é o seu silencio. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Un silencio que non vén a nada... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: O nivelón son as declaracións do señor Feijóo. *(Murmurios.)* *(Risos.)* ¡¿Que lle fixo vostede a Rajoy para que Rajoy o trate así?! *(Aplausos.)* ¡Díganos o que! Nós queríamos iso.

E nós queremos, ademais, un investimento como o de Cataluña para poder facer unha modernización do tren de media distancia e establecer un servizo de cercanías. ¿Por que non temos nada disto para o noso país? ¿Que pasa?, ¿nós non o merecemos? ¿As maiorías sociais de Galicia non merecen un tipo de infraestruturas así? Non digamos xa tampouco como o do País Vasco. Moléstalles tamén o do cupo. Moléstalles que outras comunidades teñan o que este señor non é capaz de pedir para o noso país para mellorar a calidade de vida desta xente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: Está moi ben que nos veña falar dos orzamentos porque... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: E volvemos outra vez con información publicada, dúas precisións: a primeira, que, por gasto por habitante, non é a segunda, é a terceira. Corrixa, que lle fagan ben as contas, que parece que non é así.

Pero é que, mire, fai ben vostede en alzar a voceciña cando nos reparten estas migallas para dicir: bueno, polo menos, que executen o que acordan. ¿Sabe por que? Porque o ano pasado a execución dos orzamentos en Galicia foi do 41 %. *(Murmurios.)* ¡Oh! ¡O 41%! ¿Saben canto foi a media? A media foi o 57,97 %, ¡foi a máis baixa do Estado! E, claro, outras comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular chegaron, no caso de Murcia, ao 74 %, no caso doutras comunidades, como Castela-A Mancha, ao 74 %, e Madrid ao 137 %. *(Murmurios.)* ¡O 137%! Co cal, non é verdade o feito de ter ou non orzamentos en 2016 para executalos completamente. O que pasa é que aquí hai unha maioría absoluta e hai un presidente manso que non se ocupa pola súa cidadanía, e iso é o que nos preocupa a nosoutros, iso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Está vostede satisfeito con estes orzamentos? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, ¿vostedes querren o AVE a Galicia, si ou non? Aclárenos a súa política de infraestruturas.

Vostede xa sei que está por aí no grupo, pero os que mandan no grupo —leo—: «Nós non queremos grandes obras faraónicas como o AVE» —cito textualmente—. O deputado que

ten ao seu lado, o señor Antón Sánchez: «O AVE é un negocio e un despilfarro enorme. Non hai máis proxectos que furar montañas». E cualifica a súa alta velocidade como «clasista e centralizadora». A señora Díaz di «si». Fin de la cita. (*Murmurios.*)

Señoría, ¿vostede en que sector está das Mareas de Podemos? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A pregunta, señoría, é: ¿están de acordo co AVE? Agradezo, señoría, que os seus deputados se dean conta de en que sector está vostede, (*Risos.*) porque realmente os que estamos neste Parlamento non sabemos a que se adica vostede; non o sabemos, señoría.

Mire, señoría, aos galegos, en fin, ao presidente dos galegos, que é ao que os galegos votaron, non lle gusta chamar a atención, pero si defendelos, como é natural, e levantamos a cabeza para defender os nosos galegos en Venezuela. Si, señoría, si, e levantamos a cabeza no pleno anterior para que os nosos galegos en Venezuela, que tiveron que saír do país, poidan manter as pensións en España. Nós levantamos a cabeza pola dignidade, pola liberdade, pola democracia, señoría. (*Aplausos.*) Nós estamos a favor de que os galegos de Venezuela recuperen as súas pensións e os seus dereitos. Vostede, que di que algunha vez foi maxistrado, está en contra do Estado de dereito.

Mire, nós levantamos as cabezas polos funcionarios que cumpren as sentenzas. Nós levantamos a cabeza e levantamos a man en contra de agredir a funcionarios da policía por cumprir unha sentenza dun xuíz e repoñer o dereito constitucional da propiedade. (*Aplausos.*) Nós levantamos a cabeza e levantamos a man para que se cumpra o Estado de dereito. Señoría, ¿como non vai estar a xustiza encantada de que vostede a deixara de implementar e administrar? (*Murmurios.*)

Señoría, con todos os respectos do mundo, somos criticados en Andalucía porque hai unha fuga de millóns do AVE para Galicia —Parlamento de Andalucía *dixit*—, e agora resulta que a vostede lle preocupa o de Cataluña: 4.000 millóns de euros en catro anos. Nós o primeiro ano temos 900, e, claro, non quere entender que, como vostedes non queren que haxa presupostos e o Partido Socialista tampouco quere que haxa presupostos, imos ter presupostos para un semestre, o segundo semestre do ano 2017, porque se van aprobar o 26 de xuño, en contra de vostedes. Porque, se por vostede fora, nin habería AVE, nin habería presupostos, nin habería investimento da modernización de Galicia; (*Aplausos.*) nin AVE, nin presupostos, nin modernización de Galicia.

Mire, señoría, pero, por máis que sobreactúe defendendo o AVE de Galicia nos orzamentos, nunca imos esquecer que os senadores no Senado votaron en contra do AVE de Galicia hai unhas semanas; non o imos esquecer. Por moito que sobreactúe, vostedes votaron en contra do AVE a Galicia no Senado; a unha proposta, por certo, dun senador socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, señoría, a efectos de AVE, vostedes son iguais que Ciudadanos e que UPyD para Galicia, exactamente igual. Non teño ningunha diferenza entre Ciudadanos e UPyD e As Mareas de Podemos aos efectos do AVE á Comunidade Autónoma. Polo tanto, señoría, cando hai un parón no AVE, vostedes protestan; cando se aproba o presuposto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e somos a segunda comunidade autónoma en maior investimento por habitante, vostedes protestan. Non sei por que o cuestionan tanto, señoría. Vostede é o perfecto portavoz para un partido que non ten ningún criterio.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos coa orde do día e volvemos ao punto quinto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez, sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

«A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

- 1. Axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa reubicación e reasentamento.*
- 2. Cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa Unión Europea de acoller a 17.337 persoas refuxiadas.*
- 3. Incrementar de xeito urxente e prioritario a actual liña de axuda humanitaria aos desprazados en orixe, e ás persoas refuxiadas en países limítrofes, para dar resposta ás necesidades do conflito, e ás peticións de Nacións Unidas.*

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Elaborar un informe trimestral a respecto da implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas da nosa comunidade.*

1.1 En dito plan recolleranse as accións levadas a cabo durante ese período de tempo no referente a:

- a) Número de persoas acollidas.*

b) Entidades e institucións que están en disposición de ofrecer recursos e/ou servizos para a acollida de persoas refuxiadas. Partido dos Socialistas de Galicia

c) Número de solicitudes de familias galegas que manifestaron a súa vontade de acoller a persoas refuxiadas, así como a valoración (positiva ou negativa) das mesmas polo órgano competente do Goberno galego.

c) Número de solicitudes de familias galegas que manifestaron a súa vontade de acoller a persoas refuxiadas, así como a valoración (positiva ou negativa) das mesmas polo órgano competente do Goberno galego.

d) Planificación para a reubicación ou reasentamento de persoas refuxiadas nos vindeiros meses.

1.2 Dito informe será presentado no Parlamento de Galicia, e publicado na páxina web da Xunta de Galicia.

2. Establecer un programa de axudas para as familias galegas que acollan persoas refuxiadas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir o seguinte texto na parte resolutiva:

«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a exixir do Goberno español:

Que mude de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.

Que deixe de aplicar e apoiar políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e que defenda e poña en práctica accións destinadas a:

-Retirar todas as forzas militares, a empezar polas da OTAN, dos países de Oriente próximo e norte de África.

-Respectar a soberanía dos pobos e a resolución política dos conflitos.

-Promover unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos

-Poñer en práctica unha política de solidariedade internacionalista e de acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día, a todas e a todos.

Permítanme que faga un parón. Teño que comezar lamentando a saída apresurada deste goberno, que, non por repetida, deixa de ser chamativa. Están claras cales son as prioridades deste goberno e como, unha vez que se descualifica a oposición, saen correndo para non escoitar os temas que a nós nos preocupan. Lamento que o presidente non estea aquí para escoitalo, *(Aplausos.)* pero, despois, xa lle poden pasar vostedes o recado, porque resulta que cando o presidente descualifica a oposición non só está descalificando o principal grupo da oposición, está descalificando as 271.000 persoas que votaron a En Marea, e iso si que é unha falta de respecto.

Están demostrando tamén o seu escaso respecto pola democracia. Logo falan de defender os dereitos humanos, e cando se trata de falar dos dereitos humanos das persoas de Siria vese que non é unha das súas prioridades e teñen que marchar a atender outros asuntos. *(Aplausos.)*

Dito o cal, permítanme continuar saudando a parte das persoas que integran... *(Murmurios.)* Presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE: Si, si, ten vostede razón.

¡Silencio!, ¡silencio, por favor!, porque, se non, é moi difícil que o que está no uso da palabra poida expoñer consecuentemente. Entón, silencio.

A señora CHAO PÉREZ: Dito o cal, permítanme continuar comezando por saudar a parte das persoas que hoxe nos acompañan, a parte das persoas que integran a Rede galega de atención ás persoas refuxiadas. Carmen, Isabel, Teresa, Miguel, Adrián, María —que non pode estar hoxe aquí—, grazas por acompañarnos, pero grazas, por suposto, polo voso traballo diario para recordarnos que é o importante, para recordarnos que viñemos aquí poñer voz ás persoas que non a teñen. Por todo iso, moitas grazas, por defender a dignidade de todas as persoas, independentemente do lugar no que vivan. Resulta que a dignidade das persoas non está só en Venezuela, está en todos os lugares do mundo, en Siria tamén.

Sodes vós as que nos interpelades para recordar o importante, para vir falar dun asunto que debería avergoñarnos a todas as persoas: o gran fracaso. Non creo que haxa outro título máis acaído para falar da atención ás persoas refuxiadas, o gran fracaso colectivo do proxecto europeo que se demostra incapaz de dar unha resposta coordinada aos retos migratorios que vivimos nos últimos anos.

Unha vez máis, os representantes políticos de todas as instancias europeas non estiveron á altura dos pobos aos que dicían representar. Nada fai pensar que isto vaia mudar. O foco mediático, lamentablemente, hai meses que se apartou das persoas refuxiadas. Xa non houbo máis fotos como as de Aylan, e así parece que xa non pasara nada. Non se fixeron novas fotografías, pese a que ben poderían; poderían facerse —de feito, moito máis preto de nós— fotos semellantes nas praias españolas. Penso, por exemplo, en Samuel, que apareceu morto na area de Barbate. Para quen non o coñeza, Samuel era un neno que fuxía coa súa familia

do Congo e que morreu tratando de chegar a España. Non é a primeira vez que falo de Samuel neste Parlamento, tampouco é a primeira vez que se menciona a Aylan, pero é que Aylan e Samuel tiñan moito en común, eran dous nenos que viaxaban coas súas familias en perigosas embarcacións cargadas de desesperación para chegar a Europa, fuxindo do terror, vítimas das guerras e que acabaron os seus días en praias do Mediterráneo.

Apagáronse os focos, como dicía, e por iso parece que nos esquecemos do drama humanitario do exilio das persoas que escapan da guerra, que escapan do terrorismo e da fame. Pero o pesadelo continúa; de feito, estamos asistindo a unha situación sen precedentes, consecuencia dunha política exterior equivocada e inxusta que vén en forma de intervencións militares ou de relacións económicas asimétricas e que leva sementando o caos e a inestabilidade social en numerosos países, que acaban protagonizando conflitos bélicos. «Quen sementa guerras, recolle refuxiados», escribiu Manu Pineda en *Eldiario.es* hai uns meses; responsabilidades claras nas causas, polo tanto, que sen embargo non van acompañadas dunha corresponsabilidade na busca de solucións.

A principios de 2016, por primeira vez dende a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos superou os 65 millóns de persoas, segundo datos de ACNUR; unha cifra que se incrementaría se sumásemos as miles de persoas que se desprazaron por causa de desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descubierto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e prever conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para poñerlles solucións e cumprir con algo tan básico como os dereitos humanos e a protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Hai oito meses, o pasado 22 de setembro, cumpríase un ano dende que os líderes da Unión Europea acordaron un mecanismo de reasentamento de emerxencia para compartir a responsabilidade do asilo. Non vou entrar agora no bochornoso baile de cifras nin na negociación vergoñenta entres os estados para repartir os cupos. Iso daría para unha intervención completa. Tan só vou sinalar que falamos dun acordo que chegou tarde, claramente insuficiente e que encima naceu condenado ao fracaso. Asinouse o acordo pero decenas de miles de persoas continuaron e continúan, mentres estamos aquí falando, agolpadas en campos de refuxiados en condicións deplorables. No caso do Estado español apenas se cumpriu co 6 % da cifra comprometida, o que suporía que a este ritmo tardaríamos máis de oito anos en cumprir os compromisos; oito anos nos que milleiros de persoas seguirían vindo e, por suposto, seguirían morrendo sen que pasara nada. Un 6 %, como dicía; e máis dun ano despois España só acolleu a 1.141 persoas das 17.337 que dixeron que acollerían. Delas a Galicia chegaron 88.

Lamentablemente, non é unha excepción. A falta de catro meses para que termine o prazo que os mesmos dirixentes europeos fixaran só se cumpriu o 24 % do comprometido: un de cada catro, unha de cada catro persoas. ¿E que pasa mentres tanto co resto? Centos de miles de persoas condenadas a agardar en campos de refuxiados ateigados, mesmo mortos de frío nas portas de Europa, trata de seres humanos, nenos e nenas desaparecidos, pero tamén deportacións aos seus lugares de orixe, eses nos que as súas vidas corren perigo, e non pasa nada.

Resulta realmente vergoñento que os estados europeos sexan incapaces de cumprir os seus compromisos, incapaces de actuar coordinadamente para resolver esta crise humanitaria na que tanta responsabilidade tiveron. Lonxe disto, os gobernos europeos están sendo responsables dunha política migratoria de externalización de fronteiras probadamente fracasada, mortífera e insensible cos dereitos humanos. Proba evidente resulta o penoso acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía, que non só puxo prezo á vida das persoas, senón que, denominando este país como país seguro, está servindo para facer de Grecia un cárcere e do Mediterráneo un cemiterio. Lembremos, 36.000 persoas morreron no Mediterráneo tratando de chegar a Europa nos últimos quince anos. O ano pasado estas mortes, segundo datos de ACNUR, superaron as 5.000; 5.000 persoas afogadas que trataban de alcanzar o envelenado soño europeo; 5.000 persoas que de seguro crían que a defensa dos dereitos humanos era algo máis que un slogan europeo.

E xunto coas cifras das persoas falecidas, outras, duras e claras: nos últimos cinco anos a Unión Europea destinou 2.000 millóns de euros a reforzar as fronteiras e só 700 a acoller e garantir o dereito de asilo das persoas refuxiadas; 2.000 contra 700.

Pero hai máis, segundo o informe *The migrants files*, dende o ano 2000 os países europeos gastaron 11.300 millóns de euros en deportar inmigrantes fóra do territorio comunitario; ¡1.300 millóns de euros! Imaxinen o que supoñería poñer ese diñeiro nos campos de persoas refuxiadas; pero para iso non hai. O Goberno español, pola súa banda, implantou o visado de tránsito para persoas de orixe siria e en 2016 legalizou, contravindo a lexislación internacional, as devolucións ilegais na fronteira sur, o que na práctica supón dilapidar o dereito a asilo.

Son algunhas das cifras do fracaso, as cifras da vergoña, que algún día imos ter que explicar, porque esta vez a escusa de que non sabiamos non vai servir. Sabemos; sabemos o que está pasando e por que está pasando, sabemos que a política migratoria europea causa dor e causa morte; unha política migratoria que evidencia a caricatura grotesca na que se está convertendo a Unión Europea; unha Europa ás voltas sobre si mesma, que levanta muros e aramados que impedirán ver o que hai do outro lado, pero que, dende logo, non vai impedir que a xente siga vindo. Mentres tanto, miramos para outro lado, botámoslle a culpa a Europa coma se non tiveramos nada que ver con Europa, coma se Europa non foramos todos nós. Exixamos aos nosos gobernos que cumpran, comezando polo Goberno español. Falen cos seus colegas en Europa, exixámoslles que estean á altura, non cabe a impasibilidade ante a barbarie nin a equidistancia ante a ignominia. Non queremos ser cómplices dunha Europa que exclúa as persoas que precisan axuda, non imos mirar para outro lado. No fondo temos sobre a mesa dúas Europas: unha Europa fortaleza, neoliberal e cruel, ao servizo dos mercados, que levanta muros e aramados que nos separan, pero, afortunadamente, hai tamén outra Europa: a da cidadanía, a da cidadanía organizada, a que grita: «¡queremos acoller!», «¡vide xa!», a da Rede Galega de Atención ás Persoas Refuxiadas, a de tantas e tantas organizacións dispostas a colaborar, que queren tender pontes.

Por iso presentamos esta proposición non de lei: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno de España, en primeiro lugar, a axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España, mediante a súa recolocación e reasentamento; e, en segundo lugar, a cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa Unión Europea de acoller 17.337 persoas refuxiadas».

Imos tarde, pero de nós depende que dunha vez por todas fagamos algo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas. Tamén saudar as persoas que nos acompañan hoxe desde a tribuna.

E, efectivamente, o número de refuxiados e desprazados no mundo é indecente, estamos a falar de máis de 65 millóns de persoas no ano 2017. É unha cifra récord despois da II Guerra Mundial e á que os países ricos non teñen outra que atender, porque eses refuxiados chegaron a territorio europeo; se non, en moitos casos seguirían mirando para outro lado, como están a facer cos refuxiados do Sáhara, coa situación de Palestina ou cos refuxiados en moitos países de África.

Eu quero mostrar hoxe a preocupación do BNG por esta situación, porque, efectivamente, o Estado español non cumpre nin sequera con esa mínima cantidade de persoas refuxiadas, 17.387, á que se comprometeu no ano 2015. Quero denunciar tamén como se está imputando a atención a estes refuxiados como axudas ao desenvolvemento, co cal esas axudas ao desenvolvemento están minguando dun xeito moi significativo e está significando deixar tiradas outras persoas —en vez de implementar os recursos, están repartíndoos—; que o Estado español, a pesar dese compromiso, é o que máis baixou dende o ano 2008 as axudas ao desenvolvemento; é dicir, que non hai nin moitísimo menos un compromiso por parte do Estado español con esta cuestión.

O 4 de abril este Parlamento aprobaba unha declaración institucional, o que significa que é o acordo unánime de todos os grupos aquí presentes, exactamente con este mesmo texto e esta mesma parte resolutiva que trae hoxe aquí En Marea, co cal eu dou por suposto que hoxe se vai aprobar; non creo que dous meses despois se faga un trasacordo do que xa se votou neste Parlamento. Co cal, como dou por suposto que iso vai así, o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda a esta iniciativa para ir un pouco máis alá, que, xa que acordamos facerlle esa petición ao Goberno español, que de momento parece que non tivo a ben escoitar, o BNG presenta hoxe unha emenda a esta proposición non de lei coa cal queremos ir ás causas do problema dos refuxiados e das refuxiadas.

E a emenda do BNG o que di é que «o Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a exixir do Goberno español que mude de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas emigrantes, que deixe de aplicar e apoiar políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e que defenda e poña en práctica accións destinadas a retirar todas as forzas militares, a empezar polas da OTAN, dos países de Oriente Próximo e norte de África, respectar a soberanía dos pobos e a resolución política dos conflitos, promover unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos e poñer en práctica unha política de solidariedade internacionalista e de acción antiimperialista en toda Europa e en todo o mundo».

Dende logo, parécenos unha indecencia o que están a facer os países chamados ricos e, nomeadamente, a Unión Europea e o Estado español. É indecente que se trate como unha

ameaza seres humanos que só cometen o terrible crime de fuxir da fame, da miseria, da guerra e da persecución. Denunciamos as deportacións, sexan individuais ou colectivas. Denunciamos ese acordo con Turquía, que o único que fai é converter nun enorme campo de concentración a situación dos refuxiados. E dicimos, alto e claro, que é indignante a resposta desta Europa capitalista, ao servizo da oligarquía, unha resposta que deixa claro que a preocupación non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na orixe deste drama de refuxiados, senón que a preocupación principal é blindarse e deixalos e deixalas fóra. Unha Unión Europea que actúa con toda celeridade para frear a chegada de refuxiados, pero non actúa con ningunha celeridade para actuar sobre as causas que os obrigan a fuxir.

A dimensión da crise de persoas refuxiadas emigrantes ten a orixe nesa rapina imperialista, comandada polos Estados Unidos e seguida por todos os aliados da Unión Europea, que non dubidan en levar a guerra, a morte, a destrución, a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos estratéxicos, espoliar os recursos naturais deses países, fundamentalmente os enerxéticos, e logo desentenderse das consecuencias que sobre a poboación teñen as accións que levan a cabo.

Dende logo no BNG temos moi claro que hai que facer medidas urxentes, medidas inmediatas, como a de acoller eses refuxiados, como a de dar resposta á crise humanitaria, mais temos claro que este drama non se soluciona creando un enorme campo de concentración en Turquía, senón que se soluciona actuando sobre as causas, que os refuxiados emigrantes seguirán chegando por miles se non se actúa sobre as causas, que afrontar de verdade o problema dos refuxiados significa unha outra política non de guerra e de inxerencia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente.

Consideramos —insisto— necesario actuar sobre as causas, e as causas é provocar a guerra, intervir, inxerir nestes países. E, en suma, o que pide o BNG con esta emenda é un cambio nesa política da Unión Europea, cambiar a política da inxerencia por unha política de auténtico apoio aos pobos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Antes de nada, tamén saudar e dar a benvida a este hemiciclo á Rede Galega e parabéns polo traballo que estades a levar a cabo.

«Facían as súas necesidades tras uns tablóns, vomitaban uns sobre os outros e pronto se encheron de piollos. O ácido dos vómitos e o salitre do mar desgastaron as súas roupas, que se converteron en harapos. Alimentáronse de patacas podres, de garavanzos, a auga estaba racionada».

Isto, señoría, é un texto dun libro, *La voz de los vencidos*. Non é o relato, a vivencia dun dos refuxiados, de calquera dos refuxiados dos que estamos a falar agora mesmo. É de cando os refuxiados e as refuxiadas eramos nós. É de cando os refuxiados e as refuxiadas tiveron que escapar deste país pola falta de liberdades. É de calquera neno ou nena que non se chama Aylan nin se chama Manuel, pero que se podía chamar Pablo, Begoña ou mesmo que podía ter calquera outro tipo de nome propio daquela época, e que ía e tivo que marchar nun barco a Venezuela.

Señora Chao, os emigrantes de Venezuela tamén foron refuxiados, e foron refuxiados por loitar pola liberdade e pola democracia neste país. (*Aplausos*.) É por iso que o Grupo Socialista non diferencia entre refuxiados de primeira e refuxiados de segunda, e nunca o imos facer nesta Cámara, sexan de Venezuela, de Siria ou veñan de onde veñan.

Señorías, hai aproximadamente vinte e cinco anos este país deu un exemplo de acollida dos refuxiados. Aquel fora o conflito da antiga Iugoslavia, gobernada por un partido socialista que tiña non caridade, senón que practicaba a solidariedade, que era quen de mirar aos ollos dos países da súa contorna e de actuar en consecuencia. Daquela había unha situación económica moito peor que a de agora, había menos experiencia en acollida de refuxiados na Unión Europea e fomos capaces de facelo. Foi, señorías, unha cuestión non de ter medios, senón de ter empatía cos demais.

Houbo tamén un momento en que este país pintaba algo no panorama internacional. Houbo un presidente que sacou a España desa terrible e vergoñenta foto dos Azores. Por iso, esta deputada e este grupo, cando escoitou hoxe ao presidente da Xunta falar de que levantan a cabeza con dignidade, con liberdade e con democracia, o que lembrou foi o día que trouxemos as tropas de volta, o día que esa foto dos Azores se desdebuxou, (*Aplausos*.) a foto da vergoña, señorías. Houbo un país, como dicía, que pintaba algo en materia de cooperación internacional, que estivo á vangarda de Europa neste tema, con acción humanitaria, con multilateralismo, que situou a España no contexto internacional.

Pero imos ao tema, porque teño moi pouquiño tempo. Ao ritmo ao que imos de acollida de refuxiados, España tardaría exactamente vinte anos en acoller todos os que quedan pendentes; son vinte invernos para eses nenos e nenas que están en tendas de campaña ás portas da próspera —ou así a chaman— Europa.

Non queremos máis excusas, nin as ONG nin os partidos políticos nin os sindicatos nin a cidadanía; querémolos aquí e queremos que veñan xa.

¿E que pasou en Galicia? Pois que fixemos unha declaración institucional, como lembrou a señora Prado Cores. Anunciouse un acordo parlamentario, un plan de acollida de refuxiados, que lembro perfectamente ao conselleiro presumir del nos medios de comunicación. Este grupo rexistrou preguntas ao respecto o 6 de febreiro, é dicir, hai exactamente catro meses,

e non temos resposta ningunha de cantas se levan acollido nin cales son os plans desta comunidade autónoma a respecto da acollida de refuxiados.

Hai, señorías, unha frase feita ao redor da que xirou parte da política ambiental e tamén solidariedade deste país e da Unión Europea nos anos noventa. Era algo así como: «pensa globalmente, actúa localmente». Nós pensamos que tamén hai que actuar a nivel autonómico. Por iso a emenda que presentamos nesta iniciativa vai nesta liña. Non queremos un goberno da Xunta que se colgue medallas e que se faga fotos para anunciar que vai traer refuxiados e que non os traia; nós queremos un goberno que faga accións solidarias, non caritativas.

Por iso pedimos tamén un informe trimestral a respecto do plan de acollida, do número de solicitudes e dos asentamentos, e un programa específico, porque se alguén deu unha lección en todo este proceso, dende que estalou a guerra e milleiros de persoas están a escapar do seu país, esa foi a cidadanía, e tamén, por suposto, a cidadanía galega. E para eles nós pedimos tamén un programa de axudas específico para que aquelas persoas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...que queiran acoller algún cidadán ou cidadá doutro país que o está pasando mal o poida facer e non teña a limitación económica.

Esperamos que hoxe, señora Chao, se chegue a un acordo nesta Cámara, pero esperamos aínda máis, e é que se cumpran os acordos, ao que non nos teñen acostumados.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Saúdos aos que nos acompañan hoxe dende a tribuna.

Estamos sen dúbida neste momento a falar dun dos temas sociais e humanitarios que máis preocupan a Europa e que non pode deixar impasible a ninguén. Dende logo, aos deputados do Partido Popular non nos deixa impasibles. Non nos deixan impasibles os problemas destes refuxiados, non nos deixan impasibles as emerxencias sociais, independentemente de onde proveñan ou de onde vivan as persoas que as están a vivir, tanto se son de Venezuela como se son de Siria, como se son do Sahara; as emerxencias sociais son emerxencias sociais, estean onde estean. E as emerxencias sociais, señores de En Marea, non teñen ideoloxía, as emerxencias sociais teñen que mover conciencias, e a obrigaón dos políticos é intentar evitalas e, se se producen, intentar corrixilas. Esa, dende logo, é a nosa conciencia, iso dende logo é o que pensamos dende o Partido Popular, e por iso xa lle adianto que, a diferenza do

que vostedes fixeron con aqueles pensionistas de Venezuela que non están a cobrar as súas pensións, nós, o Partido Popular, si vai apoiar a proposta de En Marea para axuda aos refuxiados e para que se axilice a súa incorporación. *(Aplausos.)*

Efectivamente, o Goberno de España en 2015 asumiu uns compromisos da Unión Europea para acoller 17.387 refuxiados, e ese continúa sendo o compromiso do Goberno español, como demostra tanto o traballo permanente con outras administracións como con ONG involucradas e como demostra como o aumento de recursos para dar resposta a esta crise en máis dun cento por cento en materia de protección internacional e en máis do 2.500 % de incremento de orzamento para o sistema nacional de acollida e integración. Pero teñen vostedes razón: ata o momento só chegaron pouco máis de 1.200, o que supón que aínda non estamos no 7 %; movémonos nese contorno en canto ao compromiso.

Tamén é certo que este cumprimento non é único de España, senón que está a ter dificultades en toda Europa. Como sabe, para que unha reubicación se faga efectiva, require a execución dun proceso previo de identificación e de verificación para asegurar que o proceso sexa garantista. Ademais, unha vez que cheguen aquí, temos que ofrecerlles vivenda, manutención, asistencia xurídica e psicolóxica, sanidade, educación, socialización, plena integración e mesmo a súa incorporación total a través da súa incorporación laboral. Hai, como saben, dúas fases: unha primeira fase que é de adaptación e unha segunda fase onde xa está a plena incorporación. De aí a cooperación que se está a manter coas comunidades autónomas, cos concellos e coas ONG.

Compromiso co que, por certo, a Xunta de Galicia está totalmente identificada, señora Noela, porque a nós, dende a Xunta de Galicia, preocúpanos as emerxencias, tanto se se están a producir no exterior como se se están a producir no concello de Vigo, por exemplo.

Dende o primeiro momento, señora Blanco, hai que dicir que a Xunta estivo apostando pola incorporación e polo reasentamento dos refuxiados, estivo amosando a súa colaboración, e, se vostede seguira a actividade parlamentaria, sabería que aquí se deu conta, si se deu conta, do que está a facer a Xunta de Galicia; deu conta disto o señor Parrado hai pouco máis dun mes.

Neste momento en Galicia hai 131 persoas solicitantes de asilo que participaron no programa de reubicacións e reasentamentos; proceden dunha vintena de países, aínda que a maioría, de Siria; na maioría dos casos teñen menores a cargo. E este programa está xestionado con entidades de ámbito estatal, concretamente en Galicia a través da Cruz Roxa e a FEMP, e tamén en colaboración con todos os concellos a través da Fegamp, entidades coas que a Xunta, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, mantén unha colaboración estreita en aras de superar os atrancos que poidan xurdir nas fases de acollida.

Neste primeiro momento case todos eles están nunha primeira fase, e estase traballando dunha forma transversal con recursos, a través do IGVS, a escolarización, as prestacións sanitarias, os servizos sociais. Hai que subliñar, a maiores, que o Goberno galego, na segunda fase de integración, ademais de poñer á disposición destas persoas os mesmos recursos que se garanten a todos os galegos, é dicir, os servizos sociais, a educación e a sanidade, asina

tamén recursos para a inclusión e a integración tanto coas distintas asociacións que se dedican a estes temas como cos concellos.

En calquera caso, a preocupación sobre a situación dos refuxiados, sen entrar a valorar particularismos, é ou debe ser un sentimento compartido por todos, institucións de todas as cores políticas, colectivos humanitarios e por suposto a xente do común. Este sentimento de solidariedade en xeral viuse referendado na Conferencia de Presidentes a principio de ano e alí mesmo se acordou un plan coordinado de axuda de emerxencia, precisamente para intentar paliar as deficiencias e intentar axilizar máis os trámites.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente. Vou rematando.

Dicir que Galicia participa tamén neste proxecto. Galicia deu xa ao Goberno de España a súa vontade de acoller os refuxiados que lle foran remitidos e neste Parlamento aprobamos —como vostedes lembraron aquí— unha declaración institucional neste sentido. Polo tanto, o noso voto hoxe será afirmativo a esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Benvido o acordo, dende logo. A verdade é que non nos acostumamos a que vaia saír adiante algo do que propoñemos. Benvido o acordo. Agradecer, por suposto, a boa vontade de todos os grupos. É unha boa noticia, sen dúbida, que este Parlamento acade unha postura unánime, que vaia en consonancia co que debería ser, co que claramente está fóra, que é a vontade das galegas e dos galegos de facer de Galicia un país solidario. Benvido o acordo, polo tanto.

Agora só falta que chamen aos seus colegas en Madrid e lles digan que aquí votaron unha cousa e que cumpran cos compromisos, porque, claro, está moi ben dicir que imos comprometer nos na atención ás persoas refuxiadas pero logo recortar os recursos que se destinan a esta partida. É así como o mundo ao revés, difícil de explicar. Difícil de explicar sobre todo que o Partido Popular vén de votar en contra dunha emenda aos orzamentos na que se pedía aumentar en 195 millóns de euros a partida destinada á atención das persoas refuxiadas. Entón, claro, nunha emenda que non foi invención dos grupos da oposición, senón que presentou de feito Intermón Oxfam, cifrándose en só —fíxense— 195 millóns de euros a cantidade necesaria para cumprir cos compromisos de atención ás persoas refuxiadas, o Partido Popular —como digo— votou en contra. Polo tanto, curioso, difícil de entender.

En todo caso, grazas por apoiar esta proposición non de lei, grazas por apoiala.

Respecto das emendas, dicir que, aínda que compartimos por suposto o fondo da emenda do Bloque Nacionalista Galego, non imos aceptala, porque entendemos que desborda os obxectivos desta moción. Dende logo que contarán co noso voto favorable se presentan unha proposición non de lei nestes termos —xa llo adiantamos dende agora—, pero, posto que a iniciativa que hoxe En Marea presenta non é cousa nosa senón que, como aquí se dixo, foi unha iniciativa remitida por organizacións da sociedade civil e concretamente o texto que se rexistrou foi remitido por Amnistía Internacional, pensamos que non sería axeitado aceptar unha emenda sen ter dialogado con eles previamente.

Respecto das do Partido Socialista, si aceptamos como adición o punto b), que trata de ofrecer máis información, que dende logo nós tamén solicitamos en reiteradas ocasións nesta Cámara, con pouco éxito. Diciao antes: o único que sabemos, polo que se nos dixo nunha comisión, foi que chegaron 88 persoas a Galicia, nada máis, non cando está previsto que cheguen máis, nin como, nin onde, nin con que recursos. Polo tanto, estamos de acordo con que necesitamos máis información.

Remato xa, posto que estamos sorprendidos, como dicía, de contar cun voto positivo do Partido Popular, dando voz a algunha das persoas das que falamos hoxe. Por iso quixera rematar coas palabras dun refuxiado somalí neste caso que escribiu un poema para dedicárllelo aos refuxiados sirios, no que dicía: «Fuxe de min agora, non sei en que me convertín, pero sei que en calquera lugar estarás máis seguro que aquí.». Fagamos de Galicia, polo tanto, unha terra segura, fagamos de Galicia unha terra de acollida para todas as persoas que o precisan, cos recursos suficientes.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a demandar do Ministerio de Fomento que tome as medidas oportunas para:

1.- Evitar atascos na AP-9 e que, en caso de producirse, se minimicen as súas consecuencias.

2.- *Garantir as condicións do contrato concesional, en concreto, no referido á calidade do servizo e en materia de persoal.*

3.- *Abrir unha investigación á empresa concesionaria en relación coa calidade do servizo».)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Volvemos falar da AP-9 e volveremos falar aquí todas as veces que sexa necesario, porque nos parece desde logo un asunto extremadamente grave o que está pasando, o que está pasando agora, o que leva pasando ao longo dos últimos anos. E non fai falta máis que repasar a hemeroteca. Mes de xullo do ano 2012: Fomento abre expediente a Audasa polos atascos da autoestrada, a AP-9. Xullo de 2014: Feijóo anima os galegos a denunciar a Audasa. Que a concesionaria da AP-9 provoque os atascos é algo que non podemos aceptar. A Xunta exige a Fomento medidas para evitar atascos e rebaixar peaxes na AP-9. Isto dicía o señor Feijóo en xullo de 2014.

O Ministerio de Fomento abre un expediente informativo a Audasa polas demoras excesivas nas peaxes. Pastor sinala que lle abriu un expediente á empresa e que está sometida a inspección. Dicía daquela a señora Pastor, hai dous anos: «Atascos houbos sempre, pero agora tómanse medidas.». En fin, que cadaquén saque as súas conclusións.

Fomento lanza un ultimato a Audasa para a solución aos atascos da AP-9: ou soluciona os atascos ou retíralle a concesión. A ministra enviou os inspectores para comprobar *in situ* a solución das peaxes, unha medida que non se fixo nunca na historia da autoestrada.

Anunciábase isto. Nada de nada. E naquel momento a ministra mesmo chegou a anunciar unha auditoría global para a situación da autoestrada, fundamentalmente polo mal servizo e polos problemas das retencións e dos atascos que se producían nas peaxes.

Pois ben, ¿sabe en que quedaron estes anuncios? En nada, fume. ¿E por que? Basicamente, porque vostedes a Audasa danlle o trato dunha empresa amiga, con permisividade, coa complicidade dos gobernos do Partido Popular, sexan de Madrid ou sexan de Galiza, entre outras razóns tamén porque, claro, o presidente de Audasa vén sendo un señor que se chama Andrés Muntaner Pedrosa, que foi colocado aí polo Partido Popular, cando a autoestrada aínda era pública, e que curiosamente é de Pontevedra e amigo persoal do señor Rajoy. Por certo, o señor Muntaner Pedrosa debe facer moi ben o seu traballo, porque cobra o substancioso soldo de 172.000 euros ao ano —isto que se saiba—.

Pois ben, todos eses anuncios que se fixeron foron un puro paripé, foron fogos de artificios para calmar os ánimos, para calmar a indignación loxicamente das persoas que sufrimos cada día os abusos de Audasa, os abusos da estafa das peaxes, que son as máis caras do Estado, por riba por un servizo pésimo; tamén polo mal estado da infraestrutura e sabendo,

como sabemos, o negocio millonario que supón esta autoestrada para a concesionaria, que é un auténtico filón, unha mina de ouro, con ingresos e beneficios de 46 millóns no ano 2016 e ingresos cada día de 380.000 euros.

E, por riba, por riba de ter eses ingresos millonarios, resulta que reducen o cadro de persoal nada máis e nada menos que en 85 persoas en dez anos, chegando agora, no ano 2016, ao mínimo histórico de persoal da empresa, con 215 persoas. E todo isto adobiado, por se fose aínda pouco, co anuncio dun novo incremento das peaxes como consecuencia dos acordos asinados, dos convenios asinados con gobernos do Partido Socialista e do Partido Popular para financiar as obras de ampliación da ponte de Rande e tamén do terceiro carril en Santiago de Compostela, principalmente. Polo tanto, aínda imos sufrir, por riba de todo isto, un novo incremento das peaxes.

Pois ben, a realidade é que, despois de todos os anuncios do Goberno central, do Ministerio de Fomento, seguimos sufrindo abusos e atascos no ano 2015, no ano 2016, sempre coa mesma cantinela: que había expedientes, que había investigación; mesmo chegou a haber unha investigación do Valedor do Pobo, que, por certo, agora tamén se repite con outra da Valedora do Pobo.

Polo tanto, chove sobre mollado e estásenos acabando a paciencia. Xa o dixen o outro día: Deus nos dea ira, porque paciencia xa temos abondo. Xa nos queda, desde logo, pouco que aturar desta estafa, deste abuso, da autoestrada.

Pois ben, en 2017, por riba de todo isto, chega o agravio do veto do Partido Popular á transferencia da AP-9, que é, como xa dixemos, unha mostra vergonzosa da submisión, da vasalaxe, coa que se comporta o Partido Popular respecto do Partido Popular de Madrid. Non pintan nada, o mesmo que está ocorrendo coa tramitación dos orzamentos do Estado, nos que Galiza está desaparecida, o Partido Popular galego está desaparecido. Os seus deputados non pintan nada.

Pois ben, si é certo que nos anos 2012, 2014 e 2015 vostedes aparentemente protestaban por ese escándalo do mal funcionamento das peaxes e das retencións. Agora cambiaron de rexistro, agora, como crearon esa comisión bilateral fantasma —que non sabemos moi ben a que se dedica—, paritaria e ao máis alto nivel entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galiza, pois resulta que fan o papel de [...] *(Por orde do presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)* do Goberno central, nin sequera protestan. Consentan, xustifican e amparan as tropelías —porque non se lles pode chamar doutra maneira— e os abusos de Audasa. As retencións e os atascos volvéronse repetir moi gravemente nesta Semana Santa —xa non no verán, como aconteceu estes anos, senón en Semana Santa—, agora agravados polas obras que se están facendo na autoestrada. Por certo que lles acordou facer agora todas ao mesmo tempo, cunha absoluta falta de planificación e de previsión. Houbo retencións quilométricas na peaxe de Vilaboa, centos de automobilistas atrapados en ata 5 quilómetros de colas. E tamén no mes de abril houbo problemas derivados das obras da ampliación da AP-9 en Santiago de Compostela, que obrigaron os automobilistas, nada máis e nada menos, que ir a Padrón —porque non os deixaban saír na saída do Milladoiro— e ter que dar a volta, e por riba pagar a peaxe. ¡Como se lle chama a isto!

Polo tanto, estamos ante un auténtico abuso, un auténtico escándalo; e, ademais, todos os días. Vostedes sábeno ben porque utilizan tamén —polo menos, algúns de vostedes, como vostede, señor Pazos, que é ademais o portavoz neste asunto— todos os días a autoestrada. E estamos sufrindo cada día tamén o abuso das obras que nos obrigan a circulan a 60 por hora ao longo de numerosos quilómetros, nunha situación de risco e de perigo, cambiando de carril, circulando en dous sentidos unicamente, un sentido de ida e outro de volta, coma se fose, ou peor aínda, unha estrada convencional; unha auténtica yincana que temos que facer para vir desde Vigo ou dende Pontevedra a Santiago.

E o Goberno da Xunta e o Ministerio de Fomento, en lugar de exixir responsabilidades, como lles dixeran, amparan esta situación. O mesmo fixo o portavoz do Partido Popular nesta Cámara, que dixo que, claro, que os atascos os sufrimos todos e que tamén cando imos ás praias hai atascos. ¡Menuda frivolidade!, coa que está caendo, co cabreo e coa indignación que hai nos usuarios e usuarias da autoestrada. Vostedes o que piden aquí é, máis ou menos, resignación cristiá. Pois nós non nos resignamos, nós exiximos que se actúe con contundencia para evitar esta estafa, este espolio e este abuso.

E propoñemos catro medidas concretas, eficaces e inmediatas que se teñen que adoptar xa, que deberían facer xa vostedes nesa suposta comisión de seguimento —que non serve para nada, polo que se ve—, pero que reclamamos que lle exixan esta Cámara e o Goberno galego ao Ministerio de Fomento: primeiro, abrir un expediente á concesionaria e sancionala por prestar un servizo pésimo, un servizo de terceira, mentres pagamos as peaxes máis caras do Estado; en segundo lugar, aprobar un protocolo no caso de retencións e de atascos que obrigue a levantar as barreiras cando haxa como mínimo unha retención dun quilómetro —por certo, como ocorre en moitas autoestradas do Estado—; en terceiro lugar, facer un estudo para rebaixar as peaxes nos treitos en obras, porque non é xusto, non é lóxico, que nos cobren o mesmo cando a autoestrada está en obras e cando non, porque non é o mesmo servizo e porque estamos nunha situación de risco circulando por esa autoestrada; e, en cuarto lugar, exixir á concesionaria a recuperación de todo o emprego perdido, fundamentalmente o do persoal das cabinas de peaxes, e que se fagan os reforzos necesarios nas datas onde acostuma haber máis tráfico e, polo tanto, máis atascos.

Polo tanto, o que lles pedimos é que defendan os intereses colectivos, non os intereses dunha empresa privada, que lle planten cara e que senten as bases para acabar co abuso das peaxes e o maltrato que sufrimos as persoas que utilizamos a AP-9.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Pediríalle, se non lle importa —eu entendo o seu cabreo— pero que substituíse a palabra [...] por outra palabra, para que non aparecese no *Diario de Sesións*, porque creo que afecta o decoro desta Cámara.

Así que pasamos ás intervencións dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUNAGO: Grazas, señor presidente.

Señorías, como ben dicía o señor Bará, moito temos debatido sobre a AP-9 nos últimos meses. E parece lóxico, porque dá mostra da importancia que ten esta vía no conxunto das comunicacións por estrada da nosa comunidade. Consecuentemente, garantir un adecuado servizo e funcionamento da AP-9 resulta fundamental para facilitar unha axeitada mobilidade da cidadanía galega.

Indica o BNG que se están a producir retencións e atascos na AP-9, circunstancia que ao noso entender cómpre seguir con atención para exixir a quen ten a responsabilidade da súa xestión e a quen ostenta a competencia sobre esta vía as medidas que sexan necesarias para evitar que se produzan estes problemas, ou para minimizar o seu impacto no caso de que puntualmente poidan ser inevitables.

Señorías, nós compartimos a súa preocupación, e por iso o Goberno galego xa exixiu ao Goberno do Estado e á concesionaria da autoestrada que tomaran as medidas necesarias para corrixir as eivas de servizo que afectan os usuarios. Fíxoo no pasado, e hoxe, como grupo parlamentario, queremos voltar facelo. E seguiremolo facendo no futuro en tanto non se corrixan eses problemas, independentemente, por certo, das cifras de beneficios ou perdas que presenta a concesionaria. Pero, en calquera deses tempos, ímolo facer con escrupulosa atención á legalidade e fóra das consideracións, prexuizos ou particulares teimas coas que vostedes pretenden criminalizar o beneficio empresarial de forma recorrente, abundando así nesa visión —se mo permite— pueril dunha sociedade dividida en bos e malos.

Señoría, non lle corresponde a esta Cámara valorar a conta de beneficios de ningunha empresa privada, nin as retribucións dos seus directivos. E se o que pretenden con este relato é estender unha vez máis a sombra dunha inexistente confabulación das elites en contra dos intereses do pobo galego, escravo e ignorante segundo algúns, e ao que é necesario rescatar permanentemente das decisións que democrática, libre e teimudamente adopta nas urnas, pois resulta evidente que non poderemos coincidir. Se, por contra, o que se pretende é defender os intereses dos usuarios, vixiando o cumprimento das condicións da concesión, pois poderán contar co apoio da maioría. E para iso debe establecerse cal é a orixe dos atascos e retencións que se están sufrindo na AP-9, pois resulta imprescindible para determinar a responsabilidade legal de quen corresponda, conforme a dereito, da mesma maneira que resulta imprescindible para adoptar as medidas correctoras necesarias.

Polo tanto, non nos vai tremer a man á hora de exixir medidas correctoras ou sancionadoras, pero parece razoable que se determine previamente cal é a orixe e quen son os responsables do problema que xustifica esta petición. Así o solicitamos na emenda rexistrada polo Grupo Parlamentario Popular, que plantexa requirir, primeiro, que se tomen as medidas necesarias para solventar ou minimizar atascos e retencións; segundo, que se garanta o cumprimento das condicións da concesión, especialmente no referido á calidade de servizo en materia de persoal; e, terceiro —iso si—, investigar a actuación da concesionaria en relación coa calidade do servizo como paso previo á posible adopción de medidas correctoras e/ou sancionadoras —o normal e razoable nun Estado de dereito—.

O que non parece razoable, señoría, é queixarse permanentemente dos problemas de saturación dunha vía e ao mesmo tempo opoñerse de maneira sistemática a calquera das solucións de carácter estrutural que se plantexan para resolver. Señor Bará, vostedes opuxéronse á construción da AP-9, opuxéronse a solicitar o seu traspaso ao Goberno galego, opuxéronse á ampliación que aprobou o Goberno socialista, coa que nós tampouco coincidíamos, opuxéronse á construción dunha vía alternativa gratuíta, e téñense oposto á práctica totalidade das actuacións que se desenvolveron en Galicia en materia de vías de alta capacidade. De feito, hoxe mesmo exixen vostedes melloras pero ao mesmo tempo tamén se opoñen e non están dispostos a asumir as consecuencias de realizar as obras inherentes a esas melloras. En fin, o de sempre, primeiro é «non a todo», e despois, posteriormente, «todo o queremos agora», «todo o queremos xa».

Nós tentamos ser máis coherentes, e por iso imos seguir insistindo na necesidade de que se fiscalice axeitadamente o cumprimento das obrigas da concesionaria, da mesma forma que seguimos considerando que esa fiscalización sería máis efectiva se se producise a transferencia da autoestrada ao Goberno galego. Así o temos manifestado, así o votamos nesta Cámara e así o imos seguir defendendo, sen facer hoxe unha cousa e mañá solicitar a contraria, sen demagogias, sen promesas de imposible cumprimento, que para iso xa están outros.

Porque a todos nos gustaría unha baixada de peaxes xeneralizada na AP-9, e incluso a supresión total, tan pregoadada polo BNG. Pero o certo é que plantexar esa posibilidade como un obxectivo alcanzable no curto prazo, e vinculalo directamente coa transferencia da autoestrada, é simplemente un flagrante intento de enganar os galegos, no que nós non imos participar.

Iso si, señorías, eu creo que en materia de peaxes cómpre recordar que foi un goberno do Partido Popular cunha ministra galega á fronte do Ministerio de Fomento o que mantivo negociacións que supuxeron a gratuidade para os usuarios habituais da peaxe na volta do tramo Vigo-Pontevedra, Pontevedra-Vigo, o máis caro que existía na AP-9. E oxalá que consigamos novas vantaxes en materia de peaxes.

¡Que diferenza, señoría, coa herdanza do goberno do señor Zapatero!, ese que acordou vinte anos de suba consecutiva de peaxes, a razón do 1 % anual, no derradeiro consello de ministros daquel goberno progresista, 48 horas antes das eleccións xerais, ocultando á cidadanía as vergonzantes condicións do real decreto asinado por outro galego, o ministro socialista don José Blanco...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...real decreto que, por certo, non contemplaba ningunha cláusula de sanción por atascos.

Xa vou rematando, señor presidente.

Pero, claro, aí os señores do BNG non albiscaban escuros intereses. E, se o fan, en calquera caso non lles impide chegar a acordos de goberno cos defensores dos intereses da elite, que os socialistas para vostedes —e xa o sabemos— só son casta española durante as elec-

cións. Se despois teñen que facer unha obra á maior gloria de don Abel Caballero, preboste maior dos socialistas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e recentemente desterrado do paraíso da ortodoxia neosocialista, pois esquecen as afrentas ao pobo galego e *pelillos a la mar*, que o importante é que non governe o Partido Popular.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Eu espero que hoxe manteñamos todas posturas máis coherentes que estas que acabo de relatar. Poñamos un pouco de sentido común nesta cuestión, e enviemos unha mensaxe na defensa dos intereses dos usuarios da AP-9.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas pola súa intervención.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos.

Novamente estamos a falar da autoestrada AP-9, da autoestrada receptora e distribuidora da maior densidade de tráfico de Galicia, da autoestrada que conecta cinco das grandes cidades de Galicia, Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, da autoestrada que canaliza e dá soporte ao intenso tráfico viario de cidades, vilas e pobos da franxa atlántica, onde reside ao redor do 60 % da poboación galega e onde ten lugar ao redor do 70 % da actividade económica de Galicia. A AP-9 ten un papel decisivo na integración e articulación do sistema urbano galego, impulsando a mobilidade e ordenando e xerarquizando os sistemas de comunicación viarias. Resulta ser unha arteria imprescindible de conexión e articulación do noso territorio, unha infraestrutura estratéxica e vital para Galicia, así como un instrumento fundamental de vertebración económica e social.

A AP-9 foi e será motivo permanente de debate nesta Cámara, en consonancia coa súa relevancia, unha relevancia identificada e recoñecible na vocación de ser unha permanente oportunidade de crecemento para Galicia. Hoxe segue a ser imprescindible, máis non cumpre ese papel, e debería exercer plenamente ese rol para poñela ao servizo dos galegos e das galegas e non ao servizo doutros intereses a custa dos galegos e das galegas.

Ese papel de xerar un valor engadido cuxos beneficiarios deberían ser os usuarios mudou de receptores por decisións políticas do Goberno popular. A percepción social é que esa oportunidade para Galicia que representa a AP-9 mudou, por decisións políticas, nunha oportuni-

dade exclusivamente económica para a concesionaria. Cada ano que pasa deixa de ser un valor engadido para a sociedade e para a economía dos galegos e das galegas, e estase a converter nunha carga inasumible para as familias e empresas; cargas que impón a xestión actual da AP-9 para engordar os seus beneficios coa complicidade dos gobernos estatal e galego do Partido Popular. Por iso debatemos tantas iniciativas sobre a autoestrada do Atlántico nesta Cámara, para que deixe de ser unha carga para o tecido social e empresarial galego e se converta nun incentivo e nunha oportunidade de crecemento. Por iso debatemos sobre as permanentes subas das peaxes, sobre a suba do IVE nas tarifas, sobre os diferentes prezos nos distintos tramos —soamente identificados por afán recadatorio—, sobre a ausencia de bonificacións tarifarias, tamén sobre a manifesta insuficiencia da conservación da AP-9, sobre os recortes do persoal nas tarefas de mantemento, sobre a redución de persoal nas cabinas de atención aos clientes, sobre a nula reversión de beneficios na propia rede, sobre os escandalosos beneficios da concesionaria. Debatemos nesta Cámara sobre a AP-9 porque somos conscientes da súa importancia e porque é preciso rachar con ese modelo de xestión no que as galegas e galegos sempre perdemos —perdemos competitividade, sobre todo— e a concesionaria sempre gaña. E gaña cada vez máis subindo os custos e reducindo os servizos.

A iniciativa do Bloque Nacionalista Galego que estamos a debater tamén se debate ano tras ano en torno a estas datas e resulta esclarecedora da conivencia dos gobernos populares de España e Galicia coa forma de actuar da concesionaria. Non é asumible nin admisible que ante o con sabido aumento de desprazamentos con orixe ou destino no ámbito da AP-9 como consecuencia do período vacacional e estival, a concesionaria non teña activadas medidas de prevención e mesmo mecanismos de compensación para os usuarios e vítimas dos atascos e retencións. Con iso só amosa o seu afán recadatorio e a súa indiferenza co servizo que presta, e mesmo o desprezo aos usuarios, como nalgún momento recoñeceu o anterior conselleiro de Infraestruturas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Cremos que se deben tomar medidas contundentes e por iso imos apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

O señor Pazos fala da xestión e da responsabilidade da AP-9 coma se non fose con eles. Quen goberna no Estado son vostedes, quen xestiona Fomento son vostedes. É o Partido Popular quen está xestionando. Isto mándase a onde corresponde, e son vostedes aos que corresponde. Son vostedes os que regalaron a prezo de amigo a concesión a Audasa da AP-9; ou sexa, que algún tipo de responsabilidade terán, non veña aquí botar balóns fóra.

E hai outra cuestión que tamén comentou o señor Pazos: que lle preocupa que nos fixemos nos indecentes beneficios de Audasa porque é unha empresa privada. ¡Home!, se unha empresa privada está gañando 1 de cada 3 euros que estamos deixando nas peaxes, evidentemente que nos preocupa e que nos parece unha indecencia. E non entendemos como a vostede non lle parece unha indecencia e quere que non nos preocupemos dos beneficios que está obtendo con este ben público.

Bueno, a nosa posición respecto da AP-9 é ben coñecida. Se de En Marea dependese, a autoestrada sería recuperada polo sector público e posta ao servizo da cidadanía. Estaría posta ao servizo dos intereses de Galicia e do seu desenvolvemento económico e social e non ao servizo do desenvolvemento económico de fondos de investimento das oligarquías, o que ao señor Pazos lle parece moi ben.

Hoxe hai un artigo en *La Voz de Galicia* do deputado Manuel Lago —que lles recomendo que o lean— onde hai unha estimación do que custaría o rescate. Dende logo que se achega moito máis que a burla que presentaron vostedes no Estado para defender os intereses de Audasa. Recomendolles a súa lectura.

Neste momento a situación non é a que nos gustaría con respecto á AP-9, porque non depende de nós. A xestión da AP-9 está en mans dunha empresa que está obtendo uns grandes beneficios e ofrecendo un servizo deficiente. Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa, porque entendemos que, na actual situación, coa AP-9 privatizada e sendo obxecto de negocio para un grupo empresarial que ademais obtén plusvalías indecentes, as medidas que se propoñen nesta PNL son de sentido común, son medidas que penso que podemos dicir, sen medo a trabucarnos, que a maioría da cidadanía entendería que son medidas lóxicas.

É unha empresa que está a explotar un ben público e que gaña 1 de cada 3 euros que pagamos nas cabinas de peaxes, que reparte un cen por cento dos seus beneficios entre os accionistas mentres despide persoal e non dá o servizo que se lle debería exixir. Xa temos falado das grandes plusvalías de Audasa coa explotación da concesión da AP-9, onde os prezos das peaxes supoñen unha estafa e son un impedimento para o bo desenvolvemento social e económico de Galicia. Entre o 2011 e o 2015, o beneficio neto despois de impostos de Audasa foi de 186 millóns de euros —a nós preocúpanos, señor Pazos—, que dedicou integramente a retribuír os seus accionistas; nada para mellorar o servizo, nada para manter os postos de traballo. Os datos non deixan lugar a ningunha dúbida. Coa concesión da AP-9 gañan as oligarquías e perde a cidadanía, outro saqueo do público que ten como orixe unha privatización feita polo Partido Popular. Un goberno coa vista posta no ben común nunca tería concedido a prezo de amigo a xestión da AP-9 sen exixencias. Os mesmos que lle din á cidadanía que teñen que apertar o cinto para pagar os desfases do sistema financeiro dan todo tipo de facilidades aos que se enriqueceron coas prácticas que nos levaron á crise financeira.

Parece de sentido común que, se unha empresa explota un ben público e non dá un servizo de calidade á cidadanía, se poñan en marcha mecanismos para mellorar os ditos servizos. Nese senso, os catro puntos propostos van nesta dirección e coido que a gran maioría da cidadanía estaría de acordo na súa execución. E como o labor dun goberno é gobernar para a

ciudadanía, deberían ser asumidos sen escusas de mal pagador como as emendas que hoxe trae o Partido Popular.

A apertura de expediente sancionador polo mal servizo que está a prestar Audasa é unha cuestión que xa tiña que saír do propio Executivo e non ser traído aquí por ningún grupo da oposición. A aprobación dun protocolo para levantar as barreiras cando hai atascos de máis dun quilómetro ten un dobre beneficio para a cidadanía: por unha parte, dar máis fluidez á circulación e aliviar a circulación; e, por outra banda, ofrecer unha contraprestación en forma de aforro económico aos usuarios polos contratempos. Sobre a recuperación dos postos de traballo nas cabinas de peaxe, nós consideramos moi negativo que, para o bo funcionamento da economía real, da que depende o bo funcionamento da sociedade, se despida persoal cando hai grandes beneficios, cando unha empresa está obtendo grandes beneficios; pero parécenos unha indecencia cando se trata dunha concesionaria que está explotando un ben público. E o caso que trae esta PNL demostra que os despedimentos que se fixeron de persoal supoñen unha merma clara no servizo e, polo tanto, deben ser recuperados. E, por último, está a baixada das peaxes nos treitos en obras como contraprestación das molestias causadas. Se ao Partido Popular lle parece ben —porque xa o debatemos neste Pleno e parécelles ben— que, unha vez rematadas as obras, as peaxes suban porque hai unha mellora do servizo, da mesma maneira e co mesmo criterio debería parecerlle ben que, cando hai unha merma de servizo, tamén se baixen as peaxes. Cando gaña a empresa parécelles ben, pero cando gaña a cidadanía a vostedes non lles parece ben.

Temos que preguntarnos por que se firmou unha concesión na que se garante o beneficio da concesionaria e non se garante o servizo de calidade nin que se manteñan os postos de traballo cando as ditas concesións supoñen suculentos beneficios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: Remato xa.

Señores e señoras do Partido Popular, o que xera dúbidas na cidadanía e destrúe as institucións son as corruptelas como a da AP-9.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra, por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: En primeiro lugar, quería facer unha aclaración a respecto da queixa lingüística do señor presidente e tamén do Partido Popular. Cónstame que a señora Paula Prado fixo unha consulta de última hora á RAE, e quero aclarar —porque son vostedes así moi delicados, teñen a pel moi fina— que non me refería á actividade sexual dos équidos cando utilicei a palabra [...] *(Por orde do presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)*, referíame concretamente ao sen-

tido figurado que ten esa palabra, que é equivalente a «pelotas», o que lle fai o traballo sucio ao superior —ao xefe ou á xefa—. E eu creo que representa moi ben a submisión e a vasalaxe con que actúan vostedes nesta cuestión da AP-9 e en moitas outras respecto do Goberno central. *(Aplausos.)* Nese sentido utilizaba esta palabra, que me parece que é unha palabra, en todo caso, habitual na linguaxe política... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, señor Bará. Grazas pola súa aclaración. *(Murmurios.)* É o sentido que ten, pero eu pedinlle que a retirara. Supoño que a retira... *(Murmurios.)* porque, se non a retira, entón terei que chamalo á orde e retirala eu.

Grazas de todos os xeitos pola aclaración que fixo. *(Murmurios.)*

O señor BARÁ TORRES: Vale.

Ben, respecto da intervención do Partido Popular, isto de seguir con atención, bueno, sóanos un pouco así..., superfluo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Se a retiro?

Non, eu creo que é unha palabra que está utilizada nese sentido figurado que ten a lingua *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, que é un instrumento de comunicación que é rico, é diverso. E débese entender nese... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Bueno, ¡por favor!... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois entón non pasa nada. Eu pido a retirada do *Diario de Sesións* e téño que chamar á orde. *(Murmurios.)*

Prosigamos co debate, por favor.

Prosiga, señor Bará.

Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: Isto é incualificable, a delicadeza do Partido Popular... ¡En fin! *(Murmurios.)*

Con respecto á cuestión e á argumentación do señor Pazos, que sigan con atención o asunto non nos vale. E, ademais, a vostedes preocúpalles que nós denunciemos a conta de beneficios da empresa, os beneficios millonarios, o espolio que están facendo cada día coa AP-9 e, ademais, que defendamos un bo servizo na AP-9. Eu creo que as dúas cuestións son necesarias, denunciar o espolio e pedir unha mellora dos servizos.

E, desde logo, con respecto ás súas emendas, non hai ningún problema en aceptalas sempre e cando sexan emendas de engádegas a estas catro propostas que nos parecen absolutamente razoables, necesarias e legais que fai o BNG. E pedímoslles que as apoiem, porque á fin de contas estamos pedindo que se abra un expediente, que se sancione por este mal funcionamento da autoestrada, que se aprobe un protocolo de actuación, que se estude baixar as peaxes nos treitos en obras, que se exixa á concesionaria a recuperación do emprego e, sobre todo, o reforzo do persoal das peaxes. Paréceme algo absolutamente razoable; polo tanto, apoiem isto. E non hai ningún problema en que lle sumemos tamén as súas tres medidas.

Polo tanto, creo que é un papelón o que veñen facer aquí, que é unha desfachatez e un descaro. E, ademais, que acusen os partidos da oposición e ao BNG de estar en contra da transferencia da AP-9 cando a levamos defendendo anos, anos e anos, e cando vostedes acaban de vetala en Madrid, (*Murmurios.*) cando acaban de vetar vostedes a tramitación da lei aprobada..., (*Murmurios.*) ¡Como teñen o descaro e a desfachatez de dicir isto! ¡Como se atreven a dicir isto! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, o BNG ao que se opón é á estafa, ao abuso, ao espolio da AP-9; ao espolio, á estafa e ao abuso das peaxes abusivas e do mal servizo que presta a concesionaria. E vostedes deberían facer o mesmo e decidir de que lado están, se están do lado dos poderosos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...do lado da empresa, do lado das empresas amigas, ou se están do lado da xente e en defensa dos intereses colectivos. Decidan vostedes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, respecto da emenda que presentaron non lle entendín como era.

O señor BARÁ TORRES: Si, que, se apoian as catro medidas que propón o BNG, non temos ningún problema en sumarlles as tres do Partido Popular como emendas de engádegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale, moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa elaboración do novo Mapa de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Luís Bará Torres; e por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do señor Fernández Fernández.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento galego:

1. Acorda a constitución dunha Comisión especial de estudo, ao amparo do Artigo 50 do Regulamento, para a elaboración participativa dunha proposta de Plan de Transporte Público de Galiza, que estea ao tanto da evolución dos traballos de elaboración do Plan, con comparecencias de representantes de concellos, empresas do sector, asociacións sociais, e técnicos e que, finalmente, aprobe un ditame antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza polo Consello da Xunta.

2. Insta á Xunta de Galiza a:

2.1) Que se abra un período de exposición de 30 días, do Mapa de Transporte Público correspondente á primeira fase de planificación onde se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte, coa exposición pública dos 42 anteproxectos de explotación, co obxectivo de que se poidan presentar alegacións.

2.2) Que se modifique a composición da Comisión de Coordinación creada para a supervisión da integración dos diferentes servizos de transporte, prevista na Lei 2/2017, incorporando 2 representantes de concellos, e 2 de ANPAS.

2.3) Que remita, una vez elaborado, o Plan de Transporte Público de Galiza para que o Parlamento galego se pronuncie segundo o previsto no artigo 142 do Regulamento.

2.4) Que abra unha mesa de diálogo estable cos concellos.

2.5) Que estableza un plan dialogado cos concellos para a utilización da agrupación de municipios, como contempla a Lei 10/2016, para a xestión consorciada do transporte mediante entidades supra-municipais, como escala máis axeitada para facelo.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir catro novos puntos:

“3. Crear unha mesa de diálogo e participación institucional coa implicación da administración autonómica, as deputacións provinciais e os concellos.

4. Constituír unha mesa de diálogo e participación social na que teñan cabida cando menos

- *As asociacións representativas das empresas do sector*
- *As organizacións sindicais representativas de traballadores e traballadoras do sector*
- *As entidades representativas das asociacións veciñais e de consumo*
- *As ANPAS e outras entidades representativas da comunidade escolar*

5. Debater e aprobar no parlamento a proposta de Plan de Transporte Público, unha vez sometido a un amplo proceso de debate e participación social e institucional

6. Paralizar entanto a chamada primeira fase do Plan e a suspensión da tramitación dos corenta e dous anteproxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Establecer un marco de diálogo e colaboración estable que favoreza a participación dos concellos galegos durante todo o proceso de realización dos traballos de planificación do novo mapa de transportes por estrada co obxectivo de que os novos servizos a implantar respondan con maior eficacia ás necesidades reais da cidadanía.

1.1. Que se abra un período de exposición suficiente do novo mapa de transporte público, correspondente á primeira fase de planificación; coa posibilidade de presentar alegacións por parte dos axentes implicados.

1.2. Que se modifique a composición da Comisión de Coordinación creada para a supervisión da integración dos diferentes servizos de transporte, prevista na Lei 2/2017, incorporando representantes dos concellos e das ANPAS.

1.3. Que se remita á Cámara galega, o Plan de Transporte Público de Galicia, para o seu coñecemento e debate.

2. Solicitar unha participación activa das deputacións provinciais na definición do novo mapa de servizos que está a ser obxecto de planificación por parte da Xunta de Galicia, e demandar a súa implicación técnica de cara a un posible reforzamento e mellora dos servizos de transporte público por estrada.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Galicia e o Goberno galego atópanse neste momento nunha completa transformación do transporte público por estrada co obxectivo de incrementar a calidade do servizo e ofrecer unha maior cobertura territorial, especialmente no rural. Este inxente e transcendente traballo faise co obxectivo claro de que os cidadáns dispoñan dun transporte público competitivo, eficiente e útil e responda ás súas demandas e necesidades. Este transporte público deséñase para garantir, e vai garantir e garantirá, a igualdade de oportunidades a todos os cidadáns, independentemente do territorio onde vivan, favorecendo a integración, a accesibilidade e o desenvolvemento de todo o territorio, especialmente das zonas rurais. Falamos de lexislatura do rural e de igualdade de oportunidades, e creo que esta transformación do transporte irá e traballará na liña de ampliar e igualar as oportunidades de todos os cidadáns independentemente do territorio.

Evidentemente, como xa se falou tamén nesta Cámara, dada a ocupación territorial histórica e tradicional en Galicia e a súa dispersión, non é un tema fácil, é un tema difícil. O que nos pon un problema máis complicado que noutras comunidades autónomas, pero, evidentemente, é necesario abordar coas súas particularidades. Polo tanto, este reto de reordenar completamente o servizo público e implantar estas novas prestacións incorporará tamén novos servizos, como o transporte baixo demanda, que entendemos que pode axudar neste obxectivo.

Falabamos onte dunha moción e acusábasenos de que se anunciaban só desexos. Eu diría que non son desexos, son feitos tamén; son feitos claros que a proposta é esa tarifa comarcal de 40 euros, son feitos concretos que nas provincias de Lugo e de Ourense se triplica e duplica o número de paradas, ou que as liñas se incrementan en case todos os casos que se plantean, duplicando ese número de paradas. Polo tanto, estamos falando de concreción e de melloras especialmente para este mundo rural nesta primeira fase.

Escoitabamos tamén na interpelación do outro día, na moción de onte e na Comisión 2ª moitas críticas da oposición, moitas críticas dicindo que se fora pouco dilixente, e eu creo que é xusto todo o contrario. Gústalles, e levámolo escoitado varias veces, empezar a historia no ano 2009. A historia neste tema empezou antes do 2009. É verdade que non lles gusta aos señores do Bipartito recordar que desde o 2007 ao 2009 gobernaban en Galicia e que o regulamento comunitario se aprobou no 2007, e xa se sabía que a finais do 2009 había que ter preparado un novo transporte. Non foi así e o Goberno galego, o goberno do Partido Popular, tivo que facer en seis meses unha lei que permitise neste tempo récord garantir non só ese transporte para as zonas rurais senón tamén os postos de traballo, os case cinco mil postos de traballo, que este sector ocupa en Galicia.

E despois dicían: claro, ¿que se fixo nestes anos ata unha nova sentenza no 2016? Pois, miren, durante todos eses anos traballouse cuns servizos, cunhas redes, cuns contratos que tiñan uns prazos que había que respectar cunhas concesións vixentes, fóronse mellorando e non se puido facer un cambio de máis calado porque existían esas realidades de contratos a cumprir vixentes.

Agora, coa oportunidade e coa condición desta sentenza, si é posible facer unha transformación de máis calado. Unha transformación que ademais tamén se volve facer cunha lei

traballando con dilixencia e planificando ata o 2019, que será cando ao final do 2019 teña que estar funcionando este novo sistema de transporte, aínda que o plan —como dicíamos onte— ten que estar aprobado en vinte e un meses, a mediados do 2018.

En calquera caso, o obxectivo clarísimo da consellería, e por iso tamén en relación con algunhas das emendas, é que este agosto non quede o rural sen eses servizos e que os traballadores que están neste sector manteñan os seus postos de traballo e non queden ou non se incorporen ao paro.

Temos que garantir ese nivel de calidade. E ademais estase traballando xa e empézanse a aprobar algunhas novidades, como é a integración dos transportes escolares irregulares. É esta primeira fase piloto a que permitirá testar algúns temas cara á segunda fase, pois incorporará as rutas irregulares de prestación continua, as regulares previamente establecidas en función de días e horas, que si xa se coñece a demanda, uns novos sistemas de reserva do servizo feita con anterioridade, e sempre utilizando ademais novos ou a totalidade dos servizos ou modos de transporte, que permite autocares, microbuses, taxis ou o propio transporte escolar como falabamos.

Polo tanto, planificación, folla de ruta trazada, cronograma definido, para reordenar e modernizar o transporte de pasaxeiros, unha vez que unha sentenza permite facer esa transformación máis ambiciosa de como se viña traballando en melloras puntuais sobre contratos e concesións vixentes.

Pero este non é un traballo só do Goberno, nin só dos axentes sociais e das empresas. Por iso presentamos esta proposición non de lei, porque cremos que debe ser un esforzo e un traballo de todos. E cando dicimos de todos tamén dicimos das outras administracións, dicimos tamén que se inste as deputacións provinciais a que boten unha man, a que colaboren non só na súa implementación e planificación, senón tamén colaborando no mantemento do servizo, que pode ser —falaban vostedes— unha nova organización administrativa ou territorial. Existe unha administración territorial que pode traballar en ámbitos máis pequenos e que ten capacidade para botar unha man, para colaborar, e pode ser un axente clave para este novo transporte en Galicia. Por iso presentamos esta proposición.

Por outra banda, xa na primeira fase, foi amplo o diálogo, a participación e a colaboración dos concellos. Neste sentido, recordabamos onte esas catorce reunións cos concellos das zonas, que se enviaron enquisas a 279 municipios, dos que contestaron 169, máis do 60 % deles. E nesta segunda fase entendemos que non só hai que manter este diálogo, esta colaboración, esta participación cos concellos, que son —como sempre dicimos— as administracións que están máis preto do cidadán e que mellor coñecen as súas demandas e necesidades e que mellor poden recoller tamén ese labor que fixo a consellería con enquisas a pé da rúa, pero que, evidentemente, os concellos poden recoller gran parte desa información.

E por iso nesta proposición de lei propoñemos que na segunda fase se estableza un marco de diálogo estable e permanente cos concellos galegos para nesta liña poder seguir traballando e mellorando, independentemente de que tanto os concellos como as asociacións, os colectivos, os propios grupos parlamentarios poidan facer as consideracións oportunas den-

tro das canles que a Xunta ten establecidas, dos procesos públicos de participación e, evidentemente, de alegacións. Pero entendemos que é posible darlles un papel protagonista a estes concellos nesta segunda fase e ir contrastando como se fai a implementación da primeira fase, vendo os resultados, vendo as posibilidades de mellora. E dentro desta segunda fase darlles un marco estable aos concellos e ás deputacións, que poidan participar máis activamente ou dun xeito máis estable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Fernández Prado, teño que confesarlle que me resulta moi difícil clasificar esta proposición; desde logo, non é modelo botafumeiro, non é tampouco estilo baño e masaxe. Porque eu creo que realmente, aínda que non o confesen, vostedes están preocupados pola revolta que está habendo no sector, porque non hai que ocultar que moitas das empresas que tiñan todas as concesións digamos que eran empresas próximas ao Partido Popular de moitos concellos do rural e que agora se senten traizoadas por este golpe que lles acaba de asestar a consellería.

Esta podería ser unha moción de contraprogramación que chega un pouco tarde. Claro, como a oposición meteu distintas iniciativas estes días no Parlamento, pois vostedes presentan agora esta iniciativa para instar o Goberno. Ben, tiveron tempo para instar o Goberno xa nestes meses para que tomase esas medidas e esas iniciativas de diálogo cos concellos e coas deputacións, porque non houbo ese diálogo cos concellos e as deputacións. Non é diálogo chamalos a unha reunión para informar de que van facer algo e despois plantificar no DOG o resultado dese traballo sen negociar previamente coas partes afectadas. Iso non é diálogo, non é participación e non é acordo; iso é imposición —non se lle pode chamar doutra maneira—; iso é a técnica de Juan Palomo, ¿non?; iso é o que fan vostedes con este tema do Plan do transporte público de Galiza.

Para entendernos, con esta primeira fase, porque isto non é o plan, isto é unha primeira fase, na que non houbo participación nin información e transparencia. E nós, desde logo, non imos axudar a perpetrar esta desfeita, este cambalache que ten tan graves consecuencias. Vostedes encargáronlles os seis estudos das zonas a unha serie de empresas —por certo, empresas foráneas— que cobraron por iso ou que van cobrar por iso 800.000 euros; 800.000 euros por uns estudos zonais que son un auténtico desastre, que teñen numerosos erros, como lle van demostrar agora coas alegacións os concellos, as empresas e todas as partes afectadas. Fixeron unhas reunións e en tres ou catro meses resulta que presentan unha proposta que —xa lle digo— non a negociaron, non a consensuaron. Polo tanto, non nos vale ese sistema. E agora publícan o 30 de maio e poñen un prazo de dez días naturais para que se presenten achegas, para que se presenten alegacións. ¿Isto é participación?, ¿isto é diálogo?

Vostedes están falando na moción de diálogo para o plan que se vai implantar no 2019. Desde logo, para iso hai moito tempo. Nós estámolles falando desta fase, desta primeira fase, que están vostedes impoñendo e que está creando moitísima alarma e moitísima indignación, porque ten moi graves consecuencias. Ademais, porque supón pequenos cambios, escasos cambios con respecto á realidade actual. O único cambio é a integración do transporte escolar e o transporte regular. Por certo, que xa existía, que se xa estaba facendo, xa se está facendo nalgúñas comarcas de xeito experimental desde o ano 2007, implantado por aquel famoso e deostado por vostedes Goberno bipartito, e resulta que agora lle collen a idea. O que pasa é que neses sitios onde se estableceu é gratis e vostedes vanlles cobrar uns corenta euros ás persoas usuarias por utilizar xa as liñas que xa se tiñan que utilizar no transporte escolar. Pois ben, ten moi poucos cambios e ten moi graves consecuencias, moitos danos colaterais, tanto no emprego como para empresas, sobre todo empresas que prestan o seu servizo e que están radicadas e que crean emprego no rural.

A nós, desde logo, xéranos moitas dúbidas este sistema, esta proposta, pola anulación —como lle dixemos onte— unilateral dos contratos do transporte escolar, que vai ter consecuencias, vai ter reclamacións, vai ter recursos, vai ter indemnizacións, polo tema da subrogación das persoas que traballan nos actuais contratos, polo tema que está sen resolver das renuncias ás concesións —vostedes aínda non resolveron as renuncias a esas case seiscentas liñas que presentaron as empresas— e polo feito de que son contratos por dous anos que lles crean moitísimas dificultades ás pequenas empresas para competir. Porque ¿como van facer investimentos para un contrato de dous anos as pequenas empresas? Iso está pensado para certas empresas e isto xéranos moitas dúbidas e moitas sospeitas cando hai tamén altos cargos da consellería que están agora traballando para unha das federacións das empresas.

Nós pensamos que o que preparan aquí é un pelotazo, que ten o mesmo patrón ademais que ese macroconcurso das ambulancias de 121 millóns de euros, que xa sabemos como acabou, cunha grande empresa do sector con participación de fondos de investimento e un ex tamén alto cargo do Partido Popular dirixindo ese negocio. Polo tanto, vaise a unha concentración, a un monopolio de grandes empresas no ámbito tamén do transporte, destruindo todo ese tecido empresarial e todo ese emprego que se xeraba no rural. Fálase da perda de mil postos de traballo, e non só iso senón a precariedade para o traballo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: A conselleira di que está perplexa. A conselleira ante esta reacción e resposta do sector di que está perplexa. Quen está perplexo, quen está indignado, quen está en pé de guerra é o sector polas graves consecuencias que vai ter isto. E os sindicatos xa lle convocaron a folga a partir do próximo 20 de xuño.

Polo tanto, o BNG si que está disposto a establecer unha vía de diálogo e de acordo nesta cuestión. Pensamos que o actual sistema é obsoleto, que hai que cambialo, pero temos que facelo con tempo, con calma, con debate...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...con participación e con consenso. Por iso facemos unha serie de emendas para que este tema se trate con calma. Pensamos que a data de agosto non é unha data límite, que podemos ter máis marxe de tempo para realmente cambiar o modelo, para integrar o transporte, para contemplar tamén o transporte ferroviario e outras modalidades de mobilidade natural...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e enriquecer e mellorar esta proposta, que nos parece claramente insuficiente e moi prexudicial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Bos días novamente a todas e a todos.

Quero, en primeiro lugar, en nome do Grupo Socialista darlles a benvida aos alumnos e alumnas do colexio de Laxe que nos acompañan neste pleno que ten lugar nesta Cámara.

Señor Fernández Prado, vou explicarllo en linguaxe do rural. Mire: vostedes, durante sete anos, deixaron de traballar a horta —en símil co transporte— e deixárona a monte. E agora pretenden nuns meses, sen traballar a terra, sen abonala, sen facer plantación nin sementar, sen regar nin coidala, recoller o froito. E ademais presumen de que van ter unha boa colleita. Mire, calquera do pobo lle diría que están instalados na absoluta irrealidade do que sucede.

O pasado 24 compareceu nesta mesma Cámara a señora conselleira para ser interpelada sobre a elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia. Na súa primeira intervención, tamén no turno de réplica, insistiu en varias ocasións de forma reiterada sobre algunhas cuestións que merece a pena resaltar e incluso aclarar. Dicía: estamos a facer un traballo intenso que ocupa moito tempo na consellería. Non resulta absolutamente certo; eu creo que nin se aproxima a unha mínima certeza. Só están a recuperar minimamente o traballo e tempo non dedicado ao transporte nos últimos sete anos. Nada máis que iso. O exemplo primeiro.

Tamén di que traballamos con moitos implicados. Asegúrolle que son moitos menos dos que querían implicarse, e foron vetados, comezando polos organismos e as institucións que deberían aportar informes se non os relegaran coa súa maioría ao contido do Plan de transporte público de Galicia á situación de anexo da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. Nese momento foron vetados e non aportan informes polas súas decisións. Con esa decisión tamén rexeitaron, sen escoitarnos, as aportacións dos grupos parlamentarios ao non debaterse nesta Cámara a propia lei.

Logo fixo un curioso recordatorio histórico: 2017, regulamento europeo; 2007, 2008 e 2009, o Bipartito non fixo nada; 2016, sentenza de anulación da prórroga das concesións. Este percorrido e as súas ausencias merecerían por si sós unha intervención que non me podo permitir polo tempo que teño. Algún día virá outra vez a esta Cámara. Só resaltar a ausencia da resolución de 2010 do seu goberno, motivo da sentenza do Tribunal Supremo, e o baleiro histórico entre o 2009 e 2010, gobernados polo Partido Popular, que —como dixeran— o traballo feito foi absolutamente nulo.

Continuou dicindo: «Reunímonos nun proceso participativo cos concellos, os sindicatos, as ANPA, as federacións de transporte, os usuarios...». Para na mesma intervención manifestar: «Informei do novo Mapa de liñas de transporte á Fegamp, aos concellos, ás ANPA, ás federacións de transporte», etc. Resulta chamativo e esclarecedor que na mesma intervención, cos mesmos protagonistas, a conselleira utilizara as expresións «reunímonos» e «informei», como se fora o mesmo, e non é o mesmo. Esa é unha mostra inequívoca de que non houbo diálogo, e dou fe ademais, son testemuña, de que o que prevaleceu foi un monólogo de ordeno e mando na vez dun diálogo.

Señor Fernández Prado, coincido polo que ten de aportación e recoñecemento da importancia do asunto que estamos a tratar co parágrafo cuarto da súa exposición de motivos, ao que dou lectura textual —e non me doen prendas—: «Dada a importancia deste proceso de ordenación e planificación do mapa de servizos do transporte, e tendo en conta a complexidade que supón adecuar e axustar os servizos ás necesidades reais dos cidadáns, resulta esencial a participación e a colaboración das administracións locais e provinciais en todo o proceso». Estou de acordo con ese argumento. Certo,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...necesaria e imprescindible a aportación e colaboración das administracións locais neste proceso, pero insuficiente. Vostede sabe perfectamente que a mobilidade debe ter o rango de cuestión de país, como sabe que o transporte ten outros actores imprescindibles tamén para aportar, para comprometerse e para ser cómplices.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Xa remato, señor presidente.

Soa ben a súa proposta de acordo: establecer un marco de diálogo e colaboración, solicitar unha participación activa. Pero excesivamente limitada e con corsés que o Grupo Socialista quere ampliar e descorsetar a través da emenda de modificación que presentamos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Xa remato, señor presidente.

Moita incerteza e interrogantes no conxunto do sector. A Consellería e o Goberno galego farían ben desde o noso punto de vista, tamén desde o punto de vista das galegas e galegos,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...en substituír o monólogo por diálogo e a imposición pola busca de acordo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Sáúdos tamén a quen nos escoita aí arriba no público.

Coa gripe que teño vou parecer Raúl Fernández outra vez falando.

Señor Fernández Prado, empezar a súa intervención dicindo que este plan vai permitir que se garanta aos cidadáns e ás cidadás galegas a igualdade de oportunidades independentemente de onde vivan, eu non sei se é para rir ou para chorar. Iso si, é estar fóra da realidade. Desde calquera ámbito ideolóxico que se vexa, dicir que este plan pode garantir a igualdade de oportunidades é rirse da xente, e se non vaia falar coa xente do rural a ver se lle di que ten as mesmas oportunidades. De feito, esa desigualdade de oportunidades, esa desigualdade de proporcionar servizos á cidadanía dependentemente de onde vivan, é o que causa o constante abandono, envellecemento de gran parte do país, do seu rural. É iso o que está causando que se vaia a xente, precisamente porque vostedes e as súas políticas non lle ofrecen igualdade de oportunidades. É ao revés.

Vostede fala de que o que dificulta isto é a histórica ocupación do terreo de Galicia. ¡É mentira!, non é histórica a ocupación de Galicia. É a evolución dos últimos trinta anos do 90 % do noso territorio o que dificulta poder facer un plan de transporte mínimo. E o que lles debería de preocupar é como rompemos ese círculo vicioso, porque, claro, hai menos xente nas aldeas, hai menos xente nas vilas, hai menos xente nova que poida utilizar o transporte público. E a solución é analizar, ben, pois recortamos en transporte público. Recortamos porque ao final pode que sexa a solución máis racional como fan vostedes a base de improvisación, pero non vai ser unha solución que reverta a evolución dos últimos anos do rural: menos poboación, non son rendibles os servizos, quitamos os servizos, menos posibilidade de que se fixe poboación. É o que levan facendo con todo vostedes: cos servizos públicos, co transporte público, co ferrocarril... con todo están mantendo ese mesmo cliché. É dicir: non vale a pena ter unha escola aberta porque ten só seis nenos, quitamos a escola; xa estamos dificultando que haxa máis nenos para que poidan funcionar as escolas.

¿Onde está o seu plan para reverter esta realidade?, ¿onde está? E non me fale de planificación. Tanta planificación fixeron que se se atrasa o período de exposición pública de dez días a trinta xa queda o rural sen servizos. ¡Vaia planificación que fixeron vostedes!

Por outra parte, quéixase das críticas por ser pouco dilixentes. E que é a realidade. Vostedes estiveron sete anos sen facer nada. Vostede, unha vez máis, bótalle a culpa ao Bipartito. Moi ben, pero vostede dixo que fixeron en seis meses a primeira lei, a Lei 5/2009. Fixeron en tres meses esta última lei, a Lei 10/2016, despois da sentenza de marzo, e en tres meses fixeron unha lei. E, en cambio, na primeira o que fixeron foi prorrogarlles por dez anos automaticamente ás empresas concesionarias, que foi o que anulou o Tribunal Supremo por incumprir o regulamento europeo. ¿Por que no fixeron cando chegaron en seis meses a lei que fixeron en xuño de 2016? ¿Por que non acometeron xa a renovación dun mapa que estaba desfasado? ¿Que fixeron durante sete anos máis que cambiar catro directores xerais e directoras xerais en catro anos? ¿É iso a mostra de que hai unha política coherente e unha liña de actuación do Goberno Popular en transporte? Non. Vostede sabe que nin sequera teñen medios humanos e capacidade humana dentro da Dirección Xeral de Mobilidade para facer política de mobilidade, non se preocuparon diso. Por iso tiveron que externalizar o traballo a unha empresa.

E por iso agora o único que estamos facendo é técnica e non política, porque a política sería facer este plan encardinado dentro doutras liñas para reverter o desequilibrio territorial deste país. E vostedes non, improvisan. Tanto improvisan que cando me contesta a min polo da ordenación do territorio me di que a solución do século XXI son as deputacións provinciais. E, de repente, o Partido Popular, cando xa están en exposición pública os anteproxectos, trae aquí unha iniciativa para crear un marco de diálogo cos concellos. E vén presumir de que catorce xuntanzas cos concellos —teño aquí apuntado o que dixo vostede— e unhas enquisas ás cales contestaron o 60 % dos concellos, iso é un proceso participativo. ¿Onde está o proceso participativo, señor Fernández Prado? Están improvisando constantemente.

Porque vostedes están preocupados de arranxar os negocios coas empresas, nada máis. E xa veremos se despois desta adxudicación parcial por dous anos quen ri máis, se o oligopolio do transporte que se está formando ou as pequenas e medianas empresas, que son as que sustentan o emprego no rural. Nós adiviñamos que máis ben, unha vez máis, determinados grandes empresarios saíran sorrindo.

E vostede vai negar a nosa emenda, que o que pide é abrir un proceso participativo e non relegar o Parlamento de Galicia a mero espectador, que é o que están facendo vostedes con iso. Nós pedimos que se cree unha comisión de estudo para o ano e pico que queda facer o plan de transporte. Pedimos tamén que se traia o plan, ao abeiro do artigo 142, para que poidamos discutir e presentar suxerencias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E estamos pedindo tamén que na comisión de coordinación se introduzan os concellos, as ANPA e outros colectivos. Estamos pedindo iso, e vostede seguramente se negará. O único que queren aquí é vir vestir un santo que vostedes xa teñen feito e que non poden dicir publicamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, presidente.

Empezando polo BNG. Di que estamos preocupados pola revolta no sector. Mire, nós estamos preocupados polos cidadáns, por dar uns servizos e polo rural. O que si que parece preocupado polo sector é o BNG, porque de verdade que é divertido escoitar defender e utilizar os mesmos argumentos ao BNG que fan as grandes compañías neste momento, é dicir, están plantexando o discurso das grandes compañías. Por ese si que é polo que están preocupados vostedes, nós estamos preocupados porque en agosto sigamos tendo transporte e emprego. *(Aplausos.)*

Dicían tanto vostedes como o voceiro da Marea que non houbo transparencia, nin diálogo... Á parte do que contei ata agora, agora mesmo aínda está aberto o diálogo; onte mesmo houbo reunión cos sindicatos e está aberto un proceso de alegacións. ¿Para que son os procesos de alegacións? Para aportar. Por certo, poderían aportar algo nese proceso a Marea, o BNG ou o PSOE se están tan preocupados, como din que teñen tanto que aportar aquí neste Parlamento. Creo que está aberto o proceso e teñen onde plantexalo.

Di que só hai pequenos cambios. ¿Non entendo que se só hai pequenos cambios fala da fin do mundo? ¿Parécenlle pequenos cambios cando en zonas do rural de Ourense ou de Lugo van duplicar ou triplicar as paradas e os cambios? A min non me parecen pequenos cambios, senón que me parecen importantes aportacións.

Señor Bará, dígolle o mesmo que lle dixo vostede anteriormente ao meu compañeiro Pazos sobre a AP-9: estaríamos dispostos a incorporar os puntos 3 e 4 da súa emenda para reforzar esta iniciativa se, como lle dixo, vostedes tamén apoian o punto 1 e 2 que presentamos na nosa. É unha oferta que está aí, igual que fixo vostede coa proposición da AP-9.

O Partido Socialista, o PSdeG, señor Fernández. Di que deixamos de traballar a horta. Mire, a horta cando chegamos no 2009 parecía non un monte, houbo que meter a desbrozadora pero das grandes, porque non fixeron vostedes nada nos dous anos, e sabían e coñecían a directiva. Pero dicir, ademais, que non se considerou a opinión de ninguén, pois está aínda aberta ás opinións de todo mundo. Se di de verdade —como leu— que está de acordo coa importancia para o país deste transporte e da participación de concellos e deputacións, ¿por que na súa emenda quita expresamente as deputacións? ¿Non queren as dúas nas que gobernan que participen? Expresamente, porque desapareceron. Se de verdade está de acordo, apoie a nosa proposición non de lei.

E por último, remato xa, por falar tamén da da Marea. Esta é máis ou menos a que discutimos onte pero coa incorporación dos concellos; agradecemos a participación dos concellos. Ten o costume o voceiro de poñer nas miñas palabras cousas que eu non dixen e reinterpretar o que entende sobre as deputacións. Eu digo: as deputacións existen e poden botar unha man. Non é a solución do futuro, digo que neste novo Plan de transporte teñen e poden aportar moito.

E é verdade que este é un problema, o problema do rural e a despoboación do rural é quizais un dos problemas máis importantes que ten non só Galicia senón toda Europa neste momento. Este mesmo plantexamento está agora mesmo preocupando a todas as rexións españolas e as rexións europeas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: E este goberno, se hai unha cousa que está facendo, é traballar transversalmente este reforzo do rural. Onte mesmo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...—remato xa— onte mesmo aínda escoitamos o conselleiro de Política Social falar desas unidades móbiles de servizos sociais, e pode e seguiremos traballando para que se minimicen as posibles diferenzas que poida haber nalgúns servizos e que poida —como dicía— este plan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...colaborar á igualdade de oportunidades.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

E ao final, ¿acéptase...

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Aceptaríamos.

O señor PRESIDENTE: ...a do BNG os puntos 3 e 4 nada máis?

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Negociaremos con eles, se eles apoian o 1 e o 2 do noso.

O señor PRESIDENTE: Vale, pero de momento só co BNG, as outras emendas non se aceptan.

Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dúas deputadas máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da supresión do instituto do aforamento dos deputados e das deputadas e a incorporación desta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que se aborden no seu momento

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galiza considera necesaria a supresión do Instituto do aforamento das deputadas e deputados preservando en todo momento que estas persoas non poidan ser perseguidas polas opinións e/ou votos emitidos no exercicio das súas funcións. Esta posición deberá ser incorporada ao conxunto de reformas do Estatuto de Autonomía de Galiza que no seu momento se aborde.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Alberto Pazos Couñago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa aos grupos parlamentarios das Cortes Xerais para que calquera reforma do Instituto do aforamento dos representantes nas cámaras lexislativas estatais e autonómicas sexa tratada dentro dun acordo a nivel estatal. O Parlamento de Galicia incorporará o resultado dese acordo ao conxunto de reformas do Estatuto de Autonomía de Galicia que no seu momento se aborde.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Como temos anunciado nesta batería e nesta liña de traballo que estamos a seguir desde o Grupo Parlamentario Socialista nas diferentes cámaras lexislativas, e non só nesta Cámara autonómica, unha das cuestións centrais no debate é precisamente o instituto do aforamento no noso caso dos deputados ou das deputadas desta Cámara.

Sinalabamos nalgunha anterior tamén iniciativa, en materia anticorrupción, en materia anti-fraude, en materia de transparencia, en materia de bo goberno, en definitiva, en materia dunha maior e necesaria calidade democrática, dunha necesaria rexeneración precisamente do noso sistema político democrático, que a cidadanía, como estamos a observar, está absolutamente desencantada, totalmente noqueada coa vaga de corrupción que nos asola. E este desencanto recae nas institucións e tamén en nós, por suposto, nos representantes da cidadanía que estamos sendo percibidos de forma diaria como afastados da realidade e do interese xeral.

Como ben coñecemos, o artigo 11.3 do noso Estatuto de autonomía dispón que «Os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo». E durante o noso mandato non poderemos ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, a non ser en situación de flagrante delito, correspondendo decidir ben ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ben á Sala do Penal do Tribunal Supremo.

O instituto do aforamento, como temos exposto na exposición de motivos desta iniciativa, realmente carece de contido material e proxéctase exclusivamente no ámbito orgánico e procesual, e tense xustificado por diferentes razóns: entre outras, evitar unha instrumentalización política da xustiza, atribuír aos tribunais con maior cualificación e experiencia o coñecemento de causas con potenciais consecuencias institucionais, ou asegurar que a actuación xudicial responde aos principios de legalidade e imparcialidade, ao considerar que os órganos xudiciais superiores se encontran en mellores, a priori, condicións de garantir unha actuación independente. Tamén se xustifica o instituto do aforamento en protexer a independencia do órgano lexislativo e en evitar que o xulgado se sinta cohibido polo peso institucional da representación popular.

Non obstante, como se ten escrito de forma xa profusa na diferente tamén doutrina político-xurídica, na actualidade esta excepción, porque realmente é unha excepción ao principio de igualdade ante a lei, resulta anacrónica e inapropiada. Ningunha das razóns apuntadas anteriormente resulta suficiente para xustificar a ruptura deste principio esencial de igualdade ante a lei, nin resulta hoxe proporcional ás finalidades que se pretenden acadar.

E no marco dun Estado democrático e de dereito consolidado e maduro, no que está garantida a separación e independencia de poderes, nomeadamente o xudicial, e rexido polos principios de igualdade ante a lei e de tutela xudicial efectiva, ben consolidados nos artigos 14 e 24 da nosa Constitución, faise certamente cuestionable o mantemento de prerrogativas como as da inmunity e o aforamento.

A cidadanía percibe esta institución como un privilexio absolutamente innecesario nestes momentos que contribúe á desafección cos seus representantes, con nós, redundando nunha crecente desconfianza nos mecanismos institucionais de loita contra a fraude e a corrupción. Así vemos, mes tras mes, como no barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas a corrupción se sitúa na segunda preocupación dos cidadáns tras o desemprego, e incluso se está situando nunha posición case idéntica.

Tampouco certamente é usual que nas democracias parlamentarias da nosa contorna este suposto aforamento procesual se reflecta con rango constitucional, e no noso caso con rango estatutario. Nin Francia, nin Alemaña, nin Italia o contemplan a ese nivel normativo.

E nestas cuestións tamén son relevantes as conclusións doutrinais do Panel sobre inmunity parlamentaria da Organización Mundial de Parlamentarios contra a Corrupción.

A confianza na independencia e na profesionalidade de actuación dos xulgados e dos tribunais de todas as ordes debe comezar polos propios representantes da cidadanía no Parla-

mento, nas diferentes cámaras lexislativas, que non deixamos de ser servidores públicos. E esa máxima confianza no poder xudicial no seu conxunto debe demostrarse nunha igualdade plena á hora de someterse, de someternos á xustiza, á xustiza ordinaria e ao xuíz natural.

O que reclamamos con esta iniciativa é que Galicia dispoña dun marco normativo no que claramente quede proscriba a institución do aforamento de deputados e deputadas desta Cámara, que non ocorra como con algunha outra Cámara lexislativa autonómica, como pode ser, por exemplo, a coñecida nestas semanas ou meses a Asemblea Rexional de Murcia, na que o Partido Popular tivo necesariamente que acceder —porque non é outra a expresión— á presión que recibira nesa Cámara para debater e votar a favor da supresión dos aforamentos con motivo da situación de investigado do ex-presidente do Partido Popular da Cámara de Murcia, Pedro Antonio Sánchez, polo caso Auditorio ou, recentemente, pola trama Púnica.

Por iso queremos que Galicia actúe de forma preventiva, que non actúe a remolque de situacións de corrupción, de cargos que exixan que ese debate neste caso do instituto do aforamento se teña que producir, porque cando actuamos por reacción e non de forma preventiva precisamente ese debate queda absolutamente minusvalorado tamén.

Galicia, por iso, insistimos e seguiremos insistindo en que debe dar todos os pasos necesarios para avanzar dunha forma decidida na calidade democrática do noso marco estatutario e do noso marco institucional. O que non nos gustaría é que ocorrera como sucedeu en setembro de 2016, con motivo dunha moción tamén do Grupo Parlamentario Socialista no Senado, na que se solicitaba ou se instaba precisamente a supresión do aforamento tanto no ámbito do Estado como no ámbito das cámaras lexislativas, e escoitar no debate palabras por parte dos representantes do Partido Popular cualificando precisamente a eliminación do aforamento como unha cacería. Esperamos que en Galicia teñamos outra percepción destas cuestións, sexamos conscientes da necesidade de suprimir este instituto do aforamento como unha medida máis da necesaria rexeneración democrática. Por iso, insisto tamén en que neste caso o Partido Popular non siga precisamente os criterios e as argumentacións, sobre todo ás veces demoledoras, que presentou no Senado naquel mes de setembro e, por outra parte, que aprenda —por dicilo dalgunha forma— do que tivo que debater e votar precisamente na Cámara de Murcia.

Eu creo que para culminar esta breve presentación en defensa desta iniciativa é moi significativo o auto, precisamente, da Sala do Penal da Audiencia Nacional do 30 de maio pasado, no que o que se ventilaba era precisamente a forma en que Mariano Rajoy tiña que presentarse como testemuña. Hai dous apartados deste auto que creo que son significativos de cal é a liña e a filosofía que debemos seguir no noso país en materia de respecto á separación de poderes e, polo tanto, tamén de igualdade ante a lei á hora de comparecer ante a xustiza ordinaria:

En primeiro lugar, a Audiencia Nacional sinalou que Mariano Rajoy non comparece como presidente do Goberno, senón como «*un ciudadano español en razón a los cargos que tenía en el Partido Popular, colaboración con la xustiza y en un acto ciudadano que se enmarca en la normalidad democrática del Estado de derecho*».

E, en segundo lugar, sinalou a Audiencia Nacional que o Tribunal, a Audiencia Nacional, «*se sitúa en el mismo plano en cuanto a poderes do Estado que el ejecutivo*».

Eu creo que nese auto, precisamente, a Audiencia Nacional establece de forma clara cales deben ser as pautas de comportamento do poder lexislativo e do poder executivo en relación co poder xudicial. E, polo tanto, debemos someternos tamén os parlamentarios ao principio de igualdade se é que queremos precisamente seguir avanzando ou tratar de reforzar un Estado democrático social de dereito perfectamente maduro e, polo menos, á altura da contorna dos nosos países europeos.

Esperamos, aínda que analizaremos despois o sentido das emendas, que esta iniciativa sexa claramente apoiada por todos os grupos desta Cámara.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Villoslada.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas.

É un debate ben interesante o que abre o Partido Socialista, mais hai unha parte da súa exposición de motivos que nos resultou ao noso grupo, tendo en conta os recentes ou máis actuais acontecementos no Estado español, cando menos rechamante. Vostedes din na exposición de motivos, e de feito deulle lectura agora na súa intervención: «No marco dun Estado democrático de dereito consolidado e maduro, no que está garantida a separación e a independencia dos poderes, nomeadamente o xudicial», e desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que a independencia do poder xudicial está máis que posta en cuestión despois de diversos acontecementos. Xa digo que pode estar posta en cuestión desde antes, pero desde distintos acontecementos que sucederon recentemente e que vou lembrar:

Por unha banda, as manobras da Fiscalía española para non imputar, agora investigar —no exercicio desa neolingua case orwelliana— o ex-presidente de Murcia no caso Púnica, despois do nomeamento do señor Manuel Moix, hoxe dimitido —sábeno todas as persoas que estamos aquí— á fronte da Fiscalía Xeral Anticorrupción. Lembremos ese señor «*serio y bueno*», dicíalle Ignacio González a Eduardo Zaplana —ambos os dous imputados-investigados na operación Lezo—, ese nomeamento «*cojonudo*» cuxa colocación ía «á parte» —dicían— «do control do aparello do Estado e dos medios de comunicación». (*Sic.*)

Nomeamento de Concepción Espejel, «*querida Concha*» —dicían—, como presidenta da Sala do Penal da Audiencia Nacional Española. Esa señora vai presidir a mesma sala que a afastou —a ela e a outra persoa máis— do tribunal que xulga a Gürtel pola súa proximidade ideolóxica ao Partido Popular, condecoración mediante de María Dolores de Cospedal, hoxe ministra de Defensa. Esa señora vai ser responsable agora da coordinación das catro seccións do Penal da Audiencia Nacional. En síntese, decidirá sobre os tribunais que xulgan os principais casos de corrupción política que xiran ao redor do financiamento ou presunto financiamento ilegal do Partido Popular.

Na segunda liña da fronte, detrás de Espejel, desde a Sala de Apelacións da Audiencia Nacional Española, sitúase o xuíz Enrique López, habitual dos coloquios da FAES, o Zintán do Partido Popular; apartado tamén da Gürtel pola afinidade con esta formación política.

«*Tenemos el Gobierno*» —diciía Ignacio González—, «*el Ministerio de Justicia, no sé qué y tal... Y escucha: tenemos a un juez que está provisional; tú lo asciendes y yo le digo a ver, venga usted acá, ¿cuál es la plaza que le toca?... A un teniente: "A tomar por culo a un teniente."*». ¡Separación de poderes lle chaman!

Desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que o feito de que a Fiscalía dependa do poder executivo e non do xudicial ou de que exista unha relación absolutamente obscena, como a que vemos actualmente, entre o partido que goberna e os altos cargos ou mandos xudiciais son a cerna do cuestionamento ou da desconfianza xerada a respecto dos mecanismos institucionais de loita contra a fraude e a corrupción.

A corrupción preocupa. Eu creo que todas as persoas que estamos aquí somos sabedoras diso. Onte mesmo saía o barómetro do CIS, e aumenta doce puntos esa preocupación a respecto dos barómetros anteriores. Mais corrupción é poñer o *Boletín Oficial do Estado* ao servizo dos intereses da oligarquía financeira e as grandes empresas a cambio de contraprestacións económicas ou simplemente de manter os privilexios de clase. Corrupción é privatizar servizos públicos ou xestión de recursos naturais para engordar carteiras de negocio. Corrupción é saír do ministerio de turno e do Consello de Ministros e pasar a quentar a silla dun consello de administración en calquera empresa.

Nós concordamos en que as persoas que exercen ou exercemos funcións de representación parlamentaria sexamos ou sexan xulgadas por tribunais ordinarios, seguindo o procedemento habitual como calquera outra persoa, sexa por asuntos civís ou sexa por asuntos penais. Mais tamén hai que lembrar que no artigo 11.3 do Estatuto, ao que se refire a iniciativa, se recolle non só o aforamento senón a inviolabilidade —vostedes cítana tamén nesa exposición de motivos—. Isto é a garantía de que as persoas que conformamos esta Cámara non podemos ser perseguidas polas nosas ideas, polas nosas opinións ou polo noso voto, un dos principios fundamentais sobre os que se asenta o parlamentarismo.

Por iso presentamos unha emenda de modificación, na que incluimos expresamente o mantemento desa prerrogativa, pois non nos queda excesivamente claro na parte resolutiva da proposición se o obxectivo, aínda que futuro e perante unha hipotética reforma estatutaria que non sabemos se chegará, é suprimir por completo o artigo 11.3, matizalo ou redixilo *ex novo*. De maneira que consideramos que, diante dese hipotético acordo que se poida dar hoxe nesta Cámara, poida ser interpretado no futuro non como garantía desa inviolabilidade parlamentaria. Repetimos: nós o que instamos na nosa emenda é que se garanta, porque é unha garantía, o feito de que non poidamos ser perseguidas ideoloxicamente polas nosas opinións ou o sentido do noso voto. Polo tanto, agardamos que acepten a nosa proposta.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, inviolabilidade, inmunidade e aforamento son prerrogativas asociadas á condición de parlamentario, que teñen como obxecto a protección dos lexítimos representantes do pobo no exercicio das súas funcións e, indirectamente, protexen o propio pobo, cuxa vontade libremente expresada non podería ser vulnerada a través dunha inadecuada utilización dos procesos xudiciais. E certo é que recentemente, e a consecuencia da natural evolución do propio sistema democrático español e das garantías asociadas a ese sistema, se ten plantexado un debate sobre se estas prerrogativas constitúen actualmente unha garantía ou un privilexio.

No texto da súa proposición non de lei menciona vostede as conclusións doutrinais do Panel sobre inmunidade parlamentaria da Organización Mundial de Parlamentarios contra a Corrupción. E aínda que nesas conclusións non se fai mención nin recomendación ningunha sobre a figura do aforamento, xa que limita as súas consideracións ás figuras de inviolabilidade da inmunidade parlamentaria, creo que algún dos seus pronunciamentos pode resultar de interese para o debate que hoxe nos trae aquí.

O panel, con carácter xeral, recomenda unha revisión das prerrogativas parlamentarias para —e cito literalmente— «evitar posibles abusos que deriven na perda de confianza da poboación nos parlamentarios, confianza que pode verse afectada pola falta de comprensión cabal do mecanismo de inmunidade parlamentaria como unha ferramenta que contribúe ao Goberno democrático». Para fortalecer esa confianza, tamén aconsella o panel desalentar o uso parlamentario da liberdade de expresión con fins difamatorios.

Igualmente, pronúnciase sobre cal é a condición fundamental para que se produza esta necesaria reflexión sobre estas garantías: a existencia dunha democracia consolidada na que estea garantida a separación efectiva de poderes, a igualdade ante a lei e a tutela efectiva. E tanto é así que aconsella manter esta protección reforzada dos parlamentarios en países onde —literalmente— «existen dúbidas sobre a imparcialidade do sistema xudicial e os tribunais, ou onde a lexislatura é percibida como un poder dominado por un Executivo todo-poderoso». Seguro que lles soa o discurso.

Señorías, o Grupo Parlamentario Popular coincide substancialmente coas conclusións alcanzadas nese foro. E cremos que a fortaleza do noso sistema democrático permite abordar con plenas garantías unha revisión do estatuto do aforamento sen poñer en risco a imprescindible seguridade dos parlamentarios para desenvolver as súas funcións inherentes á condición de tal.

Aínda que recentes pronunciamentos e actitudes mantidas nesta Cámara nos poderían levar a desconfiar sobre a utilización cabal das institucións xudiciais por parte dalgún membro ou ex-membro concreto do poder xudicial, creo que coincidiremos en que a fortaleza das nosas institucións democráticas, e nomeadamente o noso sistema xudicial, é quen de garantir a seguridade dos deputados no marco da súa actividade parlamentaria por enriba dos

puntuais comportamentos sectarios dalgúns individuos, aínda que ás veces ese sectarismo é tanto que pode chegar a asustar.

Pero en España, en contra do discurso recorrentemente mantido polos representantes da nova política, opera unha democracia plenamente consolidada, cun réxime de liberdades homologable a calquera democracia das máis avanzadas do mundo, e que é consecuencia directa da xenerosidade, do diálogo e da busca da concordia que presidiron o proceso de transición española, do que nós estamos moi orgullosos.

Sobre estas premisas, señoría, permita que lles dea a benvida ao debate sobre a revisión do aforamento. O certo é que levabamos moito tempo agardando por vostedes, pero satisfainos comprobar que, por fin, están en disposición de abordar este tema para actuar —como dicía vostede— preventivamente.

Xa en novembro de 2014, nunha xuntanza mantida co entón secretario xeral dos Socialistas galegos, co gallo de intentar un acordo en materia de prevención da corrupción, o presidente da Xunta de Galicia ofreceu ao señor Besteiro a posibilidade de achegar posturas para reformar a figura do aforamento, recibindo naquel momento por resposta un clamoroso silencio e ningunha proposta. ¡Ata hoxe!

Centrándonos nesa proposta, cremos que a maneira máis acaída de abordar a supresión do aforamento da Cámara galega sería no marco dunha reforma de carácter estatal. E nese sentido presentamos unha emenda na que se insta os grupos representados nas Cortes Xerais a que se adopte un acordo que homoxeneice o instituto do aforamento no conxunto das cámaras nacionais e autonómicas. Porque cómpre recordar que esta figura afecta 2.000 cargos electos, 15.000 xuíces e fiscais e máis de 263.000 aforados parciais das Forzas Armadas e forzas e corpos de seguridade do Estado. E parece acaído que se delimite o alcance e o contido do aforamento para con eses casos desde un plantexamento coherente que estableza idénticas condicións para aqueles que desempeñan idénticas funcións. Pois non entenderíamos que non debería dotarse o Parlamento de Galicia dun nivel menor de garantía que calquera outra Cámara do territorio español. E si que coincidimos en que ese acordo se incorporaría ao Estatuto de Galicia no marco da súa reforma.

Non quixera esquecerme tampouco da emenda presentada polo BNG, que, aínda que penso que incorre nun erro de concepto ao confundir aforamento e inviolabilidade, supón de facto un recoñecemento das garantías democráticas dese Estado español, ao que ata hai ben pouco cualificaban de «opresor» e «pouco democrático». Porque a pesar do manifestado pola señora Rodil, resulta dificilmente entendible que estiveran dispostos a renunciar ás garantías propias da condición de parlamentario se non recoñecesen a existencia dunha democracia consolidada e, consecuentemente, as bondades diso que despectivamente seguen denominando «o réxime do 78».

Así pois, señorías, benvido sexa o parlamentarismo construtivo, benvidos ao recoñecemento das bondades democráticas do réxime do 78. A ver se hoxe nos acompañan a sorte e o talante e podemos dar a benvida a un amplo acordo sobre a figura do aforamento. A nós, desde logo, gustaríanos formar parte dese acordo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En Marea anuncia o seu voto favorable á proposta do PSdeG en relación coa declaración da vontade desta Cámara de eliminar os aforamentos das deputadas e deputados, sen que teñamos inconveniente en aceptar a transacción proposta tamén polo BNG, na medida en que entendemos que simplemente contribúe a aclarar o que xa se dixo aquí, incluso tamén desde a bancada Popular, é dicir, estamos falando de aforamento e non das outras institucións.

Non se pode negar —entendemos nós— que a cidadanía observa os aforamentos como unha institución que privilexia determinadas persoas e que permite que determinadas persoas próximas do poder sexan investigadas e axuizadas por órganos diferentes do común dos mortais. E iso é percibido moitas veces como un privilexio. Esta percepción, aínda que só sexa unha percepción, ten que ser revertida. É un deber inescusable a aprobación de medidas que poñan fin a esa sensación de impunidade que asolaga a cidadanía. Non é esta a única, non é a máis importante tampouco, pero é un paso na boa dirección.

A democracia entendida no seu sentido radical e no seu sentido profundo, determinante de toda relación social xusta, dá lugar a que todas as persoas teñamos que enfrontarnos nas mesmas condicións na aplicación da xustiza, iguais na lei e na aplicación da lei e perante a lei, pero os que somos representantes públicos non só non queremos privilexios pola posición ocupada, senón que exiximos maiores controis precisamente pola posición ocupada. E iso é o que dá lugar a que teñamos que ser especialmente coidadosos con relación sobre todo a institucións que perderon actualmente o seu contido de protección material.

Conflúen neste caso dúas funcións do aforamento ata este momento, que entendemos que xa non teñen vixencia. A primeira delas, da que aínda non se falou aquí —e cremos que é importante dar conta—, é a que ten que ver coa propia designación dos membros da Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Como saben, na Lei orgánica do poder xudicial establécese que unha de cada tres prazas da Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sexa designada por esta Cámara lexislativa, é dicir, polo Parlamento galego. Isto ten un sentido esencial en relación coa Constitución, no seu artigo 151, cando prevé do Tribunal Superior de Xustiza a culminación da organización xudicial no noso país.

Reformas posteriores, a recentralización, a usurpación de competencias na nosa comunidade e o afastamento da cidadanía desde aqueles momentos non teñen afondado nesa institución de dignificar o Tribunal Superior de Xustiza como máxima instancia xudicial galega. E, en todo caso, esta previsión do número de prazas ten relación con esas funcións que lle daban ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, coa importancia na súa función como órgano in-

terpretativo máximo do dereito civil propio e con esta posición vértice do poder xudicial; dereito civil propio que —como saben— non ostentamos no día de hoxe en competencias en materia penal. Agora ben, o problema residiu en que ese dereito civil propio non foi desenvolto suficientemente e ademais non ten carácter penal.

Ao mesmo tempo, sen embargo, as desfeitas ás que nos ten sometido a constante relación coa corrupción que vén agora ostentando o partido que sustenta o poder político, ou ao carón baixo o mando do seu poder económico, deron cada vez máis importancia á outra función desas salas, que é a de axuizar en casos de aforamento. É, polo tanto, competente para axuizar en casos de aforamento a Sala do Civil e Penal, que ten un terzo dos seus maxistrados designados por esta Cámara. De tal maneira que, por máis que manteñamos a situación de imparcialidade e presumamos da bondade das persoas que son designadas por esta Cámara, van ser as persoas designadas por esta Cámara as que despois de chegado o caso investigarán e axuizarán os seus propios designadores. O cal introduce unha sombra de dúbida que era necesario combater, e esta é a primeira razón pola que nós apoiamos a supresión deste aforamento.

A segunda razón foi parcialmente apuntada aquí: a defensa do parlamentarismo. No seu momento, historicamente, o aforamento tiña como razón garantir a representación popular e protexela fronte a represalias caprichosas ou do sometemento innecesario e espurio a procesos xudiciais relacionados coa súa actividade. Sen embargo, no día de hoxe, os que si teñen feito un uso espurio das institucións son aqueles que teñen inzado o noso panorama de casos de abuso de poder, de prevaricación, de corrupción, con sobres ou con lingotes de ouro —dá igual—. Desta forma, o aforamento neste momento é percibido socialmente como un instrumento para atrasar as causas xudiciais ao remitilas a órganos diferentes do chamado «ordinario» polo común da xente para a súa investigación e para esta finalidade de protección da actividade parlamentaria.

Por iso, chegado este momento, entendemos que carente de sentido material a institución non soporta unha análise de contraposición entre beneficios e perdas que o xustifique. Polo tanto, e entendendo que o aforamento non está neste momento para protexer ningún tipo de garantía de forma adicional ao que farían xa as de por si persistentes institucións de inviolabilidade e inmunidade, entendemos que debe ser suprimido.

Non entendemos a emenda do Partido Popular relativa á necesidade de que isto sexa coordinado a nivel estatal. Esta Cámara é soberana para acordar a situación de aforamento dos seus propios deputados e deputadas. E se estamos de acordo en que a supresión do aforamento non reduce as garantías de ningún tipo para ningunha e ningún de nós, na medida en que somos cidadáns igual que o resto, non existe ningunha circunstancia para someter isto a unha coordinación a nivel estatal. Mais ao contrario, temos a oportunidade de lles dar exemplo a todos e a todas de igualdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Ben, eu creo que é reconfortante o ton utilizado polos diferentes voceiros desta Cámara e dos grupos políticos á hora de analizar unha cuestión que, máis alá do institucional, creo que ten un relevo especial como mensaxe tamén á cidadanía, e a capacidade desta Cámara, do Parlamento galego, de tomar decisións propias e que permitan precisamente non eliminar garantías, que non se trata diso precisamente, senón de eliminar prerrogativas que dalgunha forma entendemos que caducarán.

Efectivamente —como sinalaba a voceira do Bloque Nacionalista Galego—, unha cousa é a independencia real e outra cousa é a independencia formal. A independencia formal do poder xudicial creo que no entramado institucional, no bloque de constitucionalidade, está perfectamente deseñada. Pero é certo que hai comportamentos —estivemos vendo estes comportamentos recentemente con motivo da desastrosa actuación da Fiscalía Anticorrupción— que fan dubidar de que esa independencia formal dos poderes sexa unha independencia absolutamente real.

Si que aceptaremos, evidentemente —voulle chamar—, a matización, a emenda do Bloque Nacionalista Galego, porque na nosa iniciativa en ningún momento queríamos poñer en dúbida a inviolabilidade pola emisión de opinións ou de votos no servizo do cargo dos deputados ou das deputadas; circunscribíase evidentemente ao instituto do aforamento. Pero si que é certo que desde un punto de vista da técnica xurídico-parlamentaria pode ser máis interesante deixar ben precisada esa cuestión de que non poñemos en dúbida a necesidade de garantir a inviolabilidade pola emisión de votos e polas opinións manifestadas no exercicio da representación política.

Polo que respecta á intervención e á emenda presentada polo Partido Popular, fálasenos por parte do señor Pazos de que traslademos o debate ás Cortes Xerais, a Madrid, ou de que traíamos nalgún momento o debate a esta Cámara. ¡É que precisamente estamos hoxe debatendo sobre isto, señor Pazos! Creo que Galicia polo menos non é menos que Murcia, e en Murcia tiveron que actuar a remolque. Nós queremos en Galicia actuar de forma preventiva, e Galicia ten o marco estatutario oportuno para acometer, cando proceda, esta modificación. *(Aplausos.)* O que si pedimos e insistimos é que a Cámara tome co maior consenso posible unha posición en Galicia para cando abordemos unha reforma estatutaria ter o noso posicionamento ben preparado. Sen prexuízo de que lles deamos traslado, evidentemente, ás Cortes Xerais da posición de Galicia para que no ámbito das Cortes Xerais se traslade esta cuestión.

Nese sentido, así como aceptamos a matización, a emenda do BNG, poderíamos aceptar a emenda do Partido Popular sempre que, evidentemente, se acepte a iniciativa como parte primeira, e como parte segunda daríamos traslado ás Cortes Xerais do que se decidira. Pero a decisión prioritaria para nós é tomar unha decisión estatutaria en Galicia.

E unha cuestión para finalizar: nós non miramos para atrás, estamos mirando permanentemente para adiante —como esta mañá manifestaba o noso voceiro—. E se queremos un acordo parlamentario de boa técnica parlamentaria, de boa cortesía parlamentaria, eu creo que poderíamos chegar a unha correcta transacción. Pero —insisto— nós necesitamos —con esa precisión que sinalaba— que a parte resolutiva da iniciativa se manteña tal e como está redactada con esa precisión; e, en segundo lugar, engadir a adición que propoñen.

O que si me gustaría é insistir en que é fundamental —non só para o Partido Popular, para calquera partido político, o que pasa é que o Partido Popular maiormente polo que estamos observando— acceder a este tipo de iniciativas. Convenlle ao propio Partido Popular, convenlle ao sistema político e convenlle a todo o entramado institucional, porque é o que a sociedade está reclamando.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Simplemente quero pechar, señor presidente, porque creo que debemos observar con calma a viñeta que hoxe publica El Roto reclamando a necesidade de estirpar o tumor da corrupción.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, sobre o remate polo Goberno galego do proceso de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais de Pena Trevinca e o inicio do procedemento para a declaración dese espazo protexido como parque natural

O señor PRESIDENTE: Foi presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra polo Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, os seguintes puntos:

<< — Orzar e desenvolver un Plan de reparación dos danos no medio natural do ámbito territorial de Pena Trevinca, con especial atención ás proximidades do Teixedal de Casaio e aos danos derivados das actividades extractivas e da ubicación dos seus refugallos.

— Emprender as accións administrativas e legais necesarias para evitar a destrución dos valores naturais deste espazo a través de distintas actividades e para, se é o caso, exixir a reposición da legalidade vixente.>>)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

— Rematar o proceso de aprobación do PORN de Pena Trevinca e comezar a declaración do espazo protexido como Parque Natural, facéndoo compatible co desenvolvemento socioeconómico da comarca.

— Impulsar a rexeneración das escombreyas de lousa xa non en uso situadas nas proximidades do espazo protexido, cumprindo a lexislación mineira.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos.

Grazas, señor presidente.

Ben, hai seis parques naturais no noso país; tres deles están na provincia de Ourense: a Serra do Xurés, a Serra da Enciña da Lastra e a Serra do Invernadeiro. Nós cremos que é xusto —e non é novo— reivindicar que os cumios de Trevinca e o teixedal de Casaio formen parte tamén dos nosos parques naturais. Ademais, fai dous días que foi o Día Mundial do Medio Ambiente, e cremos que é moi importante.

E permitídemme falar dun excepcional prodixio da natureza, litochán descarnado, pendente pronunciada, clima hostil extremo, bosque complexo, orixe no terciario. Di Gurriarán, un estudoso e coñecedor deste espazo: «Non deixa de ser un soño feito realidade o poder gozar da visión de algo que naceu preto das orixes da Terra». Árbores retortas e colapsadas que adquiren formas plásticas, formas que desafían a gravidade, formas plásticas increíbles apertan e arrodean, sobreviventes natas. Árbores caídas, enmarañadas, que volven xermolar fillas vizosas, das máis lonxevas do planeta. O mellor bosque de teixos conservado na Península, un dos máis importantes de Europa, senón o que máis. Dá a impresión de estar diante dun ser vivo, remoto, con intelixencia case humana. Hai quen repara na linguaxe comunicativa das súas raíces, pontes e portas que abren mitos e lendas á sensibilidade.

É necesario escoitar a terra. É certo que *o mellor libro da humanidade está escrito na terra*; naceu hai moitas xeracións e seguirá vivindo cando nós xa non vivamos. Merece todo o respecto. Ten ademais sentido simbólico, son árbores de culto, templos de adoración desde as orixes. Temos necesidade de conservalas, amalalas, coidalas. Tamén podemos aprender delas, da súa capacidade para sobrevivir en condicións adversas. A súa regresión é un indicio da deterioración do planeta.

Ten un excelente valor botánico, está denominado como aula magna da natureza, catedral botánica do teixedal, sendeiro xeonatural.

Camiño iniciático, telúrico, lugar máxico e mítico, con raíz, transmitido de xeración en xeración. Camiño preñado de contrastes impactantes. Paisaxe de escombreyas: leite de lousa, a maior laxeira do planeta, sensación onírica, jarrepiante!, abre paso a unha paisaxe sublime, jengaiolante!

Valor histórico. ¡Non é casualidade! No seu corazón inaccesible acubillouse a *cidade da selva*, maquis, restos de casoupas, lugar de encontro, descanso de guerrilla antifranquista na pos-

guerra do 36. Na senda de acceso tradicional á ermida de san Xil, santo medieval eremita galego —un dos poucos—.

A escasos centos de metros os restos da mina de wolframio de Valborrás ou dos alemáns —tamén chamada así porque foi explotada polos nazis para extraer wolframio—; si, mineral que se funde a unha das máis altas temperaturas; armas, campo de traballo. Penados republicanos e guerrilleiros, máis que árbores..., catrocentos sesenta e un presos: andaluces, extremeños, asturianos, madrileños.

Si, necesita protección, protexamos o teito de Galicia, a pena Surbia, a pena Negra, a pena Trevinca norte, a pena Trevinca sur. Máis de dous mil metros de altitude. Os cumios máis altos do noso país, as faldras onde se atopa o teixedal, o follo castaño e os regatos que acaban compoñendo o río Casaio, forman parte dunha gran propiedade comunal, compartida polas aldeas de Lardeira e Casaio, que historicamente a usufrutúan co marqués de Villafranca do Bierzo ou o conde de Peña Ramiro. A mediados da década dos sesenta do século pasado, nas zonas estremeiras do concello de Carballada, iniciáronse as explotacións de canteiras de lousa a ceo aberto, en expansión.

Todo este territorio ourensán, Pena Trevinca, macizo montañoso, é a zona máis oriental de Ourense, vértice xeográfico de tres provincias: Zamora, ao sur; León, ao leste; e ao norte e ao oeste, A Veiga e Carballeira de Valdeorras. A zona ten 28.678 hectáreas, que forman parte da Rede Natura 2000; nela atópase o bosque do teixedal. Está declarada zona ZEC (zona de especial conservación) e é tamén zona ZEPA (zona de especial protección de aves silvestres).

Os catrocentos teixos, *Taxus baccata*, de máis de catrocentos anos están no Catálogo das árbores senlleiras da Xunta de Galiza. Iníciase o procedemento no 2002 para desenvolver e elaborar o PORN (Plan de ordenación de recursos naturais) de Pena Trevinca. Aínda non se aprobou nin se someteu a información pública; si houbo licitación, si houbo pago de 87.000 euros, si houbo contratación e adxudicación cun 70 % de cofinanciamento da Unión Europea. Quince anos houbo para xestionar a ordenación dun espazo protexido polas directrices europeas máis importantes para a conservación da biodiversidade e do noso ecosistema.

Podemos falar de deixación de funcións. Si, pero queremos sobre todo falar da necesidade de declaración de parque natural, de dar continuidade xeográfica, etnográfica, botánica, faunística e paisaxística do de Sanabria, delimitando os cumios, o teixedal, o follo castaño e a zona alta do concello da Veiga, que está potenciando este espazo tamén para o turismo sostenible como medio para fixar poboación rural. E o desenvolvemento do municipio sería complemento necesario para asegurar a supervivencia fronte á depredación irracional e os lumes que ano tras ano se van dando no seu contorno.

Hai cinco meses, o 28 de decembro, a Consellería do Medio Rural informaba dun incendio forestal activo no concello de Carballeira de Valdeorras, na parroquia de Casaio. Comezaba ás 8.40 da mañá e quedaba extinguido ás 17.10; afectadas: 36 hectáreas. Aínda que o teixedal está nun humidal, non é impensable que arda. Isto é algo que non nos podemos permitir. Falamos de catro mil anos de existencia dun tesouro único e case a nivel planetario. Non podemos arriscarnos.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario En Marea —repito: En Marea— considera que é preciso abordar a protección do macizo montañoso e incluír as directrices da Lei 42/2007 respecto dos corredores e a conectividade ecolóxica. Insta a Xunta de Galiza, polo tanto, á previa revisión dos límites do espazo protexido, a precisa determinación dos hábitats de interese comunitario ou prioritario, así como unha relación das especies ameazadas e rematar o proceso de aprobación do PORN de Pena Trevinca. E, rematado o PORN, a comezar o proceso para declarar o espazo protexido de Pena Trevinca como parque natural.

E si aceptamos as emendas dos outros grupos porque consideramos que, por riba de todo, está a defensa da natureza, a defensa dos nosos cumios e do noso teixedal.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego imos dar o noso apoio a esta iniciativa e á historia interminable dos continuos incumprimentos e falta de vontade da Xunta de Galiza con Pena Trevinca e todo o referido a este Plan de ordenación. E non só é algo que o meu grupo xa ten traído a esta Cámara noutros momentos, é máis: isto que teño aquí é unha resposta do Goberno galego por escrito, de 2013, a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego precisamente a respecto de cando ese plan ía ser público e definitivo. E a resposta —vou ler unhas liñas— di: «Actualmente, despois de superar os trámites de participación e de información pública e a audiencia aos interesados, o proxecto de decreto atópase nas últimas fases da súa tramitación administrativa, estando prevista a súa aprobación no transcurso do ano actual». Isto ten data do 29 de xaneiro de 2013, saído do Rexistro de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia daquela.

Ben, pois catro anos máis pasaron e seguimos sumando a esta cuestión. A conclusión é que o Goberno do Partido Popular en materia medioambiental e de protección axiliza os trámites cando lle apetece. Agora estamos en plena moda de que —non sabemos se por chinchar a alguén en Vigo ou onde— nos venden que en dous días as illas atlánticas serán patrimonio da UNESCO. Nós alegrámonos, ogallá sexa así canto antes, pero de paso a ver se collen ritmo e axilizan tamén a cuestión da Ribeira Sacra e acordan algo a respecto de Pena Trevinca, porque ten un nivel de urxencia moi importante a protección sobre este espazo, e vou explicar por que.

Non podemos falar de Pena Trevinca sen falar das escombreyas e sen falar das pizarreiras. Sorprendeume inicialmente que a iniciativa non o referira, aínda que logo a súa voceira si o fixo *in voce*, e a respecto diso van as nosas emendas. Nós non imos caer en ningún discurso antiindustrial nin en ningún discurso dese tipo —como supoño que nos responderán—. Pero non podemos esquecer que Galiza é potencia mundial en produción e exportación de lousa e que toda a zona de Valdeorras é referencial a respecto deste tipo de traballos, e que iso leva

asociado unha problemática ambiental moi específica que require de tratamentos moi específicos e que inciden de forma especial neste territorio.

E facía referencia a voceira de En Marea ás inmediacións do teixedal e ao seu alto valor como un bosque único no noso país; nós compartimos esa valoración. Pero vaia unha anécdota para facer fincapé: para quen non coñeza o territorio do importante que é o impacto das pizarreiras neste que para calquera de nós que vaia facer unha ruta a ese bosque pois a referencia para acceder é precisamente unha escombreira que hai nas inmediacións.

Tamén falaba a voceira de En Marea da cidade dos alemáns e podemos recordar noticias da prensa de xullo de 2011: «Arrasar co regato de Valborrás e a cidade dos alemás só custa 9.000 euros fronte aos 29.000 euros en danos». Iso dá unha idea do impacto e de que moitas veces se cae no desleixo legal ou o marco de protección non é suficiente. E nós entendemos que durante todos estes anos non deixaron de producirse actuacións diversas nese ámbito territorial que carecía dese remate dese plan de ordenación. Pero iso non exime de que teña unha protección xa adxudicada polo mero feito de terse iniciado eses trámites, pero que unha cousa é a teoría e outra cousa foi a práctica. Nós entendemos que a falta de previsión e de planificación sumado a anos de baleiro legal derivou nunha situación complexa en moitos aspectos e que hai que intervir de forma específica sobre o sector.

Hai moitos estudos —tamén galegos— a respecto de como se pode reverter ou se pode paliar o impacto ambiental, en concreto, das escombreyas; por exemplo, o do señor Francisco Gutiérrez del Rey, da Universidade da Coruña, e demais. Nós entendemos que alén de cumprir as normativas e de acelerar os trámites para que este marco estea finalizado canto antes pois o que hai que facer, sobre todo, é orzar actuacións concretas. Por iso presentamos dúas emendas de adición. Unha encamiñada a orzar e a desenvolver un plan específico de recuperación deses danos, con especial atención ás proximidades do teixedal e ao tratamento dos refugallos, que en si mesmo o tratamento e o aproveitamento dos refugallos da pizarra é toda unha porta aberta a un potencial económico que está desperdiciado. E, por outra banda, tamén emprender accións administrativas e legais correspondentes a repor a legalidade vixente naqueles casos nos que foi abertamente vulnerada, e que é unha situación que hai que afrontar.

Polo tanto, nós entendemos que os acordos que emanen, ogallá, deste Pleno do Parlamento galego non poden limitarse a delimitar espazos para que despois o Goberno galego, que ten potencia e que ten capacidade para actuar sobre eles, renuncie a facelo, porque estaríamos facendo simplemente maquillaxe ambientalista, e nós non queremos comprar esa táctica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Bo día.

Grazas, presidente.

O Grupo Parlamentario Socialista está de acordo co que se pide nesta iniciativa. Cremos ademais que a aprobación do Plan de ordenación de recursos naturais de Pena Trevinca e a súa declaración como parque natural é necesario que sexa compatible co desenvolvemento socioeconómico desa comarca, que abarca concellos que son ben diferentes; entre eles, A Veiga, que é —sabemos— un paraíso natural, e Carballada de Valdeorras, que é territorio claramente mineiro.

E precisamente polas especialidades desa comarca e da zona de Valdeorras cremos que cómpre impulsar a rexeneración das escombreyas de lousa, que xa non se utilizan pero que están nos aledaños do espazo protexido, cumprindo ademais o que di a lexislación mineira en canto á recuperación deste tipo de minas ou actividades extractivas que se deixaron de utilizar hai moito tempo.

Como neste Parlamento ademais é tradición falar do Goberno de Emilio Pérez Touriño, durante o seu goberno conseguiu ademais que nesa zona non se instalase un parque eólico no seu momento, precisamente pola protección especial desa comarca. E houbo ademais a partir de aí —como dicía a voceira desta iniciativa— zonas ZEPA (zona de especial protección para as aves), zonas LIC (lugares de interese comunitario) e ademais hai tamén Rede Natura.

O curioso é que —como dicía tamén a voceira de En Marea— houbo unha Orde do 30 de abril de 2002 —é dicir, hai máis de quince anos—, unha orde que sacou naquel momento o Goberno do Partido Popular —que era quen estaba gobernando, era Fraga o presidente da Xunta—, e iniciábase naquel momento o Plan de ordenación de recursos naturais de Pena Trevinca, que tiña por fin ademais —di expresamente— «establecer un modelo de harmonía entre os usos humanos e a conservación dos procesos ecolóxicos». E precisamente por iso nese senso vai a nosa emenda. Nesa orde dicíase que naquel momento era necesario ordenar os recursos naturais e por iso falaba dunha proposta de zona LIC e de ser aconsellable a designación dunha zona especial de protección para as aves. Xustamente o que se fixo despois.

Quince anos pasaron e nada de nada, nin sequera está aberto durante estes quince anos o proceso de participación. E quizais pode ser porque aquel Plan de ordenación naceu gafado, tendo en conta que o conselleiro era alguén que quizais tamén estaba gafado coa natureza ou a natureza con el, que era José Carlos del Álamo, famoso pola súa brillante xestión das vacas tolas en Galicia. E ademais, xusto unhas horas despois de que se afundise o *Prestige*, José Carlos del Álamo acompañaba o que era o presidente da Xunta, Manuel Fraga, na súa cacería polos montes de Aranjuez, e por iso tivo que dimitir. Quizais isto non necesita máis comentarios, quizais é que o Plan de ordenación naceu gafado porque José Carlos del Álamo estaba gafado; bueno, un conselleiro en Ence, moi gafado non estivo despois, pero si con relación á natureza.

Nós non imos falar da marabilla que son pena Trevinca e o teixedal porque non é necesario, calquera que coñeza a zona, e a voceira de En Marea acaba de facelo de maneira brillante, pero si sabemos que cómpre establecer medidas de conservación para evitar que os seus hábitats se sigan deteriorando e ademais alteren as especies. Son necesarias ademais medidas preventivas e non só rematar o proceso quince anos despois abrindo participación aos cidadáns do Plan de ordenación de recursos naturais de cara a que se comece a declaración do

espazo como parque natural. Pero tamén compatibilizándoo co desenvolvemento socioeconómico da comarca e tamén rexenerando o que xa non é posible, que é que sexa de maneira orixinaria unha zona natural en estado puro.

E entendemos na anterior intervención da voceira de En Marea que se aceptaba a nosa emenda, pero mantemos a nosa emenda para que sexa incorporada.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha proposición non de lei do Grupo En Marea-Podemos na que solicitan declarar o espazo protexido de Pena Trevinca como parque natural. Iso si, tamén pretenden que se revisen os límites e se determinen os hábitats e as especies a protexer. Cando vostedes falan de limitar toda a actividade, desde logo, creo que non son conscientes do que están propoñendo, e a nós dáanos, desde logo, certo reparo e certo medo.

Unha proposta de gran calado que, por unha banda, pretende ignorar todo o traballo feito ou descoñece con precisión cal é a protección actual desta fermosa zona e que é, por outro lado, unha proposta que adoece dun erro fundamental, porque unha iniciativa desta transcendencia tería que vir sustentada por un gran consenso, se non unánime, polo menos maioritario. E para iso os autores da iniciativa, o Grupo En Marea de Podemos, tiñan que ter falado coa xente que está nos concellos implicados, cos representantes dos veciños e as veciñas, coas corporacións municipais, cos concelleiros, cos axentes socioeconómicos, coas asociacións e cos alcaldes e alcaldesas, que teñen a capacidade suficiente e as atribucións legais e políticas para xestionar os recursos dos seus municipios. Decía vostede antes: é necesario escoitar a terra. E dígolle eu: ¿e non lle parece necesario escoitar a xente que vive alí nos concellos onde vostede quere que se faga esta declaración? *(Aplausos.)*

Estámonos a referir ao punto máis alto de Galicia, situado ao leste da provincia de Ourense, aos montes de Pena Trevinca, que ocupan case vinte e cinco mil hectáreas con tres puntos altos: pena Trevinca, 2.127; pena Negra, 2.123; e pena Surbia, 2.122. Conta tamén cun espazo natural protexido: o teixedal de Casaio, un fabuloso bosque con máis de trescentos teixos, uns dos maiores e máis importantes de Europa.

Señorías, como vostedes saben e dixeron, Pena Trevinca está incluída na Rede Natura 2000 e ten as seguintes figuras de protección: lugar de importancia comunitaria, zona de especial protección para as aves e zona especial de conservación, declarada mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria en Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000. Ese plan que En Marea tacha de simplista; un plan director de ordenación dos recursos específico para todos os lugares da Rede Natura, onde, por suposto, figura tamén Pena Trevinca. E ade-

mais presenta para cada espazo información completa dos hábitats e especies e valoración ambiental do lugar respecto deles, así como a correspondente cartografía de unidades ambientais. Conta igualmente cuns indicadores de seguimento que poderán conlevar a necesidade de fixar adicionalmente outras medidas de conservación ou revisar e actualizar as existentes. Polo tanto, de deixación de funcións nada.

O BNG leva moitos anos atacando o sector da pizarra. Dixo algunha cousas, faltoulle dicir que é un sector no que traballan catro mil persoas entre a zona de Valdeorras e Castela-León. Pero o BNG tamén, compañeiros —teño que dicilo—, en Valdeorras apenas ten case xa representación e menos ten ningún concelleiro nos concellos indicados. Pero se queren seguir por aí, acabarán tamén perdendo o que lles queda.

E ademais descoñece o BNG que existe un plan de restauración. E hai que dicir que todas as empresas de pizarra teñen o seu propio proxecto de restauración avalado e que se vai acometendo —e non se fai dun día para outro, señora Presas— a medida que as escombreyas deixan de ser necesarias.

Eu o que quero dicirlles é que se tiveran falado cos alcaldes e as alcaidesas e cos veciños e as asociacións, entenderían que a protección xa é suficiente para ser compatible con outros usos; usos como poden ser usos deportivos, uso cultural, uso turístico ou usos tamén empresariais.

Polo tanto, as iniciativas de En Marea a min paréceme ben que se preocupen pola nosa comarca, pero vaian aos concellos e falen coa xente e falen coas entidades. Vostedes chegaron aquí a este Parlamento na lexislatura pasada dicindo que eran a xente do común, que viñan representar os de abaixo, facer políticas de abaixo cara a arriba. E eu vólvolles preguntar: ¿os veciños e as veciñas, os concelleiros e os alcaldes son xente de abaixo ou son xente de arriba? Eu creo, de verdade, que vostedes se fixeron unha lea co de abaixo e co de arriba, e penso que foi abordado amplamente naqueles programas de *Barrio Sésamo*, onde dicían «abaixo» e «arriba». (*Aplausos.*) E vostedes eu penso que non o teñen absolutamente nada claro.

Como tampouco non falaron coa xente, porque terían que dicirlle tamén as limitacións que tamén isto suporía para ser compatible con outro tipo de usos e actividades, como tampouco falaron cando quixeron retirar as partidas da autovía A-76. Ou sexa, vostedes non queren que teñamos postos de traballo, non queren que teñamos autovías para ser máis competitivos e agora queren impor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) queren impor os proxectos sen ter en conta os alcaldes.

Polo tanto, eu remato, concluindo: non sei se iso é desde a súa superioridade moral ou intelectual, por iso de que non falan coa xente, ou esa é a habitual hipocrisía política á que nos teñen acostumados. Nós queremos deixar ben claro: defensa total e absoluta da protección do medio ambiente e dos nosos recursos naturais, co necesario equilibrio para compatibilizalo con outros usos; respecto institucional coa capacidade de xestión dos concellos; e busca do máximo consenso posible.

E, de verdade, eu antes de rematar diríalle a En Marea: non sei que lle pasa a En Marea con Valdeorras, pero, de verdade, se queren axudarnos axúdenos e se non, como diría a canción, «¡Ay! Amor ya no me quieras tanto».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Señor presidente, espero que me deixe un par de minutos máis como lle deixou ao señor Blanco Paradelo, polo menos. (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ben, vou dar as grazas ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Eu xa dixen que non era unha proposta nova, somos conscientes, non queremos maquillaxe naturalmente. Na proposta escrita están todos os referentes legais de cada unha das cuestións que se plantexa, parecíame máis arduo plantexalo aquí. E, dende logo, fixemos ese roteiro, e eses refugallos se se investise en I+D+i, eses refugallos das canteiras, das minas soamente se extrae o 5 %, podería dar moitísimo máis traballo aínda e saída a todos eses refugallos, que crean unha paisaxe realmente como de Marte. E si hai unha posibilidade de certa recuperación.

Agradecer tamén ao Partido Socialista de Galicia. Realmente, estamos de acordo con que ten que haber máis medidas de protección e o desenvolvemento socioeconómico é importante. Ninguén está falando de que desaparezan tres mil postos de traballo da lousa, son moitos e son moi importantes; simplemente pedimos que se protexa aínda máis e que se compatibilice, que se poña un stop no lugar necesario e que se evite un impacto que pode ser terrorífico. De feito, se as empresas de lousa non avanzaron máis, posiblemente sexa porque hai moito seixo e entón a lousa ten menos valor. Pero non podemos estar esperando a que a natureza faga, se hai cinco meses chegou ata alí o lume. Por favor, poñamos todos os medios de protección.

Despois con respecto ao señor Blanco Paradela, ¿non sei que problema ten vostede? Claro... (*Murmurios.*) (*O señor PRESIDENTE: Un mínimo erro, é Paradelo.*) Paradelo, desculpe. Señor Blanco Paradelo, vostede creo que quixo ser alcalde tamén desa zona... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, dixéronme, pero dá igual é algo público e notorio, ¿non? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Está ben, ¿podemos falar ou tampouco? (*Murmurios.*)

Ben, eu non me vou poñer... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, se queren falar, falen despois, ¿vale? Déixenme a min o meu tempo. Ben, se vostede... Eu non vou entrar... estou farta de descualificativos, de insultos. Dicir que temos unha política hipócrita. Xa está ben, ¡abonda! Non vou entrar, aí non vou entrar. Pero, por favor, ¡exemplos de Barrio Sésamo! Sexamos un pouquiño máis serias, señorías, sexamos un pouquiño máis congruentes. O que se está pedindo é algo que leva moito tempo pedíndose por parte e ben, e a propia Consellería do Medio Rural o día 7 de abril no *DOG* saíu publicado que se vai traballar precisamente no Plan reitor de usos e xestión dos parques naturais. Fagan vostedes isto que me pide a min —que o fixen por certo e voulles matizar—, por favor, moi ben, fágano participativo, conten coa xente, cos biólogos, cos ecoloxistas, coa xente do lugar, coa xente afectada, naturalmente tamén coa xente responsable politicamente. Non me sorprende en

absoluto que me fale porque a señora... —non quero dicir mal o nome—, a señora alcaldesa actual xa arremeteu contra nós simplemente por levar a iniciativa, como se non tiveramos a liberdade de levar iniciativas congruentes como é esta. Ben, posiblemente —e non podo dicir máis—, posiblemente... Eu publicamente nun medio de prensa ofrecínlle a esa señora alcaldesa que se quería falase comigo. Eu como deputada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...vou ao lugar, coñezo a zona, falo coa xente do lugar, pero non teño que ir a cada lugar falar cos alcaldes correspondentes, non é a miña función. Eu publicamente ofrecínme se quería falar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...en calquera momento, en calquera lugar, para defender os intereses non só do concello, os intereses de Galicia, os intereses de todo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...o Estado.

E remato...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está claro todo xa.

A señora CUÑA BÓVEDA: Onte falouse do corazón e de corazóns de pedra. Eu creo que hai xente á que non lle latexa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...o seu propio corazón.

E, por favor, cando queiran insultar, pénseno dúas veces. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos ás votacións.

Pechen as portas, por favor.

E comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Vilán.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

Si, dígame.

A señora VILÁN LORENZO: Temos un texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: ¿É este texto?

A señora VILÁN LORENZO: Non aceptabamos esa emenda pero chegamos a un acordo e, polo tanto, hai unha transacción que foi acadada a ultimísima hora.

O señor PRESIDENTE: Perdón, é que a min me fixeron chegar... ¿Non é esta? ¿Cal é a transacción?

A señora VILÁN LORENZO: Téñoa aquí, é que aínda non a pasamos porque acabamos de chegar ao acordo agora mesmo.

O señor PRESIDENTE: Pois, entón, claro, se non ma pasaron, eu non o podo saber. *(Murmurios.)*

A señora VILÁN LORENZO: Por iso lle pedía que me dese voz ao micro.

O señor PRESIDENTE: É que é conveniente pasala antes. Pero ben, agora léaa.

A señora VILÁN LORENZO: Por iso pedín a palabra, presidente.

Leo a transacción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Que pasou? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Lea, por favor, a transacción.

A señora VILÁN LORENZO: «O Parlamento insta o Goberno da Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado e, escoitando o Consello Xeral do Poder Xudicial, a creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia, un en cada capital de provincia, en Vigo, en Ferrol e en Santiago de Compostela, cos medios persoais e materiais necesarios, é dicir, unha sala con xuíz, un letrado da Administración de xustiza, funcionarios, unha sede e repartición propios, co fin de facer fronte ás demandas polas cláusulas chan, sempre que o ingreso de demandas sexa superior a novecentas por xulgado.»

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Votamos, polo tanto, con esta transacción. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre a solicitude do Goberno galego

ao Goberno central da creación ex novo de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvián de demandas polas cláusulas chan.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia.

Esta iniciativa foi defendida polo señor Rivas. Polo tanto, hai unha transacción. Aceptaba a de En Marea, o primeiro punto, e estaba pendente unha transacción. ¿Tena? Faga o favor.

O señor RIVAS CRUZ: O primeiro punto e a transacción do segundo sería: «A eliminación desta especie nun radio de 25 metros dos mananciais principais susceptibles de aproveitamento humano».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, polo tanto, con esa transacción. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de Eucalyptus nitens, respecto das previsións do Plan forestal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a través da súa deputada Rodríguez-Vispo, sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto.

Hai unha transacción que me fan chegar e que leo:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto nos próximos tres meses, e que conteña unha estimación de custo económico das modificacións sobre este calendario.

O Goberno galego comprométese a publicar na web da páxina da Consellería de Sanidade o documento definitivo ou facilitar unha copia por escrito aos distintos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia para facilitar o seu coñecemento e seguimento, así como a realizar todas as actuacións precisas para garantir o acceso permanente ás vacinas incluídas neste calendario.»

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada Luca Chao.

Comentoume a secretaria do Parlamento, que foi a que interveu por parte do Grupo Parlamentario Popular, que solicita a votación por puntos, que sería o primeiro punto tal e como está redactada a proposición non de lei e o segundo punto coa incorporación da emenda do Grupo Parlamentario Socialista. ¿Acepta vostede esa proposta? (*Negación.*) Non a acepta. Grazas.

Pois se non a acepta votamos, polo tanto, tal e como está redactada coa emenda de engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez, sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9.

¿Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular como engádega? Non.

Pois, entón, votamos como está redactada a proposición de lei.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a través do seu deputado Martín Fernández Prado.

Manifestou que aceptaba os puntos 3 e 4 da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e que aínda estaba pendente unha transacción.

Si, déanlle voz ao escano.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Si, ao final non se aceptou por parte do BNG e non podemos aceptar entón a emenda.

O señor PRESIDENTE: ¿Non aceptan a emenda?

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Non.

O señor PRESIDENTE: Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa elaboración do novo Mapa de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 20; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, defendida por don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Hai unha transacción que me fan chegar, que a leo, ten dous puntos:

O primeiro punto é: «O Parlamento de Galicia considera necesaria a supresión do instituto de aforamento das deputadas e deputados, preservando en todo momento que estas persoas non poidan ser perseguidas polas opinións ou votos emitidos no exercicio das súas funcións. Esta posición deberá ser incorporada ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que no seu momento se aborde.»

E como punto segundo: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar esta posición para os grupos parlamentarios das Cortes Xerais, para que calquera reforma do aforamento dos representantes nas cámaras lexislativas estatais e autonómicas sexa tratada tamén dentro dun acordo a nivel estatal.»

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dúas deputadas máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da supresión do instituto do aforamento dos deputados e das deputadas e a incorporación desta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que se aborden no seu momento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a do Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada dona María Ángeles Cuña Bóveda.

Acéptanse as dúas emendas: a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, sobre o remate polo Goberno galego do proceso de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais de Pena Trevinca e o inicio do procedemento para a declaración dese espazo protexido como parque natural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este texto.

Rematadas as votacións, abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día, punto 6, interpelacións.

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa negociación dun novo modelo de financiamento para Galicia

O señor PRESIDENTE: Debemos esperar que entre o conselleiro porque están as portas pechadas. *(Pausa.)*

Debatemos, señor conselleiro, a interpelación que xa foi comentada.

Cando queira, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa tarde, señor conselleiro, benvido ao pleno.

Como vostede estou segura de que sabe, estamos nun momento importante no que o noso país ten debates abertos que nós pensamos que van ser transcendentais para o futuro. E eu lamento moitísimo —como lle dicía ao presidente da Xunta hoxe pola mañá— que teñamos un Goberno galego que está desaparecido nos grandes temas que lle interesan ao noso país:

Vostedes están desaparecidos en relación cos investimentos do Estado en Galicia. Todo lles parece moito. O recortazo de 442 millóns de euros, e case nos veñen dicir que é a mellor noticia que podía ter este país.

Están tamén desaparecidos no debate sobre a modernización das nosas infraestruturas, onde hai incumprimentos constantes do Estado coa complicidade do seu Goberno.

Tamén nos vemos desaparecidos noutras cuestións que son importantes para o país, como é, por exemplo, a desaparición xa de todo o sistema financeiro galego, coa triste noticia que coñecemos hoxe, onde viamos o último suspiro da banca financeira galega. Por certo, un tema que o que pon en evidencia é, primeiro, que o balance da etapa Feijóo á fronte da Xunta de Galiza foi a desaparición do sistema financeiro galego; en segundo lugar, que aquí os supervisores miraron para outro lado, e veremos como coas prácticas bancarias abusivas agora van ser penalizados moitos galegos e galegas que investiron no Banco Pastor, e nin o Banco de España nin a CMNV fixeron absolutamente nada; e, en terceiro lugar, tamén nos preocupa moito cal vai ser o impacto desde o punto de vista xa específico do emprego, dos servizos que se prestan no noso país ou que vai pasar coa Fundación Barrié de la Maza. Creo que estas cuestións son o suficientemente importantes non só porque está en xogo unha fundación que facía un labor moi importante desde o punto de vista de becas de estudos, senón mesmo porque estaban ou están levando adiante os traballos de restauración do Pórtico da Gloria.

O certo é que neste ámbito vimos o Goberno galego cruzado de brazos, e imaxínome que hoxe repetirán o que acaba de dicir o Goberno do Estado, que é unha gran noticia. Pois nós sentímos dicirlle que esa, desde logo, non é a nosa posición e que lamentamos que tamén neste tema, que é importante, porque Galiza xa ten un problema en relación con como se están utilizando os aforros dos galegos e das galegas, que unha parte moi importante —sábeo vostede perfectamente— se inviste fóra do noso país e que, polo tanto, isto acrecenta unha posición de debilidade, que claramente vemos como o Goberno galego non é capaz de tomar

ningunha decisión relevante, mentres vemos como cada vez temos ou xa non temos ningún tipo de pulso financeiro neste país.

E o mesmo estamos vendo en relación cun debate que é fundamental tamén, como é o dun novo modelo de financiamento para o noso país.

Hai unha cousa que a min polo menos me gustaría que quedara clara e que non teñamos que debater sobre isto noutras roldas, e é que este non é un debate técnico, este é un debate eminentemente e sobre todo político. É máis, eu diría que é un dos debates políticos máis importantes que ten neste momento sobre a mesa o Goberno e que ten neste momento sobre a mesa a Xunta de Galicia. Este vai ser o resultado dunha negociación política. Quen non o queira ver que non o vexa, pero é que o Partido Popular acaba de darnos unha clase maxistral durante a negociación dos orzamentos de como o debate dos sistemas de financiamento é un debate político, porque vimos como o debate sobre o cupo vasco non se resolveu con criterios técnicos, resolveuse nunha mesa na que estaban sentados o Goberno vasco e o Goberno central, ¿verdade? Xa que logo, a técnica serve para adecuar as decisións políticas porque ten que ter ese encaixe xurídico, mais aquí estamos ante unha decisión que é eminentemente política.

E neste tema pois vemos un Goberno mudo, que case diría eu que colleu a posición de observador internacional. Póñense de perfil e non temos posición, Galiza está absolutamente desaparecida deste debate.

Vostede sabe cal é a nosa posición de fondo, nós cremos que Galiza necesita máis recursos e que necesitamos un autogoberno, unha autonomía fiscal plena. E o actual modelo de financiamento pois non nos dá esa autonomía fiscal plena, simplemente temos un modelo centralizado, profundamente centralizado, e que ademais está sendo un corsé para o desenvolvemento dos servizos de benestar no noso país, da nosa cultura, da nosa economía, porque nos están privando de recursos que si xera este país e que non acaban sendo reinvestidos en Galiza.

Polo tanto, nós defendemos un modelo de capacidade fiscal plena, onde, adaptado á realidade de Galiza, teñamos o mesmo marco que agora xa teñen os navarros e os vascos. E, por certo, todos os partidos deste país están de acordo en que foi fundamental para o seu crecemento económico e saben que é unha peza básica importantísima para mellorar a sanidade, e non queren devolvelo. Imaxínome, señor conselleiro, que será por algo.

En todo caso, hai un aspecto no que, en teoría, todas e todos os que estamos nesta Cámara estamos de acordo, e ese pode ser un punto de partida. E ese aspecto no que, en teoría, —volvo dicir— estamos todos e todas de acordo é que o actual sistema de financiamento, o sistema que asinou Alberto Núñez Feijóo no ano 2009, é un sistema moi prexudicial para o noso país, que é un sistema inxusto e que constitúe un verdadeiro agravio para Galiza.

E ¿por que dicimos nós que é un sistema inxusto? Ben, porque para empezar os galegos e as galegas estamos pagando máis de 11.000 millóns de euros en impostos ao Estado e, sen embargo, o retorno que temos para os servizos públicos esenciais, para aqueles servizos que teñen máis que ver coa calidade de vida das persoas, pois resulta que temos un retorno por

parte do sistema de financiamento nos últimos datos do ano 2014 do redor dos 7.000 millóns de euros.

É un sistema inxusto porque non garante o financiamento que necesitamos para eses servizos básicos e porque, ademais, non nos permite ter un autogoberno real, con suficiencia financeira. E, ademais, vostede sabe que cada ano que pasa os problemas de financiamento da Comunidade Autónoma agudízanse porque Galiza sae moi mal parada con este sistema.

Fíxese: con datos oficiais, nós vemos que a prestación dos servizos públicos fundamentais, é dicir, a sanidade, o ensino e a protección tiveron entre o período 2009 e 2014, con datos liquidados e datos oficiais do ministerio, un déficit total de máis de 10.000 millóns de euros. Se nós tomamos como base o cálculo en función do custo, digamos que non se tomou nunca como base no cálculo do financiamento o custo real dos servizos, senón que realmente se foi a un sistema que é moi opaco, confuso e complexo, que o que está enmascarando son decisións políticas. E este é un sistema no que Galiza sempre nos últimos anos saíu perdendo.

Fíxese: no ano 1999, o peso que tiña o financiamento de Galicia no conxunto do Estado era dun 7,59 % nese sistema de financiamento; no ano 2007, o peso de Galiza no sistema de financiamento cae ao 6,93 %; no ano 2009, o peso de Galiza cae ao 6,78 %; e no último dato oficial que temos, que é o ano 2014, o peso de Galiza cae ao 6,73 %.

Con esta lóxica, a conclusión é que co paso dos anos a prestación da sanidade, da educación e dos servizos públicos abaratouse, porque o sistema estanos reportando menos recursos e estamos perdendo posicións. Este é un auténtico disparate e é unha mostra evidente de como este sistema non vale e non funciona para o noso país.

E a clave é realmente que vai facer neste momento o Goberno galego. No ano 2014, anunciara xa naquel momento o ministerio que se ía iniciar o proceso de revisión do sistema de financiamento, logo decidiron metelo nun caixón. Pero é que desde o ano 2014 até o ano 2017, o Goberno galego tivo moito tempo para intentar consensuar unha proposta neste Parlamento, traernos unha proposta, que é o mínimo que calquera Goberno responsable tería que facer, e dar un debate en serio sobre as necesidades que ten Galiza desde o punto de vista do sistema de financiamento, e dar unha batalla política para que realmente Galiza teña un sistema de financiamento xusto, un sistema de financiamento que nós cremos que ten que ser de nación, porque Galiza é unha nación, e como tal ten que estar recoñecida no Estado, pero sobre todo que ese status ten que servir para que os galegos e as galegas teñamos unha mellor prestación de servizos e que cubramos as enormes deficiencias e a inxustiza que o actual sistema ten.

Nese sentido, a nós hoxe fundamentalmente o que nos gustaría é que a Xunta de Galiza abandonara o terreo dos espazos comúns, das vaguidades, porque non é de recibo —e isto dígollo con absoluta sinceridade, e se non mire o que están facendo outros gobernos en relación con este tema— que estean basicamente de brazos cruzados, sen mover un dedo en defensa dos intereses deste país e sen ter traído a este Parlamento, nestas alturas, nin unha soa posición, nin unha soa proposta concreta por parte da Xunta de Galiza. Con esa maneira de proceder, o único que vai provocar o Goberno galego é que, efectivamente, Galiza siga perdendo co futuro modelo de financiamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Pregunta vostede sobre a política do Goberno galego en relación coa negociación dun novo modelo de financiamento autonómico. Non é a primeira vez, é un asunto que xa debatemos en varias ocasións —e incluso non hai tanto tempo— nesta Cámara. Pero volvo reiterar a posición do Goberno galego, porque para nós creo que a postura do Goberno galego é coherente, responsable e non mudamos facilmente de posición. Temos a mesma que tivemos dende o principio. Reitero unha vez máis nesta sede parlamentaria que o actual sistema na nosa consideración non cumpre nin coas demandas que fixo Galicia nin coas expectativas que se xeraron no seu momento.

Como xa adiantei algunha vez, as dúas principais eivas son os déficits crecentes de suficiencia e equidade. Temos dito que todos os informes sobre o actual modelo revelan que é claramente insuficiente, pois mentres que na teoría ía chegar un 13,5 % máis de recursos públicos fundamentais nas prestacións —que vostede tamén avanzaba fundamentais— no Estado de benestar, para ese ano 2010 en relación co ano base, que daquela —se lle parece ben recordar— era o ano 2008, na práctica os ingresos baixaron un 20 %. É dicir, o incremento que o modelo inicial estimaba en 13,5 %, no primeiro ano quedou reducido en -20 % dous anos despois. E as razóns disto son que o deseño do actual modelo non priorizou os custos reais das prestacións dos servizos públicos fundamentais, senón que estivo condicionado —como tamén vostede moi ben coñece— polo pacto político entre o Goberno central —daquela socialista— e os partidos que gobernaban en Cataluña. Algo que incluso se agravou, obviamente, pola perda de ingresos durante a crise económica.

Se a isto lle engadimos que a aplicación non respondeu nin ás finalidades nin ás súas expectativas, temos un sistema claramente insuficiente para cubrir as necesidades de gasto que precisa Galicia, que tivemos que compensar con medidas financeiras de moi diversa índole durante todos estes últimos anos.

Por tanto, concordo con vostede en que o actual sistema é insuficiente para financiar os servizos públicos esenciais, pero discrepo absolutamente en como abordar os cambios para acadar un mellor financiamento para Galicia. Vexamos as diferentes que nós interpretamos entre o Goberno galego e a postura do BNG:

A primeira era a postura —que tamén foi adiantada por vostede na súa intervención— sobre asinar ou non este modelo. O BNG, como xa dixo outras veces, dinos que non asinaría o actual modelo, pero o que non nos di é que de non asinalo supoñería ter que devolver no ano 2010 cos ingresos do sistema —que como lle recordo e acabo de adiantar baixaban un 20 % respecto do 2008— case 600 millóns de euros. E no 2011, outros 1.600 millóns de euros de liquidacións negativas que deixou a deber o Goberno bipartito, do que o BNG formaba parte.

Polo tanto, 1.600 e 600 millóns a maiores, e estaríamos falando dunha facenda pública totalmente quebrada. O Goberno galego —como ben coñece tamén— logrou aprazar o pago a vinte anos e manter a solvencia da Facenda autonómica.

Vostedes tampouco din que o Goberno de España condicionaba os fondos adicionais, que eran os que en principio ían financiar a Lei de dependencia, a que a Comunidade asinase este modelo de financiamento.

Polo tanto, permítame que lle diga que na súa formulación estarían a rebaixar os recursos en principio destinados á dependencia. E vostede tamén sabe que se comentou moito en varias ocasións, en moitísimas ocasións neste Parlamento, que o Goberno galego leva ano a ano incrementando eses recursos destinados á dependencia.

Un segundo punto tamén que foi adiantado por vostedes, e no cal discrepamos radicalmente, é o futuro sistema. Vostedes —como ben adiantou— avogan por un sistema de concerto económico, onde como contraprestación ao que realiza a Administración xeral do Estado pois teríamos o noso cupo. Este modelo non é axeitado para Galicia, porque non se basea en necesidades financeiras, senón na capacidade que dicía vostede do territorio, xa que o pago non depende do que recada a autonomía concertada. Pola contra, dende o Goberno galego defendemos un sistema común, baseado na definición das necesidades de financiamento; un sistema que é moi igualitarista, o 75 % como mínimo do recadado vai a un fondo común redistributivo, mentres que o resto dos fondos teñen unha compoñente altamente redistributiva. Así pois, o seu modelo baséase nunha capacidade cupo, e o modelo xeral, que é o que defende este goberno, na necesidade.

O Goberno galego considera que para unha Comunidade con renda de recadación tributaria inferior á media, como é o caso de Galicia, o máis beneficioso é o modelo xeral, que nivela ingresos en función de necesidades. Non existe un só estudo oficial que sitúe Galicia cunha renda per cápita, bases impositivas per cápitas ou recadación tributaria per cápita por riba da media, é dicir, cunha capacidade fiscal superior á media.

Por tanto, sería terriblemente prexudicial un sistema de concerto, que implicaría a perda de recursos adicionais que achega o sistema xeral cos mecanismos de nivelación que temos nestes momentos. E creo que esta non é só a posición do Goberno galego, senón que existe consenso entre economistas e outros grupos parlamentarios da Cámara en que impoñer un sistema de cupo prexudicaría na situación actual a Galicia en, como mínimo, 1.000 millóns de euros. Ademais, supoño que saberá vostede que o modelo que defenden non ten en conta o gasto que fai a Seguridade Social en pensións, coa afectación que tería iso sobre a paga das pensións dos nosos maiores, e que mensaxe lle queríamos mandar a eles nesta situación. Creo, e honradamente llo transmito, señoría, que sería moito máis útil para Galicia que o BNG antepuxera os intereses dos galegos e galegas á súa ideoloxía.

A terceira diferenza é o endebedamento e os impostos. O BNG, cada vez que sobe a esta tribuna, formula que hai un debate orzamentario e tamén a necesidade de incrementar o endebedamento e subir os impostos. O Goberno galego —como ben sabe vostede— avoga totalmente por controlar o endebedamento e baixar os impostos.

E a cuarta e última diferenza á que me quería referir nestes momentos é ás críticas sobre o aproveitamento do actual modelo. Mentres vostedes critican o actual modelo simple e sinxelamente, o Goberno galego está aproveitando as capacidades e a autonomía financeira real, das poucas comunidades comunidades que podemos dicir o mesmo no día de hoxe no conxunto de España.

E isto permitiunos acometer —como tamén ben coñece esta Cámara— a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia o ano pasado. ¿Que mellor que comprobar as declaracións da renda que nestes momentos estamos todos facendo? ¿Que mellor os galegos que teñen imposto cero no rural para traballar e vivir do rural, e que o ano pasado foron máis de 9.162 persoas as que se beneficiaron desta situación? ¿Que falar das persoas que en Galicia xa non teñen que pagar ao ser familiares polo sistema de sucesións?

Polo tanto, creo que imos seguir por onde estabamos nestes momentos, ofrecendo o pacto, buscando o consenso que xa temos en boa parte polo menos empezado cun grupo na Cámara, pero imos actuar coma sempre, con firmeza pero con lealdade institucional.

Na Conferencia de Presidentes á que acudiu o presidente Feijóo —supoño que o BNG, por suposto, na súa posición non acudiría— xa quedou moi claro para que serviu estar alí: para que se debatesese sobre necesidades reais na revisión do financiamento; para introducir variables esenciais para conseguir unha peza separada na sanidade, que é a que está verdadeiramente condicionando o gasto de calquera autonomía; para que se crease un grupo para analizar o financiamento da dependencia, moi acaecido tamén na nosa Comunidade Autónoma polo diferencial tan grande que temos no índice de dependencia; e para que se asumise a conveniencia de chegar tamén a un pacto pola demografía, que cada vez creo que vai ser máis común que poidamos chegar a acordos entre os distintos posicionamentos da Cámara.

Eu creo que sentamos as bases da revisión do novo modelo de financiamento en tres principios irrenunciáveis: custo efectivo dos servizos, multilateralidade —cousa que non pasaba no último— e estabilidade. E estabilidade non significa quedar coas mans cruzadas coma unha estatua de sal —por utilizar unha situación bíblica—, senón que a estabilidade nos garanta unha previsibilidade de ingresos, e tendo en conta tamén o terrible nefasto ciclo que sufrimos dende o ano 2008 ata hai dous anos xa.

Polo tanto, en ningún momento estivemos parados, sempre buscamos tamén aliados con outras comunidades autónomas que coinciden en moitísimos parámetros co que estamos desenvolvendo. E volvo reclamarlles a vostedes do BNG que se sumen ao consenso que eu creo que é maioritario nestes momentos na Cámara. Eu mesmo tratei de pactar con vostede o nomeamento do representante de Galicia na Comisión de expertos; acórdome perfectamente. Non me desdiga, por favor; creo que sei ata agora o que falo e con quen falo.

Polo tanto, creo que temos moi claros os obxectivos: acadar unha revisión do sistema de financiamento, porque o único que pretendemos é mellorar esa suficiencia, que lle dicía que non estamos de acordo co modelo actual no volume ou no nivel de suficiencia que achegan nestes momentos. Pero tamén lle participo que somos profundamente partidarios de que pedimos para nós e para os demais a equidade, na súa variante de solidariedade e tamén equidade.

Polo tanto, o que estamos a propoñer é a mellora do cálculo dos índices de necesidade de gasto, porque cremos que hai que ponderar de maneira máis realista os custos de avellentamento e a dispersión...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...a mellora da especificación do financiamento dos servizos públicos básicos, a mellora da corresponsabilidade fiscal e a lealdade institucional, e que teña unha evolución dinámica e sostible.

Moitas grazas, e sen máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor conselleiro, vostedes din que están en contra deste sistema; sen embargo, quen asinou este sistema foi o señor Feijóo. Dinos que é malísimo pero, ao mesmo tempo, dinos que é boísimo. Eu creo que deberían de aclararse no Goberno galego a respecto de cal é a súa posición, porque o certo é que non deixa de ser unha contradición en si mesma.

Vostede sabe perfectamente que se naquel momento o Partido Popular chega a opoñerse a este modelo se tería forzado unha nova negociación do modelo. E, con clareza, o que fixo Alberto Núñez Feijóo —como fai absolutamente sempre con todo— foi pregarse ao interese do PP e deixar tirado este país, porque non defendeu o interese xeral dos galegos e das galegas, que non estaba neste modelo, que nos fixo perder posicións e que claramente non serve para ter un financiamento xusto para os nosos servizos.

Eu tamén lles diría que teñen que abandonar esta teoría —que é algo que estamos vendo que lles vale para todo— de que a culpa sempre é dos demais. Vostedes sempre teñen un chibo expiatorio, vostedes nunca son responsables de nada, e mesmo aquí se presentan como vítimas. Non, non, se o problema, señor conselleiro, é que vostedes non pintan nada. E como non pintan nada nin son capaces de defender os intereses de Galiza, pois así nos vai a todos e a todas.

Tamén me parece que para poder ter un debate real a respecto do sistema de financiamento e do que significa un modelo de concerto hai unha demagogia barata como a que vostede acaba de utilizar. A verdade é que é sorprendente, porque sabe perfectamente que o sistema de financiamento no modelo de concerto económico de Euskadi non ten nada que ver coas pensións, estamos falando doutra cousa. Entón, ¿por que introduce unha variable que sabe que non ten absolutamente nada que ver con este debate? Única e exclusivamente porque non ten argumentos e ten que caer en demagogia ou case diría —utilizando a palabra de moda neste Parlamento— no «populismo barato», que é o que veu facer vostede neste Parlamento.

Mire, nós queremos ter unha fiscalidade xusta, claro que si, e iso significa que as rendas máis altas vaian ter impostos máis altos. E non o que están facendo vostedes, que é subirllas os impostos realmente a aqueles galegos e galegas que menos recursos teñen, que é o que fai precisamente o Partido Popular, unha fiscalidade totalmente inxusta.

E eu non teño por costume falar de conversas privadas, non o teño por costume, pero vostede sabe perfectamente que a conversa que tivo vostede comigo non foi para facer ningún pacto, foi única e exclusivamente para comunicarnos unha decisión que tiña adoptado o Goberno galego. Se nos valía ben e se non nos valía tamén ben. (*Aplausos.*) Foi exactamente así. Polo tanto, non veña vendendo como pacto impoñernos, en todo caso, os acordos do bipartidismo entre o Partido Popular e o Partido Socialista.

Mire, a súa intervención é moi reveladora, case é un calco exacto do que vostede dixo aquí hai algúns meses na última interpelación que houbo sobre o modelo de financiamento. E non fixeron nada nestes meses, nin maior concreción, ningunha proposta, simplemente obviedades. Demóstranos unha cousa: que vostede non confía neste país, non confía nas posibilidades e nas potencialidades de Galiza, porque nos vén dicir que nós non temos capacidade financeira para soste a sanidade, soste a educación e soste os servizos públicos, senón que dependemos dun sistema común porque, se non, aquí os galegos e as galegas parece ser que viven de moca, viven de moca do que lles dá o Estado e non dos impostos que pagamos.

Nós temos moi claro que a capacidade impositiva, que a capacidade fiscal que ten Galiza é suficiente para financiar os servizos públicos que temos no noso país. E cun modelo de concerto económico teríamos nada máis e nada menos que, como mínimo, 3.500 millóns de euros máis cada ano. Porque os galegos e as galegas no ano 2014 —perdoe que lle diga, señor conselleiro— pagaron máis de 11.000 millóns de euros en impostos, e polo sistema de financiamento o retorno só son 7.000. E non me veña vostede dicindo que a capacidade fiscal de Galiza é a que se recolle nesa definición que hai na Lei do sistema de financiamento, porque sabe que iso é unha falsidade. A capacidade fiscal de Galiza non son simplemente os impostos cedidos senón que será a totalidade dos impostos que pagamos. E os impostos que pagan os galegos e as galegas son máis que suficientes non só para cubrir as necesidades de financiamento senón para melloralas dunha maneira importante.

Vostede díxonos que queren garantir que temos suficiencia desde o punto de vista de que o sistema ten que cubrir as necesidades que ten. E eu preguntolle: ¿cal é o custo real da prestación de servizos? ¿Ten feito algún estudo sobre isto a Xunta de Galiza? ¿Ten feito algún estudo sobre cal debe de ser a igualdade no acceso aos servizos e se realmente co financiamento que hai iso se garante? ¿Vai a Xunta pedirlle ao Goberno central que abandone a opacidade e uns criterios que son absolutamente arbitrarios e que realmente se o sistema —tal e como vostedes o conciben— é que se pague polo custo real dos servizos, que ese sexa o criterio que se utilice á hora de transferir fondos? Porque iso si que sería un avance, e non seguir cun *ménage à trois* de criterios que son sempre absolutamente arbitrarios. E sabe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que non van ao fondo da cuestión e a que realmente se garante que o custo real dos servizos é o que financia o Estado. ¿Por que non queren dar ese debate? Eu xa sei que vostedes, como son do Partido Popular, teñen que defender que o sistema de financiamento actual é marabilloso. Téñeno que defender por puro partidismo, aínda que saben que este sistema é nefasto para este país.

Pero aceptando ese marco e ese sistema, o que vostede nunca nos concreta é exactamente que vai defender. Porque isto non se arranxa con medio punto na ponderación da dispersión, para isto hai que ir a un cambio de fondo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Díganos, señor conselleiro, se vai facer algo ou simplemente vai vir aquí descualificar os demais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Rolda de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Eu creo que na miña primeira intervención o que trataba de trasladarlle era que somos moi distintos, porque o sistema que vostede plantexa —que é un sistema de repartición de ingresos, en esencia, baseado na capacidade— e o que nós propoñemos —que é un sistema de financiamento de necesidades— son practicamente antitéticos. Do mesmo xeito que tamén recoñecín que coincidíamos en boa parte con vostede na diagnose, pero que radicalmente discrepamos no tema do tratamento desa situación. Estoullo recoñecendo. Non, mire, por favor, creo que non me gardo ningún as debaixo da man. Simplemente hai unha diagnose onde nós consideramos que os niveis de ingresos que nestes momentos temos non son os que debería ter a Comunidade Autónoma de Galicia. Nós o que queremos é un novo modelo pero con ese sistema de financiamento de necesidades.

Polo tanto, o que si tamén debemos ter en conta —e vostede que agora acaba de introducir determinadas cuantificacións— é o modo que temos de aproximarnos cuantitativamente. Hai dúas formas de facelo con criterio xeral —non pretendo, por favor, dar ningún tipo de clase—: hai un criterio que podería ser máis cuantitativista —unha parte del foi o que vostede aquí expuxo— e tamén hai outra parte cualitativa —ata certo punto tamén introducida por min na miña primeira intervención— do seguinte teor: se resulta que temos unha renda per cápita, unhas bases impositibles e unha recadación tributaria por debaixo da media, moi dificilmente pode vostede dicir que cunha presión fiscal similar o resultado vai ser totalmente distinto nun sistema que noutro; iso é imposible.

Pero, bueno, xa que de novo sempre estamos tratando de dar cifras por un lado, polo outro, vou expoñerlle os dous métodos cuantitativos que hai nestes momentos, non sabendo moi ben —por certo, tamén llo digo— de onde saen as cifras que manexa o BNG, pero vou facer unha aproximación, un intento de aproximación. Porque —como ben sabe— se collemos os

datos oficiais da Axencia Tributaria estatal, no 2014 —os últimos que temos—, son 5.473 millóns de euros os que temos polos distintos impostos —estou falando nestes momentos de recadación, non estou falando de imputación de ingresos, do que falarei dentro dun momento—. Se lle sumamos os nosos impostos cedidos, 731 millóns, daríanos un total de 6.204. Pero teríamos que restar, obviamente, a participación das corporacións locais, que foron 1.110 millóns. En total, teríamos un dispoñible de 5.094 millóns de euros. Fronte a isto, os recursos que achega liquidados o sistema de financiamento no 2014 foron 6.385, máis 367 de recursos finalistas, o que dá unha diferenza entre uns e outros sumados de 1.658 millóns de euros.

Pero vou máis alá: segundo o método cuantitativo, que parece ser que se aproxima máis ao criterio de imputación territorial de ingresos que manexan vostedes e que se pode parecer bastante ao que serían as balanzas fiscais —bastante se parece o seu cálculo, e agora voullo tratar de cuantificar, bastante—, creo que se están olvidando non soamente dos ingresos senón tamén dos gastos, pero imos facer uns cursos. Porque o total de ingresos imputados no ano último que temos, 2013, sen cotizacións sociais e impostos municipais —que é como se deben facer as contas—, dan 11.662 —curiosamente, practicamente a cifra que manexa o BNG—. Ben é certo que a iso habería que descontarlle 1.132 millóns de taxas en organismos estatais, o cal nos daría un criterio de ingreso de 10.530 millóns de euros. Pero é que se confrontamos eses ingresos cos gastos que tamén no mesmo estudo sobre o sistema de contas territorializadas do Ministerio de Hacienda —poden ser criticados ou non os dous métodos distintos, os dous métodos que hai de facelo, pero é o que temos nestes momentos—, resulta que hai unha diferenza en termos absolutos no mesmo ano de 6.000 millóns de euros, maiores gastos que ingresos en Galicia. E se descontamos o déficit da Administración central nesa proporción que nos estaban aplicando sería de 3.000 millóns de euros aproximadamente. Pero se excluímos as cotizacións sociais e tamén o gasto en pensións resulta que son -1.800 millóns de euros. E ante iso temos que seguir aquí falando, e falando, e falando, e falando, onde non hai ningún estudo medianamente serio que demostre que un sistema de cupo sobre o criterio actual sería máis beneficioso que un criterio de necesidade como o que ten Galicia.

Polo tanto, creo humildemente que deberían intentar, en defensa dos intereses comúns que temos como galegos neste proceso máximo —particularmente, creo que non existe autonomía se non existe autonomía financeira—, sumarse ao interese do común, e agradecer moi moito a postura do PSdeG, co que si acordamos o experto do designado por Galicia, e tamén a moción onde claramente se recollían os principios que vostede non valora suficientemente de equidade, solidariedade plena, estabilidade, autonomía financeira, lealdade institucional e coordinación, e sostibilidade do modelo. Creo que son dúas maneiras radicais de afrontar este problema. Dende o Goberno galego —humildemente o digo unha vez máis— esforzámonos para concretar e pactar tanto os principios como a estratexia. Mentres que vostedes permítanme que lles diga que se están autoexcluindo. Esa é a nosa interpretación.

Remato xa. Dúas consideracións:

E unha vez máis, dende o Goberno galego traballaremos con lealdade institucional. E iso ten unha relación biunívoca en igualdade, de min para ti, de ti para min. Pero tamén con firmeza, como non pode ser doutro xeito, porque estamos falando do financiamento máis favorable posible para os galegos.

E apelo de novo neste caso a vostede como voceira do BNG a que nos afastemos de posturas partidistas. Creo que nestes momentos nesta Cámara ninguén respalda unha postura como a que vostedes defenden neste momento, e que se deberían sumar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...para ter entre todos máis forza a un consenso sobre un sistema ou modelo de necesidade de evolucionar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Iso é do que estamos a falar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, bueno, vou tentar acadar o rigor necesario ao que estamos habituados por parte dos membros do Goberno galego. Non sei se conseguirei manter ese nivel pero, desde logo, vou intentalo con boa vontade e boa fe.

Nesta lexislatura hai tres piares relevantes —e dun deles falou agora mesmo tamén o conselleiro de Facenda— que eu creo que poden enmarcar en boa medida o que sería o papel económico dos traballadores autónomos dentro da comunidade:

O primeiro é o tema relacionado coa cuestión demográfica, o proceso de envellecemento e todo o que ten que ver coa fixación da poboación naquelas zonas máis afectadas polo despoboamento. Creo que este é un dos elementos relevantes.

O segundo é o dito con solemnidade polo señor Feijóo no debate de investidura sobre a lexislatura do rural. Está directamente relacionado con isto, pero eu creo que tamén aquí, efectivamente, todos somos conscientes de que a única vía de desenvolvemento económico en boa parte da comunidade autónoma ten que enmarcarse neste ámbito.

E o terceiro, que ten que ver máis directamente con vostede, está nesa mitoloxía —entendendo que sempre a mitoloxía ten algunha vinculación coa realidade— do emprendemento,

que queda moi ben, especialmente se se di en inglés. Pero, ao final, cando estudamos a composición en termos formativos de idade e de xénero dos autónomos desta comunidade autónoma, pois indubidablemente vemos que —como dicía o poeta— entre a realidade e o desexo hai un abismo profundo.

Polo tanto, estas son as cuestións: emprendemento, a lexislatura do rural e o envellecemento ou a demografía.

E logo hai outra cuestión na que este deputado, por suposto, sen rigor pero persevera con pouco éxito, que é a necesidade de coordinación entre as diferentes consellerías. Onte compareceu o seu compañeiro de gabinete, o conselleiro de Política Social, para falar dun plan estratéxico europeo verdadeiramente revolucionario no futuro socioeconómico e sociodemográfico do país de 1,7 millóns de euros. E falou especialmente dunha parte que a min me resultou interesante pola conexión coa súa consellería, que era o proxecto Lidera, dedicado a emprendedores novos. Eu —que, como vostede sempre fala del, agora xa o teño practicamente de libro de cabeceira— acudín ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 para ver esa converxencia entre a Consellería de Economía, Traballo e Industria e a Consellería de Política Social en canto ao emprendemento novo, e é verdade outra vez que por falta —supoño— de pericia na investigación non fun capaz de atopalo.

Si que atopei —e gustárame que vostede se referira en boa medida a esta cuestión— os ámbitos nos que este plan de desenvolvemento fai referencia aos autónomos. Como vostede ben sabe —supoño—: eixe 1, «Empregabilidade e crecemento intelixente». Sempre empezamos con estes adxectivos sorprendentes, porque, en fin, efectivamente pode haber crecemento torpe, pero case sempre todos procuramos que sexa intelixente. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agradezo mucho la aportación intelectual sobre las políticas europeas. De verdad que lo ignoraba absolutamente y reivindico el derecho a las figuras literarias. Muchas gracias.

Ben, dentro diso hai un fomento da actividade empresarial e comercial tamén dedicado aos autónomos, e dentro diso hai unhas prioridades de actuación. Eu voulle falar das planificacións relacionadas con estes obxectivos dos que falan vostedes —para manter o rigor, señor conselleiro, non vaia ser— no seu Plan estratéxico de Galicia 2015-2020:

En relación cos temas dos autónomos, basicamente no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, se vas a ese plan sectorial nin a máis mínima referencia. Na Axencia da Competitividade de Galicia Industria 4.0, en fin, si que se fala, pero volvemos á política ficción, porque vostede é plenamente consciente de que as condicións de financiamento formativas e de conectividade no territorio... En fin, dá igual que factores de produción collamos: capital, traballo; en fin, podemos usar terminoloxía marxista ou Hayek —váleme calquera—. Calquera vinculación coa realidade produtiva de boa parte deste país, especialmente desa parte da que antes falaba en termos —digamos— de dificultades demográficas e de lexislatura do rural, pois absolutamente desaparecidas, por dicilo dalgunha maneira. E estes son os elementos de planeamento dos que fala o Plan estratéxico de Galicia sobre os autónomos, en teoría, a Xunta de Galicia.

Fronte a isto, ¿que temos? E agora vou á realidade —esta é a parte do desexo, agora imos á parte da realidade—, na parte da realidade temos unha economía caracterizada por un peso dos autónomos por riba da media española, aproximadamente somos o 5,5 % dos ocupados en España, pero aquí somos o 7 % dos autónomos; punto e medio é moito. E isto está relacionado —como vostede tamén sabe— normalmente co tamaño medio das empresas; en moitos casos chamámoslles empresas pero son autónomos individuais e noutros casos microempresas, xa nin sequera pemes. E vostede tamén sabe —e tense referido en moitas ocasións neste Parlamento a esta cuestión— que o tamaño medio das empresas está inversamente relacionado coa facilidade, coa internacionalización e coa facilidade ou dificultade de acceso ás novas tecnoloxías e, polo tanto, co incremento da produtividade. Polo tanto, esta é unha cuestión da que nos gustaría que nos falara, que nos dixera cales son as políticas en caso de que existan. Porque —volvo repetir— non aparecen nos plans de desenvolvemento da Comunidade Autónoma, ou polo menos eu non os atopei nesta comunidade.

Estamos falando —insisto— de máis ou menos 225.000 afiliados ao réxime de autónomos da Seguridade Social. Iso significa moito, significa un de cada catro ou un de cada cinco, ou sexa, entre o 20 e o 25 % dos afiliados, é dicir, moita poboación ocupada. O 80 % sen asalariados, é dicir, autónomos individuais. O 80 % cotizan pola base mínima. Eu sei que isto non é unha decisión económica que o Goberno tome ou condicione, pero, desde logo, si que pode ser unha decisión individual dos traballadores, e que o Goberno favoreza ou fomenta creo que sería unha liña de actuación importante.

Outro elemento é o envellecemento demográfico dos autónomos. Máis do 30 % teñen máis de 55 anos, temos a terceira poboación laboral autónoma máis envellecida do conxunto de España. Co cal, indubidablemente, aquí o tema do relevo xeracional xoga un papel extremadamente importante. E logo temos un 40 % de mulleres tamén máis feminizado que no conxunto de España. E tamén sabemos o que significa o emprego feminizado; significa salarios medios máis baixos, normalmente niveis de cualificación inferiores, normalmente... Si, si, no caso de cualificacións medias e baixas, efectivamente, si. Eu sei que o nivel de matrícula universitaria está por riba en termos de xénero, das mulleres; pero no caso dos autónomos, polo menos eu non atopei datos de correlación positiva entre formación e xénero. Ao mellor existen, pero eu non os atopei —insisto—.

E a evolución a pesar deste brillante desenvolvemento da economía de Galicia vemos como é: imos peor que o conxunto de España tamén. Si, non poña cara de sorpresa, señor conselleiro, ¡jou poña cara de sorpresa! —con isto da liberdade de expresión, incluso facial—. E dígolle que imos peor que o conxunto de España porque, dende que goberna o señor Feijóo, no conxunto de España o número de afiliados ao réxime de autónomos da Seguridade Social baixou un 0,6 % —pásame o tempo pero doulle o dato enteiro: de 3.237.814 a 3.219.961, de abril a abril—; e no caso de Galicia baixou un 6,5 %, é dicir, dez veces máis. Polo tanto, imos peor, ou polo menos é o concepto que eu que vía *Barrio Sésamo* teño de «*mejor*» y «*peor*». De -0,6 a -6,5, pois imos peor.

E neste contexto hai un tema económico absolutamente relevante: a caída da demanda séguese producindo, porque todos sabemos que o PIB medra pero a repartición entre rendas do traballo e do capital é cada vez máis asimétrica. Polo tanto, a demanda está estancada ou

medra menos que o PIB; é un feito evidente. En produtos de primeira necesidade, que é onde basicamente actúan os autónomos, pois con máis razón, porque vostede tamén sabe que as rendas altas —que é aos que lles vai ben— teñen unha propensión a consumir menos que a aforrar, por razóns obvias. E, polo tanto, ese é un problema importante.

Outro problema é problemas de tesourería e atraso nos pagos nas administracións, e problemas de financiamento. Sei que o comportamento da Xunta en termos de pagos é mellor que a media tamén. ¡Oia!, tamén aquí podemos aplicar *Barrio Sésamo*: o período medio de pago da Xunta de Galicia é mellor que a media do conxunto das comunidades autónomas. Aceptado.

E logo un tema hoxe especialmente grave, que é o tema das dificultades do financiamento. A pesar de tipos de interese de case cero pois o certo é que o crédito non flúe por moitas razóns, polos procesos de limpeza dos activos dos bancos, por problemas de exclusións financeiras que están sendo cada vez máis graves no rural. Hoxe asistimos a como desaparece, se licúa literalmente o Banco Santander ao Popular, que tamén viña na prensa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...Hai 110 concellos nos que se duplica coa rede do Santander, e vai significar máis peche de oficinas, menos emprego e, desde logo, un sistema cada vez máis monopolista, ou oligopolista en realidade, que dificulta cada vez máis o acceso ao crédito daqueles axentes económicos con menor potencial de captación do mesmo.

E eu non pretendía ser en absoluto alarmista, pero eu creo que é o escenario no que nos movemos. E neste escenario, señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— a min gustaríame saber que quere dicir, ou que quere facer, ou que vai facer a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...máis alá do *business angels*, emprendemento e *master business of administration*.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Porque a realidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Agora respóndelle o conselleiro.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...da economía en boa parte...

O señor PRESIDENTE: Xa llo vai dicir el agora.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pero eu teño especial interese en afinar a pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Pero xa está ben afinada. Mire o reloxo. *(Risos.)* Está moi afinada. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Exactamente a desconexión da realidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Un minuto! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, un minuto e cincuenta. O reloxo non engana. Non, non, o algodón non engana.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moi ben, pois motísimas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Losada, eu agradézolle que traia a esta Cámara o debate do emprendemento, e nomeadamente tamén sobre o papel que os autónomos xogan no noso país, porque, efectivamente, coincidimos na importancia e na prioridade que teñen os autónomos para o desenvolvemento da nosa economía.

É certo que os datos que temos en Galicia non son moi diferentes aos datos que temos con respecto a España. É certo que aquí hai unha maior intensidade de autónomos con respecto ao resto de España. Pero o certo é que a realidade dende o punto de vista da radiografía que teñen os autónomos non é moi distinta. É certo que no sector servizos aquí en Galiza, igual que en España, teñen o maior peso, menos aquí en Galicia que en España. É certo que hai unha maior presenza de mulleres, un 42 % con respecto a un 34 %. E tamén é certo que nalgúns datos, loxicamente, o comportamento tamén é mellor; por exemplo, na cotización da base mínima aquí en Galicia é o 77 % fronte ao 86 % de cotización de base mínima que hai no resto de España. Polo tanto, estamos falando dunha radiografía que non é moi distinta; nalgúns variables incluso cun comportamento mellor de Galicia con respecto a España.

Pero do que non hai ningunha dúbida é de que un de cada catro traballadores, efectivamente, é autónomo; polo tanto, estamos a falar dun elemento vertebrador da nosa economía. É, polo tanto, un ámbito no cal o Goberno ten que marcar a súa prioridade. E por ese motivo coñece que estamos a desenvolver unha estratexia específica para os autónomos no horizonte do ano 2020, que ten un orzamento de 160 millóns de euros para os próximos catro anos, e que ademais xa tivo un incremento neste ano 2016 dun 45 % sobre a lexislatura pasada.

Polo tanto, eu creo que temos que focalizar as actuacións sobre os autónomos. E esa estratexia xa é unha realidade; non é unha estratexia de planificación simplemente, senón que

xa foron convocadas, por exemplo, as axudas para o establecemento como autónomo. Tamén hai unha axuda moi importante, que é para a contratación indefinida de traballadores por parte dos autónomos; un aspecto moi importante para que cada vez a porcentaxe de contratación dos autónomos sexa maior. E tamén —como sabe— xa está convocada a axuda para apoiar a creación dos autónomos que constitúan pequenas empresas, que é unha iniciativa que fundamentalmente está orientada ao medio rural. Porque, efectivamente, o medio rural tamén é unha prioridade dende o punto de vista da acción do Goberno, e lóxicamente iso ten que ter tamén un reflexo no eido dos autónomos.

E a visión que ten o Goberno dende o punto de vista da actuación de cara aos autónomos é unha visión transversal. Non só pola iniciativa de incentivos dende o emprego e, polo tanto, a constitución e o establecemento de novos autónomos, e a contratación indefinida de traballadores ou a creación de pequenas empresas, senón que esa actuación a levamos a outros ámbitos do goberno, como pode ser o propio Igape ou a propia Dirección Xeral de Comercio.

Cando falaba do Plan estratéxico do Goberno falaba do crecemento intelixente e, polo tanto, de que aí os autónomos teñen que ter, lóxicamente, unha actuación prioritaria. Eu diríalle que, efectivamente, hai dous eidos nos cales este goberno está marcando esa prioridade, dende o punto de vista da actuación do Igape, cara a favorecer ese crecemento intelixente: un é dotar de todas as axudas necesarias para que os autónomos poidan desenvolver a súa actividade, entre as cales tamén está o incremento do tamaño —e niso coincidimos—; e, en segundo lugar, dotar os autónomos e os emprendedores das maiores facilidades administrativas para desenvolver a súa actividade.

Sabe que, con respecto ao Igape, hai diferentes programas que estamos abrindo aos autónomos, e hoxe, por exemplo, pódolle dar o dato de que preto do 45 % dos proxectos aprobados polo Igape no Programa Galicia Emprende son autónomos —o 45 % do programa Galicia Emprende—, e o 57 % das solicitudes xa presentadas —aínda non resoltas, pero xa presentadas—, na primeira edición do Programa Galicia Rural Emprende, tamén son autónomos. E, dende o punto de vista do financiamento, nas liñas de microcréditos, ata 25.000 euros, e de bonificación de préstamos a pequenas empresas, no 47 % da convocatoria pasada foron tamén beneficiarios os autónomos.

Polo tanto, os autónomos están a ter un protagonismo e un liderado nas diferentes iniciativas e nas diferentes axudas a través do Igape e dos seus diferentes programas —como Galicia Emprende ou Galicia Emprende Rural—, e o financiamento a través de microcréditos e bonificación a tipos de interese; insisto, os autónomos son uns dos principais colectivos beneficiarios.

E dende o punto de vista das facilidades administrativas, sabe que da Lei do emprendemento, de decembro do ano 2013, unha das súas principais medidas foi, precisamente, eliminar con carácter xeral as licenzas municipais. Ese foi, precisamente, un elemento que está favorecendo nomeadamente os autónomos e as pequenas iniciativas dende o punto de vista económico e dende o punto de vista empresarial. E agora, dentro desa planificación do Plan estratéxico, sabe que estamos elaborando unha nova lei de implantación empresarial tamén para seguir traballando na axilidade e na facilidade administrativa, e pensando, precisamente, no emprendemento e nos autónomos.

En definitiva, unha actuación dende o Igape centrada tamén nos autónomos que entendemos que é especialmente relevante e diferenciadora para apoiar as iniciativas deste colectivo.

E, finalmente, tamén sabe que a través da Dirección Xeral de Comercio os diferentes programas van orientados fundamentalmente aos autónomos.

Esta Estratexia do autónomo 2020 tamén inclúe novas medidas. Nese horizonte do ano 2020 entendemos que hai que desenvolver unha atención integral por parte do Goberno cara ás necesidades dos autónomos e das autónomas de Galicia. E niso estamos traballando. Para convocar a ampliación da tarifa plana, para facilitar a implantación de novos proxectos, imos implantar aquí en Galicia un bono autónomo que por primeira vez vai ter como destinatarios os autónomos de máis de 42 meses; é dicir, que por primeira vez imos apoiar os autónomos que xa teñen unha antigüidade superior á que marca a Lei do emprendemento. Imos desenvolver un programa específico de formación para os autónomos precisamente para facilitarlles a adaptación e os retos das novas tendencias; imos traballar sobre a conciliación dos autónomos e, polo tanto, plantexar a bonificación de 16 semanas adicionais do 100 % da cota da Seguridade Social da persoa contratada para conciliar; e tamén imos crear a Oficina do Autónomo como unha xanela integral que permita dispoñer de toda a información sobre as axudas e os procesos administrativos.

E, finalmente, dentro destas medidas, novas medidas de apoio aos autónomos, estamos traballando nun programa específico de relevo xeracional, co cal queremos fomentar tamén a continuidade dos negocios, favorecendo ao mesmo tempo a integración e o acompañamento de novos autónomos; unha necesidade na que coincidimos co Partido Socialista de Galicia e que entendemos que ten que servir para seguir ampliando e seguir mellorando o programa que xa temos desenvolvido no eido do comercio. Estamos traballando nun programa único que aglutine e que compatibilice todas as medidas que ten proposto o sector, un programa práctico, un programa realista, coa dificultade que supón sempre casar a oferta e a demanda e, sobre todo, un programa que complete o que xa temos, porque sabe que o Goberno ten un plan de apoio á transmisión de empresas a nivel estatal, no cal participa o Igape, e, polo tanto, imos traballar nese programa de apoio ao relevo no emprego autónomo. Este conxunto de ferramentas terán como obxectivo apoiar, dende o punto de vista técnico, dende o punto de vista económico e dende o punto de vista da mediación, para que os autónomos teñan máis doado e máis sinxelo todo o proceso de desenvolvemento da súa actividade.

Habilitaremos, polo tanto, medidas no eido dos servizos, da formación, tamén novas axudas e, en definitiva, un programa de relevo xeracional que sexa unha fórmula máis habitual en Galicia, preservando sempre o legado dos nosos autónomos e das nosas autónomas.

En definitiva, señor Losada, todo un abano de medidas que lle dan continuidade á acción do Goberno na pasada lexislatura, pero novas medidas para, precisamente, fortalecer a actividade dos autónomos e para que, polo tanto, os autónomos teñan toda unha serie de medidas de carácter transversal, dende o apoio ao emprego, dende o apoio ao desenvolvemento da súa actividade, a través do Igape, a través da Dirección Xeral de Comercio, e tamén favorecendo a formación e a innovación dentro do sector dos autónomos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, de verdade que eu a este goberno lle chamaría «o Goberno *subprime*». ¿Vostede sabe o das hipotecas *subprime*, non?, que collían partes de créditos, empaquetábanas distintas e comercializábanas coma se foran novos produtos financeiros, en teoría cun *rating* alto, pero logo, en termos prácticos, sabe exactamente o que aconteceu no ano 2008, ¿non?

A verdade é que me resulta difícil seguilo, non pola súa dificultade de expresión, senón pola miña incapacidade para o mesmo.

Vamos ver, estratexia específica para os autónomos. Estou seguro de que existe. Eu teño fe, pero tamén é verdade que coa cantidade de programas que nos contan vía *power point*, ¡home!, pois xa nos podían ter contado este porque me terían aforrado a interpelación, e sempre podía vir vostede comparecer a petición propia do Goberno, que sempre quedaba mellor. Dígoo para vostede. Estou facendo aquí de *manager* do Goberno do PP. En fin, enténdeme...

Cento sesenta millóns de euros. Eu voulle preguntar inmediatamente que me detalle por escrito —a ver se teño sorte esta vez— de que partidas, de que programas..., en fin, de onde saen. Son estes pequenos detalles orzamentarios que nos levarían aos ignorantes absolutos da oposición a saber de onde saen eses 160 millóns de euros, porque sempre axuda logo á hora de facer oposición.

Logo tamén me gusta o da transversalidade. Eu creo que isto da transversalidade dá para moito. Eu non son transversal. Empezo a sentirme un pouco raro, pero non son transversal, debo de ser así vertical, cadea de mando. Polo tanto, eu creo que pouca transversalidade, ¿verdade? Despois de escoitar a intervención de onte, a comparecencia do conselleiro de Política Social sobre o emprendemento dos xoves en Galicia, e escoitalo a vostede agora, a transversalidade está na cuarta dimensión. Nas tres habituais non está ou eu, polo menos, non a atopo. (*Aplausos.*)

«No Igape estamos abrindo as portas aos autónomos». Señor conselleiro, levan gobernando dende o ano 2009, non son as portas do templo de Jerusalén. Se de verdade as querían abrir, tiveron sete, oito anos ou xa non sei cantos levan, para abrilas, porque os autónomos e as asociacións de autónomos quéixanse de que as portas están pechadas. Entón, estaranas abrindo, pero, en fin, ábranas dunha vez, porque, volvo repetir, quéixanse de que están pechadas e quéixanse de que teñen unhas dificultades de acceso a todo tipo de subvencións brutais. E quéixanse, ademais, de que a substitución de subvencións por apoio a créditos nun momento como o actual, en termos financeiros, de acceso ao crédito dos autónomos, dificulta enormemente os procesos de investimento. Quéixanse diso, señor conselleiro, ou polo menos é o que a min me din. Eu non sei a vostede, cando se reúnen con vostede, que lle contan. Eu dígolle o que me din a min —por certo, todo o que me din paréceme bastante razoable—.

Quero dicir que nun momento como este en que, efectivamente, o crédito está sometido a uns procesos restritivos moi fortes, substituír subvencións directas por subvencións a tipos de interese, etc., que pode ter certo sentido nun momento en que o crédito flúe, non ten ningún sentido neste momento e dificulta enormemente o investimento e a creación de novos postos de traballo.

Logo, hai problemas en termos da prestación por desemprego, do cesamento de actividade, das pensións... Xa sei que esta parte non é competencia do Goberno galego, pero eu creo que, xa que teñen tanta estratexia, tanto plan e levan oito anos abrindo portas, pois ¡home! non estaría mal que foran capaces de que o 24 % ou 23 % dos afiliados á Seguridade Social desta comunidade autónoma se sentiran minimamente amparados polo seu goberno.

Porque o certo é que os datos de renda media e os datos xa non digamos de xubilación dos autónomos son verdadeiramente dramáticos. Eu teño o dato da xubilación media dos autónomos galegos, que é a máis baixa de España. A noticia é do 28 de marzo de 2017: 605 euros de media dos autónomos. Sei que está relacionado coa cotización, pero, evidentemente, as cotizacións mantéñense en mínimos porque as necesidades de financiamento fundamentalmente de novos investimentos no negocio ou na actividade económica que sexa teñen dificultades obxectivas. E teñen dificultades obxectivas indubidablemente polo motivo relacionado cos problemas financeiros, pero tamén con problemas tecnolóxicos. Non imos falar aquí... Xa sei que non é do seu negociado, pero teñen a súa importancia cuestións relacionadas coa cobertura de redes e, en fin, cun montón de temas que, especialmente no interior e con esa dimensión demográfica do rural, son un elemento relevante.

E deixo para o final —sei que me estou pasando de tempo, señor presidente, pero seis segundos— o tema orzamentario. Tamén sei que nos autónomos os programas plurianuais son case todos; efectivamente, son case todos, ¿verdade? Por iso... Non, poucos, poucos. Era con retranca, señor conselleiro. Os programas plurianuais nas subvencións aos autónomos ou hai esa cuarta dimensión ou son poucos, e os niveis de execución seguen sendo igual de baixos do que eran cando os programas non eran plurianuais. Non vou falar do Igape, que xa o temos dito.

Quero recordarlle que no caso da Dirección Xeral de Comercio, programa 751A, a redución orzamentaria dende que chegaron vostedes foi do 50 %, e, dentro diso, houbo aproximadamente corenta millóns de euros sen executar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E quero falar... —non quero falar porque non me deixan, e non me deixan porque me acabou o tempo—...

O señor PRESIDENTE: Non, bueno, ¡por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Déalle unha volta tamén, en termos de execución individual, aos cursos de formación...,

O señor PRESIDENTE: Para outro día; iso para outro día. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que sempre pensei que eran cursos académicos e non licenciaturas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señor Losada, sorpréndeme que vostede me fale de portas pechadas. Eu podo trasladarlle que esta estratexia dos autónomos que lle resumín na primeira intervención foi unha estratexia consensuada na Mesa dos Autónomos e, polo tanto, é unha estratexia que parte, precisamente, de atender as demandas e as necesidades dos autónomos. Polo tanto, este goberno está consensuando a Estratexia, e este goberno, falando do relevo xeracional, está consensuando tamén cales son as medidas que debemos de implantar aquí en Galicia para desenvolver un programa de relevo xeracional. Polo tanto, non só son portas abertas, senón que é unha invitación permanente para consensuar as diferentes medidas.

Efectivamente —e remítome aos datos—, Galicia, é a comunidade autónoma que ten unha maior intensidade de axudas para os autónomos en toda España. Iso pódollo trasladar con datos concretos. Efectivamente, eses 40 millóns de euros... Vostede fáleme de *power point* e eu fállolle do *Diario Oficial de Galicia*, porque as axudas para o emprego dos autónomos, as axudas para contratación de autónomos por cerca de 20 millóns de euros, están publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, e están publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as axudas para a creación de pequenas empresas, por importe de 2 millóns de euros, e están publicadas —e hai solicitudes de autónomos— as axudas para o Galicia Emprende e para o Galicia Emprende Rural. Estamos traballando —como lle trasladaba— nesas novas iniciativas co bono autónomo, coa tarifa plana, coas axudas á conciliación e tamén co programa xeracional.

Polo tanto, na estratexia dos autónomos, falamos de realidades; realidades que xa están no *Diario Oficial de Galicia* e sobre todo realidades que intentan dar unha resposta concreta aos autónomos. Creo sinceramente que nós temos que seguir nesa dirección. Nós queremos incorporar novas persoas e fortalecer, polo tanto, o emprego autónomo existente. Sabemos que temos que seguir traballando co sector para facilitar as mellores condicións de traballo e, polo tanto, o apoio á conciliación, ao coidado da saúde e tamén á prevención de riscos, e sabemos que temos que simplificar e interaccionar cos autónomos a través das novas tecnoloxías. E todo iso, por suposto, facilitando ese relevo xeracional que era obxecto da súa interpelación cun programa que saía do consenso e cun programa que poidamos desenvolver coas propias asociacións de autónomos. Polo tanto, creo que estamos na dirección axeitada.

Eu o que lle trasladaría ao Partido Socialista é que traballemos conxuntamente nesta dirección e, polo tanto, que non teña unha mensaxe en Madrid e unha mensaxe distinta aquí, en Galicia. E, claro, cando en Madrid non están apoiando os orzamentos xerais do Estado, que precisamente inclúen medidas concretas do apoio aos autónomos, a min preocúpame. E preocupárame tamén que nesa lei de reformas do traballo autónomo non contáramos co apoio do

Partido Socialista de Galicia. Polo tanto, nesas medidas que estamos intentando consensuar a nivel de España cun sistema de altas e baixas máis xusto, con cambios nas bases de cotización, coa redución na penalización no primeiro retraso por pago de cota, coa bonificación do cen por cento da cota de nais e pais autónomos e con novas deducións tanto de vehículo como de fogar, preocuparíame non contar co apoio do Partido Socialista Obreiro Español. Eu espero que, dende logo, dende aquí, dende Galicia, poidamos facer, actuar, cunha soa voz, apoiando os autónomos, tanto nas medidas a nivel nacional como nas medidas, por suposto, a nivel autonómico.

Polo tanto, señoría, a conclusión é clara: creo que estamos traballando para que os autónomos, tanto en España como en Galicia, teñan un apoio cada vez maior e cada vez máis intenso e sobre todo temos que abrírlles oportunidades. Creo que estamos traballando nesa dirección. Dende logo, nós cremos nos autónomos, cremos na súa capacidade, cremos na súa capacidade para reinventarse e cremos na súa capacidade para crear emprego e, polo tanto, entendemos que temos que apoiar os autónomos cando poñen en marcha o seu negocio e temos que apoiar tamén os autónomos cando deciden dar un paso ao lado e deixar que persoas con novas ideas poidan capitanear o proxecto e, polo tanto, dar paso tamén ao relevo xeracional.

Polo tanto, un convencemento deste goberno: a importancia que teñen os autónomos. Temos medidas concretas xa no *Diario Oficial de Galicia*, estamos a desenvolver esa estratexia, que incluírá a ampliación da tarifa plana, o desenvolvemento do bono autónomo, a formación específica para os autónomos e tamén por primeira vez ese desenvolvemento das axudas á conciliación.

Polo tanto, señor Losada, espero ter a oportunidade de poder compartir todas estas iniciativas e ideas e que poidamos facer esa fronte común entre o Goberno e os partidos deste Parlamento para, efectivamente, poder apoiar os autónomos tanto aquí, en Galicia, como tamén en España.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres e trece minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Proseguimos a sesión coa interpelación do señor Sánchez García, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Señora conselleira, a interpelación foi elaborada a partir dun informe feito por Ramón Varela Díaz con base nos datos do Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes, que se publicou a finais de 2016. Nel constátase que a contaminación causada pola gran industria medra de xeito importante en Galicia, e Galicia pasa de ser a cuarta comunidade autónoma en emisións a ser a segunda. Galicia, segundo o Rexistro Estatal, é responsable do 15,08 % do total das emisións do Estado español, e é a primeira en emisións de flúor, mercurio e perfluorocarbonos. É a segunda comunidade autónoma do Estado que máis dióxido de carbono emite, a segunda en gases de efecto invernadoiro, a segunda en dióxido de xofre, cloro e substancias acidificantes, a terceira comunidade por emitir á atmosfera partículas, monóxido de carbono, compostos orgánicos volátiles distintos do metano, arsénico e cromo; e ocupa tamén o cuarto posto en emisións de óxidos de nitróxeno e metais pesados en conxunto.

É tamén preocupante que, segundo os datos oficiais, os vertidos contaminantes á auga de Galicia significan o 10,46 % do total do Estado, ocupando o cuarto posto das comunidades. Galicia é, ademais, a primeira comunidade do Estado en verter compostos organoestánnicos e carbono orgánico total.

Mentres o dióxido de carbono en 2015 representa o 15,10 % do total do Estado, tres anos antes, en 2012, representaba o 12 %. En tres anos Galicia pasou do cuarto lugar ao segundo, incrementando de xeito importante a porcentaxe e o peso no Estado. Se se escollen os 32 contaminantes considerados como os máis importantes, no ano 2015 había 21 que tiñan valores superiores aos do ano 2010, e aínda 14 máis superaban os valores que tiñan no ano 2007.

As grandes industrias que teñen a responsabilidade destas emisións son poucas. Son a maioría multinacionais, ben do sector da electricidade, as centrais térmicas das Pontes e Meirama, o aluminio, sector do automóbil, petróleo, madeira e ferroalixaxes. Estes datos e outros moitos mostran unha especialización en Galicia da industria contaminante, xa que a proporción dos datos de emisións de contaminantes e emisións de gases de efecto invernadoiro é altísima; é dicir, Galicia é o 15 % das emisións contaminantes do Estado, é o 15 % dos gases de efecto invernadoiro do Estado. E, en cambio, somos o 5 % do PIB e o 5 %, aproximadamente, da poboación. Hai esa especialización, froito dunha economía colonial, onde se colocan industrias de enclave que deixan aquí graves impactos pero non deixan riqueza, deixan eses graves impactos ambientais e na saúde que vostede coñece, e que a nós nos preocupan, e que en cambio non traducen en creación de riqueza ou emprego a súa actividade.

Para o Observatorio de Sustentabilidade, na loita contra o cambio climático no Estado español resulta prioritario reconverter o sector enerxético procedendo á substitución dos combustibles ou tecnoloxías máis contaminantes, como o carbón ou o gas, polas renovables. Vostede anunciou aquí que está a elaborar a Xunta de Galicia unha estratexia de loita contra o cambio climático. No Plan estratéxico 2015-2020 da Xunta de Galicia, do Goberno galego, o obxectivo para o 2020 é a redución do 20 % dos gases de efecto invernadoiro dende o ano 1990. Ata o 2014 o descenso foi aproximadamente do 5 %. A subida do 2015 practicamente nos deixa —no ano 2015, ou sexa, a principios de 2016— aos niveis de 1990; polo tanto, ese 20 % hai que recortalo en catro anos para cumprir o obxectivo. E como estamos vendo, co peso que teñen estas grandes industrias, estes poucos focos de contaminación, no total de emisións —que é practicamente a metade, ou entre un terzo e a metade, todos os anos, das

emisións desta gran industria—, preguntámonos como se pode conseguir ese obxectivo sen ter un plan específico de redución da contaminación, e, neste caso, dos gases de efecto invernadoiro, para a gran industria. Preguntámonolo porque non coñecemos esas liñas de acción neste campo, si, tan específico pero tan importante na loita contra o cambio climático, como tamén na contaminación —do que falaremos despois—.

É evidente que nin a crise económica nin o ininterrompido desenvolvemento do eólico foron suficientes para que este país, Galicia, reducise substancialmente as súas emisións nos últimos vinte e cinco anos, anos perdidos tamén a nivel mundial e que nos poñen nunha situación perigosa.

Por outra banda, que as emisións destas grandes industrias, propiedade de grandes multinacionais, teñen un grave impacto na saúde e no medio ambiente é algo que non pode negar ninguén. Esta comunidade autónoma conta cun imposto de contaminación atmosférica, que, segundo o artigo 1, di: «Co obxecto de contribuír a regular a utilización dos recursos naturais, e de xeito específico a emisión de substancias contaminantes, créase un imposto sobre contaminación atmosférica». Claro, é evidente que este imposto creado no ano 1996, que tiña como obxecto regularizar a emisión de fontes contaminantes, non funciona. E é normal, cando coñecemos a facturación que teñen empresas como Endesa ou Gas Natural con estas actividades, que emiten case a metade das emisións de gases de efecto invernadoiro e das emisións contaminantes, e vemos, por exemplo, que no ano 2015, que é o ano ao que nos referimos nesta iniciativa, o que recada a Xunta de Galicia no total destas actividades son 4,5 millóns de euros. É evidente que ese imposto no cumpre a función de regular a emisión de fontes contaminantes nin moito menos.

Nós cremos que estas empresas deixan os impactos. E eses impactos evidentemente non os internaliza a empresa, pagámoslos todos. Os impactos na saúde e no medio ambiente pagámoslos todos. E por iso preguntamos nesta interpelación, señora conselleira, varias cuestións —as que ten por escrito—. ¿Considera que esta elevada produción de emisións contaminantes é unha realidade que é necesario cambiar, sobre todo, en proporción ao que somos como país, o que significa de especialización en industria contaminante? ¿Pensa que estas industrias responsables das emisións están a asumir os custos ambientais e de saúde que provocan? ¿Considera vostede que están a asumir eses custos ou nolos están a quitar do lombo para eles levar suculentos beneficios? ¿Teñen pensado mudar o imposto de contaminación atmosférica a estas empresas? ¿Ten pensado o Goberno galego promover un plan específico de diminución progresiva da contaminación das grandes industrias e pór en práctica as directrices da Organización Mundial da Saúde para partículas, xa que os niveis da lexislación son moi permisivos e duplican o recomendado? E unha que non tiña por escrito, pero que me gustaría facerlle —que presentamos noutra interpelación—: ¿que medidas ten pensado introducir na estratexia de loita contra o cambio climático específicas para a gran industria e para as emisións destes poucos focos contaminantes?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moi boa tarde e moitas grazas, presidente.

Señor Sánchez, da súa intervención podo deducir que, efectivamente, vostede ten un obxectivo, que eu comparto. E o Goberno da Xunta de Galicia quere, efectivamente, avanzar nesa reconversión absolutamente necesaria da xeración de enerxía, abandonando o carbón e o petróleo para, efectivamente, utilizar o máximo posible as enerxías renovables. Polo demais, da súa intervención eu o único que podo deducir é que ten vostede a tentación de pintar un panorama o suficientemente escuro da situación na que se atopa Galicia en canto ás emisións de gases de efecto invernadoiro. E eu creo que non pinta a realidade. Eu creo que deberíamos, nun tema tan importante coma este —dende logo para min é importantísimo—, ser, primeiro de todo, rigorosos á hora de amosar unha fotografía da nosa comunidade, e despois, por suposto, taxativos.

E eu, neste principio da miña intervención, o que quero é ser taxativa, como cando fago unha afirmación como a de que Galicia —Galicia, non as grandes industrias— non supera os límites de emisións á atmosfera establecidos pola lei. Cúmprese con estes límites, e a comunidade galega continúa a día de hoxe, señor Sánchez, estando por debaixo dos niveis das emisións de gases de efecto invernadoiro rexistradas no ano 1990.

Non lle oculto que, incluso cumprindo con iso que lexislativamente é a nosa obriga, traballamos para situar a nosa comunidade dentro das máis comprometidas co medio ambiente, e tamén, evidentemente, apuntando —e que así o fagan nas nosas empresas— cara á excelencia. Como non pode ser doutro xeito, dende o Goberno galego traballamos dese xeito continuo en algo que nos compete, que é a avaliación e o control, por suposto, da incidencia sobre o medio ambiente, e, sobre todo, da incidencia que pode provocar especialmente a actividade industrial. E para iso, evidentemente, fomentamos accións que permitan dalgún xeito corrixir ou mesmo minimizar esta incidencia. O obxectivo co que traballamos dende esta consellería é compatibilizar o desenvolvemento económico —que é, evidentemente, necesario— co máis estrito respecto medioambiental.

E agradezo que me pregunte polas emisións atmosféricas da industria galega porque me dá a oportunidade de clarear algunhas cuestións, para non sembrar máis alarma da necesaria, que eu creo que despois de escoitalo merece a pena clarear. Decía vostede que se baseaba nun informe, que é este informe do doutor Varela, estas dúas follas, onde, efectivamente, el vén a avaliar a incidencia sobre a gran industria. Pero é un informe que o propio doutor vén dicir que é un informe incompleto sobre a situación na que se atopa a comunidade autónoma. E efectivamente é así.

Cando se ten que avaliar a situación da nosa comunidade autónoma, temos que facelo dun todo, e non dunha maneira sesgada. A interpelación baséase nese informe que fala dun rexistro, que é o Rexistro Estatal das Emisións de Fontes Contaminantes, cunhas cifras —que estou convencida de que vostede coñece— que non representan a totalidade da actividade industrial, senón que só representan a actividade industrial que superou cada ano —é así a súa avaliación— determinado valor limiar de emisións. É dicir, cada ano nestes rexistros aparecen e desaparecen distintas industrias en función das súas emisións. En concreto, ac-

tualmente, a día de hoxe, neste rexistro están 14 industrias. A día de hoxe, non significa que o ano que vén volvan estar estas 14 industrias. De feito, se botamos man do estudo orixinal, como dicía, poderíamos dicir que este estudo orixinal do señor Varela é absolutamente incompleto. E o que é completo, a fotografía real da nosa comunidade, é o inventario nacional de emisións á atmosfera que ten o Ministerio, o MAPAMA. Esta estatística conta, sen dúbida, cunha cobertura moito máis ampla, se cabe, coa fotografía real da nosa comunidade, porque suma absolutamente todas as emisións da nosa comunidade.

Eu creo que é importante avaliar que, aínda que quixera vostede quedar única e exclusivamente coa avaliación do Rexistro, tampouco é exactamente rigoroso comparar dous anos en concreto, como facía vostede na súa intervención: o do ano 2012 e o do ano 2015. E digo que non é rigoroso porque ¿coñece vostede cantas empresas estaban no rexistro no ano 2012? ¿Eran 10? ¿Eran 8? ¿Eran 9? ¿Eran 14? ¿Pódense comparar coas que estaban no ano 2015? ¿Incrementáronse dende o ano 2012 a 2015 as emisións? Si. ¿Foi porque houbo máis actividade industrial? Bueno, pois, evidentemente, eu creo que isto é o que temos que avaliar con certo rigor.

E se temos en conta o que di o inventario polo que nos rexemos todos, é dicir, a fotografía da nosa comunidade, o que amosa ese inventario é xusto o contrario do que amosa ese informe dese rexistro en concreto. E é que a nosa comunidade, en concreto nas emisións de mercurio, no ano 2015 comparado co ano 2012, toda a comunidade, non a gran industria, non os que superan eses índices de emisións, rebaixou un 22 % as emisións. E da mesma maneira —por non estendernos con cifras— poderíamos dicir que todo o resto de parámetros que se analizan —CO₂, óxido de nitróxeno, amoníaco, arsénico, cromo, níquel...— nese inventario, a fotografía final da nosa comunidade, en todos eles está por debaixo no ano 2015 respecto do ano 2012. E hai que mencionar expresamente que nese período si que se incrementou a actividade industrial. É dicir, estamos, dalgún xeito, a desligar o crecemento económico, o crecemento da actividade industrial, da emisión de substancias contaminantes. É dicir, producimos máis pero emitimos menos á atmosfera.

E estámolo conseguindo a través da vixilancia e do control que levamos das instalacións industriais. E, por suposto, estas empresas obviamente teñen non só que cumprir a súa autorización ambiental integrada senón mesmo tamén apostar por melloras tecnolóxicas para cumprir as súas obrigas, e, sobre todo, para cumprilas de máis.

Os datos do Inventario Nacional das Emisións á Atmosfera tamén contradín o informe do doutor Varela no que respecta ás emisións de gases de efecto invernadoiro. E a realidade que se pinta no informe non se corresponde coas cifras do Inventario, que recolle todas as emisións de todas as industrias da nosa comunidade. A análise de todos os datos do Inventario é clara: non aumentaron as emisións de gas de efecto invernadoiro do sector industrial galego. Ao revés, as emisións de gases de efecto invernadoiro reducíronse nun 13,8 %. Tampouco aumentou o peso que teñen na nosa comunidade con respecto ao nacional, que tamén baixou. É máis, os datos dos que dispoñemos respecto do ano pasado revelan que as emisións de gases de efecto invernadoiro e as industrias participantes no comercio de dereitos de emisión —que tampouco son todas— baixaron case un 8 %. Galicia é, xunto con Castela-León e o País Vasco, unha das tres únicas comunidades con emisión de gases de efecto invernadoiro que aínda hoxe continúan por debaixo dos niveis do ano 1990. E, sen dúbida, un dos principais

motores desta redución de gases de efecto invernadoiro experimentada na nosa comunidade é a diminución das emisións do sector industrial, e obviamente tamén da gran industria.

O Goberno galego está facendo os seus deberes para que as emisións atmosféricas continúen na senda que deben seguir, é dicir, reducíndose. Temos que velar —e así o facemos— por que as instalacións industriais incorporen nos seus procesos produtivos todas aquelas tecnoloxías limpas, máis limpas e máis modernas, para dar estrito cumprimento —que xa o están a facer— da lexislación ambiental, e que non superen os límites fixados para cada industria, así como do resto de requirimentos.

Os datos da desagregación de Galicia do Inventario Nacional de Emisións á Atmosfera demostran que, a pesar —insisto— do incremento experimentado nos últimos anos da actividade industrial, os niveis de emisión non están a medrar ao mesmo ritmo. Queremos seguir traballando nesta liña para poder reducir os niveis de emisión ata onde a tecnoloxía nos permita. Esa é, dende logo, a nosa meta.

E como non pode ser doutro xeito, as industrias radicadas en Galicia xa están asumindo eses custos asociados á incidencia que a actividade que desenvolven ten sobre o medio ambiente; e, sobre todo, o funcionamento destas instalacións industriais que está directamente vinculado ao estrito cumprimento dos valores límite das emisións. Se non asumiran as industrias estes investimentos para mellorar as súas instalacións, para dar cumprimento á súa autorización ambiental integrada, evidentemente estas industrias teríamolas que pechar.

A maiores, dende o Goberno galego contamos con outros instrumentos complementarios —como dicía vostede—, como é o imposto de contaminación atmosférica, que a min me gustaría recordar que, aínda que data do ano 1995, non é un imposto que naza cun obxectivo meramente recadatorio, nin moitísimo menos. Pero si que pretende conseguir que as empresas que o teñen adopten nun curto prazo de tempo as medidas anticontaminantes. E, efectivamente, estamos a traballar na elaboración da Estratexia de loita contra o cambio climático, da que darei conta, se mo permite, no segundo termo da réplica, porque agora quedei sen tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Aquí hai uns que son os donos do rigor e outros que non o somos. Aquí, con ter a chapiña do Partido Popular, xa es dono do rigor.

Ben, o catedrático Ramón Varela Díaz non ten rigor cando fai este estudo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, bo razoamento o que acaba de facer, bo razoamento.

É que o valor deste estudo, señora conselleira, é que está focalizado na gran industria. E a gran industria galega é a causante do 15 % das emisións contaminantes e dos gases de efecto invernadoiro de todo o Estado, do 15 %. E resulta que, cando se agregan todas as emisións

industriais, das pequenas e medianas industrias, baixamos no escalafón. É dicir, que hai uns que estamos facendo os deberes, que estamos contribuíndo á loita contra o cambio climático e contra a contaminación, e hai outros que, en cambio, comparativamente, soben as emisións. É dicir, se hai ao redor de 30 millóns de toneladas de emisións de CO₂ e as grandes industrias son responsables de 14 millóns, será unha cuestión específica que hai que estudar, señora conselleira. ¿Isto non é así? ¿Ou falta rigor? ¿Non emiten 14 millóns de toneladas estas grandes industrias? Si, segundo o estudo de Ramón Varela, e si, segundo os datos oficiais do Estado. E entón vostedes, para os demais, teñen deberes; para a gran industria, barra libre.

¿Vostede di que os investimentos futuros de Endesa —e está por ver se de Gas Natural— para cumprir coa directiva europea é asumir os custos ambientais? Iso non é asumir os custos ambientais, señora conselleira, porque a pesar deses investimentos van seguir contaminando. E nós imos asumir os custos ambientais e os custos de saúde para as persoas. Os investimentos da empresa Endesa son para obter beneficios, como é lóxico en calquera empresario. Son investimentos para a empresa, iso non é asumir o custo ambiental.

E até o de agora ¿que pasou? Porque eses investimentos para cumprir coa directiva non están feitos, aínda están por ver. E teñen de límite ata o 2020 para facer eses investimentos, ¿non? Entón, mentres, seguiremos aquí a sufrir a contaminación duns determinados focos.

E non se desligou, señora conselleira, a emisión de gases de efecto invernadoiro do crecemento económico. Xa lle digo: Galicia nestes anos non ascendeu no escalafón no que se refire a pesar na riqueza no Estado. Non, baixamos incluso con respecto á media do PIB do Estado. E, en cambio, si que no ano 2015 subimos as emisións. Eu non dixen que se emitiran máis gases de efecto invernadoiro que en 1990, só se reduciron en menos do 5 % a finais do 2015. Eu pregunteille como iamos conseguir chegar ao 2020 coa redución do 20 %, que é o que pon o Plan estratéxico da Xunta de Galicia. Non me contestou nada de como teñen pensado facer. Se ata o de agora, en todos estes anos —incluídos os da crise económica, que supostamente reducen a actividade económica—, non se fixo, ¿como van facer en tres ou catro anos para chegar ao 20 %?

Tamén falou vostede da fin do carbón. Vostedes veñen aquí e soltan un argumentario. Se coincide con nós no obxectivo da fin do carbón, díganos o que ten pensado facer. ¿Que ten pensado facer? Eu non falei da fin do carbón. Veu vostede e contestoume: «Estamos de acordo en camiñar cara á fin do carbón». ¿Que ten pensado facer para acabar co carbón?

O que si que sabemos agora é que exportamos un terzo da enerxía que se produce aquí, practicamente coincidente coa que producen as centrais térmicas das Pontes e Meirama. E que esas centrais térmicas, en principio, van seguir funcionando ata máis alá do 2030; polo tanto, van seguir aí. Dígame vostede —xa que fala da fin do carbón e que está localizado aí o carbón, que está aí, en Galicia— o que teñen pensado facer. ¿Teñen pensado facer algo con respecto a esas centrais térmicas? ¿Ou é que teñen pensado empezar a traballar despois do 2030?

É dicir, eu vin preguntarlle aquí unhas preguntas moi concretas que quedaron sen contestar; é dicir, sobre o que ten pensado facer a Xunta para reducir as emisións contaminantes. Vostede pode dicir o que queira, pero o que representan as emisións en Galicia non ten parangón

co doutras zonas. Se vostede quere ser honesta, dígame, nunha cuestión tan fundamental que representa un terzo, cando menos —ou máis—, das emisións de gases de efecto invernadoiro, ¿que ten pensado facer concretamente a Xunta de Galicia?

E en canto ao imposto de contaminación atmosférica, eu non dixen que tivese afán recadatorio. Eu limiteime a ler o artigo 1, que di que tiña como obxecto regular as emisións de contaminación atmosférica, regular. ¿Funcionou iso, señora conselleira? ¿Con catro millóns e medio cre que estas industrias van pensar se contaminar ou non contaminar? Eu non dixen que fose recadatorio. Ademais, a afectación dese imposto é para accións medioambientais...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...para medidas de protección dos recursos naturais. Xa sei que é para iso, non é afán recadatorio. Pero ¿cumpre co obxectivo co que se creou este imposto? Por favor, contésteme, se fala da fin do carbón —que falou vostede—, qué van facer concretamente. Porque estamos moi interesados en escoitala. E se fala de chegar ao 20 % de redución de gases de efecto invernadoiro —xa estou rematando—, ¿como imos facer se ata o de agora practicamente non avanzamos nada?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Peché desta interpelación.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Antes de nada, comezo este segundo turno dicindo que nada máis lonxe da miña intención que dicirlle a este catedrático de bioloxía, ao señor Varela, que está falto de rigor, nin moitísimo menos. Porque, de feito, no seu informe el mesmo di que ese é un informe sesgado e que, efectivamente, non está completo. E, polo tanto, a falta de rigor, en todo caso, pódelle quedar a aquel que interpreta este informe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu dígoo porque o teño ata subliñado, e, polo tanto, volvo dicir que a falta de rigor, señoría —con todo respecto—, en todo caso é a súa interpretación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Efectivamente, da fotografía de Galicia, si. Só é da grande industria. Só é da grande industria, señor Antón. Eu creo que a interpelación non nos dá para un diálogo que nos podería gustar ter, pero non é a cuestión.

Do mesmo xeito, eu non estou aquí para defender a acción das grandes industrias, nin sequera das pequenas industrias. Eu estou aquí para defender a acción do Goberno. Porque o que teño claro é que seremos inflexibles con todas as industrias se non cumpren neste caso coas súas emisións, co respecto ao medio ambiente e co cumprimento da lexislación vixente en materia de medio ambiente, que é a que me queda.

E volvo empezar tamén esta intervención coa frase da primeira parte. E é que, pese á fotografía da nosa comunidade que vostede quere deixar enriba da mesa, como case sempre, que é esa foto tormentosa, Galicia a día de hoxe, en canto á emisión de gases de efecto invernadoiro, segue a cumprir e está dentro dos límites das emisións de gases de efecto invernadoiro. É dicir, non hai un expediente sancionador en calquera das industrias da nosa comunidade por incumprimento en materia de emisións de gases. (*Aplausos.*) Iso non significa que, evidentemente, traballemos para que eses límites se rebaixen e poidamos acadar ese obxectivo que aínda temos por cumprir de achegarnos a ese 20 % de redución con respecto aos datos do ano 1990, pero, evidentemente, sendo serios e non tentando debuxar un mundo idílico —como parece que vostede pinta dunha actividade industrial absolutamente inocua para o medio—. Nin é a actividade industrial inocua para o medio nin o é a actividade do home. E, polo tanto, efectivamente, o que temos que facer dende a Administración é seguir avanzando e debuxando esa folla de ruta que a día de hoxe non existe —non existe en Galicia, non existe en España, non existe en ningunha outra comunidade—, que é a Estratexia de loita contra o cambio climático, na que a día de hoxe estamos traballando e onde, efectivamente, a gran industria terá un apartado importante e significado.

Vostede fala única e exclusivamente das grandes industrias, non quere fixar a fotografía de Galicia. Eu non sei o que ten vostede con todas as grandes industrias. A vostede moléstalle Citroën, a vostede moléstalle Reganosa, a vostede moléstalle Endesa, a vostede moléstalle todo o que signifique prosperidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu xa sei que vostede é o inimigo da industria, eu xa sei que vostede é o inimigo da empresa. Pero, evidentemente, ese non é o meu problema. O meu problema é garantir que todos eles teñen que cumprir coa lexislación en materia de medio ambiente. (*Aplausos.*)

Mentres tanto, efectivamente, nós queremos avanzar na conversión da xeración de enerxía na nosa comunidade e na utilización de enerxías renovables. Si, señor, queremos avanzar nesa senda, que é no único onde parecía que podíamos parecernos algo, pero xa vexo que nin con esas. E, efectivamente, é a xeración da nosa comunidade autónoma en canto á enerxía baseada en carbón... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se me deixa falar, agradeceríallo moitísimo. A non ser que non queira escoitar. Se non quere escoitar a resposta, eu, da mesma maneira, séntome e xa está.

Ben, o que quería dicirlle é que, efectivamente, a xeración de enerxía na nosa comunidade ata o día de agora é nun 38 % con orixe no carbón e no petróleo. E, efectivamente, iso é o que queremos ir mudando para tentar xerar enerxía eléctrica na nosa comunidade a partir da enerxía renovable.

E temos que ter en conta que eses grandes xeradores aos que vostede parece que se opón, como é Endesa, como é Meirama, todas esas grandes industrias que lle provocan alerxia, todas estas, efectivamente, que están a utilizar carbón a día de hoxe, teñen sufrido tamén a situación do cambio climático. Porque hai que ter en conta que non é o mesmo xerar enerxía nos períodos de seca, xerar enerxía nos períodos de frío intenso, como tivemos no inverno, que noutros períodos de estabilidade. E, polo tanto, efectivamente houbo máis consumo de enerxía eléctrica neses períodos.

Aínda así, recentemente levamos ao Consello da Xunta un informe de todas as medidas que levamos a cabo dende a Xunta de Galicia dende o ano 2012 ao ano 2015 —medidas que foron 103, cun compromiso orzamentario, daquela, de 148 millóns de euros— precisamente para tentar loitar practicamente contra o cambio climático. E, efectivamente, agora avanzaremos na redacción desa Estratexia galega contra o cambio climático, que, como lle dicía, é a primeira da comunidade, é a primeira que implicará a todos os departamentos da Xunta de Galicia e tamén do resto das administracións, e é a primeira que se presentará ante o Estado, que ten a obriga —porque así o di a Unión Europea— de redactar para o ano que vén a súa estratexia de loita contra o cambio climático. E aí —repítolle, señor Sánchez— terá tamén un papel protagonista —porque obviamente así é— a gran industria da nosa comunidade autónoma.

O que si lle podo dicir é que lanzamos a día de hoxe menos emisións á atmosfera que hai vinte e sete anos, contribuíndo así ao compromiso en materia de redución de emisións que nos marcou a Unión Europea a todos os países membros. Traballamos para reducir o máximo posible ese impacto da actividade industrial.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): E, como dicía, non estou para defender a actividade industrial —alá eles, que se defendan—. Si defendo que a Xunta de Galicia é vixiante, e serao, será inflexible con todas aquelas industrias, grandes ou pequenas, que non cumpran a lexislación vixente en materia de medio ambiente e en materia de emisións.

Pero, señor Sánchez, cando falo do rigor, se quere amosar unha fotografía de Galicia, amósea de verdade e non un cacho.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pasamos ao punto oitavo da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Xa foron comentadas as alteracións na orde do día.

Pregunta de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia diante do escaso investimento previsto nos Orzamentos xerais do Estado para a dragaxe da ría do Burgo

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Carmen Santos, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Cando queira.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas.

En primeiro lugar, quero saudar os representantes da Plataforma en defensa da ría do Burgo e tamén os traballadores da confraría. Realmente eu contaba con que estivera aquí a señora Quintana, pero tereille que preguntar a vostede, porque, sobre todo, ía focalizar a orientación do... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Evidentemente, porque o tema da ría do Burgo, do que lle vimos preguntar, é sobre todo un tema de emprego, ademais dun tema de medio ambiente e de saúde pública. E, sobre todo, sabendo os datos do CIS —da última enquisa— que se souberon onte, onde segue sendo a maior preocupación dos cidadáns e cidadás o emprego e, en segundo lugar, xa pisándolle os talóns, a corrupción, pois consideramos que é moi importante facer preguntas de casos claros sobre como está xestionando a Xunta de Galicia as cuestións do emprego; e, neste caso, no sector do mar, o que está relacionado directamente coa ría do Burgo.

Vemos que Galicia xa perdeu, dende que vostedes gobernan, un 13,5 % dos postos de traballo relacionados co mar, e nin máis nin menos que 5.000 persoas en nove anos de afiliados á Seguridade Social no réxime do mar.

E aí vemos o claro exemplo desa plasmación da mala xestión, que é a ría do Burgo, unha ría que na década dos 70 viña dando máis de 2.000 postos de traballo, directa e indirectamente, e que agora mesmo se ven reducidos a apenas 90 e en caída libre.

A situación da ría —tamén vostede o saberá, porque é parte da súa competencia— é extremadamente delicada. É certo que a situación da ría vén herdada en parte polas obras e polos recheos que xeraron a acumulación de lodos, e que se veu empeorada polas augas fecais das poboacións da ría —aínda que agora están máis controladas— e os vertidos da presa de Cebre, onde suman a acumulación de materia orgánica e arcillas. O escaso caudal do río Mero e a nova orografía da ría tras as obras impiden que de xeito natural se removan os lodos. E isto ¿que xera? Pois que os traballadores só poidan faenar no 18 % das zonas destinadas ao marisqueo e ademais que a mortalidade do marisco sexa altísima, en especial da ameixa fina, que, ademais de ser unha especie moito máis delicada cunha mala calidade das augas, é ademais a de maior valor comercial e da cal dependen directamente estes traballadores para ter os ingresos suficientes para pagar cousas tan simples como a súa seguridade social.

Hai catro anos a ría do Burgo foi visitada por varios eurodeputados. E catro anos despois, pese a un informe no que a Comisión de Peticións instaba as autoridades do Estado español e galegas a levar a cabo un plan de rexeneración integral da ría, vemos que a situación non soamente está igual, senón que está peor, que hai uns lodos de 1,70 metros de grosor.

O señor Rajoy —é o presidente do Goberno e do seu partido, aínda que agora o repudian un pouco— prometeulles a estes veciños, ante as súas protestas e a situación, un proxecto de limpeza da ría que custaba 46,3 millóns de euros, e serían 400 postos de traballo. Iso prometeulles. Vemos que nos orzamentos do Estado reservan unha partida de chiste...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor. Formule a pregunta.

A señora SANTOS QUEIRUGA: É que tiña que explicar por que ía a miña pregunta á señora Quintana.

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero xa sabe como é a mecánica.

Formule a pregunta, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Pois que destinan 1 millón de euros...

O señor PRESIDENTE: Non, non, formule a pregunta.

¿Cal é a pregunta?

A señora SANTOS QUEIRUGA: Señor Santalices, espero que sexa igual de rigoroso nos tempos de todas as persoas que interveñen, porque non o fai...

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe, pero é que, señora Santos, non lle vou explicar cal é a mecánica disto.

Formule a pregunta.

A señora SANTOS QUEIRUGA: En vista de que nin a ministra de Medio Ambiente —a súa homóloga no Estado— sabía de prazos nin de nada de todo isto, á parte da pírrica cantidade, ¿que ten pensado facer a Xunta de Galicia tendo todos os informes técnicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...suficientes e necesarios ante esta situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos. Terminou o seu tempo.

Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señora Santos, lamento decepcionala se é que non contaba coa miña presenza. Permítame tamén que saúde especialmente os traballadores da confraría e as persoas que veñen dende a cidade da Coruña para escoitar esta resposta.

¡Home!, antes de comezar a falar do importante, que é a ría do Burgo, escoitala a vostede falar de emprego e, en concreto, dos problemas do emprego da cidade da Coruña en concreto, cando é a segunda cidade de toda Galicia que ten os peores indicadores de emprego despois de que Galicia medre en emprego, despois de que Galicia diminúa o paro, e que A Coruña é a campioa e está na *Champion League* da xeración de emprego, pois é, cando menos, chamativo (*Murmurios.*); sobre todo, tendo en conta quen goberna na cidade da Coruña. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, bueno, se vostede quere falar de emprego, só lle

recordo que a día de hoxe o paro rexistrado na cidade da Coruña é maior que hai dous anos e da mesma altura que o do ano 2011.

Pero volvendo ao importante —xa que están aquí, por respecto ás persoas que me acompañan, da ría do Burgo—, mire, se houbo un goberno e unha formación política comprometida coa ría do Burgo dende hai anos, efectivamente, ese é o Partido Popular, e dende hai anos. E teño que facer historia porque isto é importante, sobre todo para que o coñezan as persoas que están aquí.

É verdade que hai moita presión e houbo moita presión sobre a ría, presión por parte dos concellos, presión por parte das industrias. É verdade que nos tiraron das orellas dende a Unión Europea para tomar en conta e facer actuacións. Pero é verdade tamén que se fixeron, e que se fixeron grazas ao compromiso do Goberno, do Partido Popular, no Estado e do Goberno, do Partido Popular, na Xunta de Galicia. E a día de hoxe téñense investido nesa ría por decisión expresa do Partido Popular 100 millóns de euros precisamente para sanear a ría —para sanear, que non para dragar; para sanear, que é a competencia nosa—. E de feito, froito dese compromiso —e podo recoñecerlle, e recoñezoo, que tivemos un tirón de orellas—, a día de hoxe —e eles sábeno ben— a situación do marisqueo mudou, posto que no ano 2007 estaban todos os bancos marisqueiros clasificados como zona C e a día de hoxe están clasificados como zona B.

E temos que seguir investindo nesa ría. O meu compromiso, nada máis acadar esta responsabilidade, foi precisamente poñer á disposición desa ría —e, polo tanto, dos mariscadores e de todos aqueles que desfrutamos dela— 6 millóns de euros en dous investimentos que estaban reflectidos nun plan de saneamento que a día de hoxe está en obras; dous investimentos, un deles en obras e outro a piques de comezar as obras, que serán unha realidade no ano 2018.

Eses 100 millóns de euros, efectivamente, teñen que ver cunha EDAR —un investimento de 80 millóns de euros dos que a Xunta de Galicia puxo 20 millóns de euros e o Estado puxo o resto, o que, por certo, foi comprometido polo Goberno do Partido Popular no ano 2004, volvo incidir—. A EDAR foi a que incidiu directamente na calidade das augas e no saneamento desa ría. E a día de hoxe, efectivamente, están clasificadas como zona B.

Mire, fala vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo, señora conselleira.

(Aplausos.)

Réplica, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: [...] que queira desviar a atención sobre as responsabilidades da Xunta falando dun concello, que aquí nada ten que ver, para facer campaña. Pero o caso

é que o Ministerio de Agricultura, Pesca, Acuicultura e Alimentación encargou, a través da Demarcación de Costas, un informe ao Cedex (Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas), un informe sobre as posibilidades de dragaxe. E determinouse no dito informe que era non soamente idónea senón factible.

Isto era no ano 2012 e este informe poñía que a data máxima de licitación da dragaxe era o ano 2016. Claro, por suposto que non é suficiente coa dragaxe, estamos totalmente de acordo. O 22 de outubro de 2013 iníciase o proceso de solicitude de avaliación de impacto ambiental do Proxecto de saneamento da ría do Burgo, e é tal o seu compromiso que, despois de ter varias aportacións e alegacións deses organismos independentes —pagados por todas, e que fan moi ben o seu traballo—, trae aquí varios informes sobre as alegacións con respecto a este proxecto que están firmados no ano 2013, en decembro, por xente tan sospeitosa de estar de parte como xente do CSIC, do Ministerio de Ciencia e Innovación, e como alegacións colgadas do Campus do Mar con expertos e investigadoras da Universidade de Vigo e do IEO, onde deixan clarísimo que é urxente no ano 2013 a dragaxe da ría do Burgo e tamén, por suposto, a recuperación integral e o saneamento da ría do Burgo por razóns de emprego, medioambientais e de saúde pública. E teñen absolutamente tipificado todo o que hai que facer.

¿Que vemos, sen embargo? Que o Partido Popular non sei a que está esperando. Aproba un orzamento pero seguimos sen ter prazos para que se faga a dragaxe da ría, seguimos perdendo emprego, séguese deteriorando a ría do Burgo. E eternízanse no tempo con escusas, mareando a perdiz —como fan vostedes sempre—, e falando doutras persoas e botándolles a culpa a outros. Pero o caso é que teñen informes moi completos que recomendan e exixen a urxencia de recuperar a ría do Burgo, en primeiro termo, coa dragaxe e, por suposto, coas actuacións pertinentes para a recuperación da ría.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Así que explíquelles aos que están aí arriba por que non o fan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos, terminou o seu tempo.

Grazas.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Pois a ver se teño tempo nesta segunda intervención.

O primeiro de todo, e por concretar, parece que avanzamos e xa o Plan de saneamento non ten nada que ver co dragado. Iso xa é importante. Ese plan de saneamento, que foi aprobado no ano 2011, conta con 13 actuacións. Dúas delas —as últimas— xa teñen totalmente ratificado o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia. É dicir, a Xunta de Galicia xa non ten nada máis que facer en materia de saneamento —e falo de depuración— na ría do Burgo. Témololo cumprido. Supoño que, como vostede lle pregunta ao Estado, tamén lles preguntará

aos concellos limítrofes —que teñen o resto das actuacións; en concreto, 11—, é dicir, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Cambre, sobre o tipo de actuacións que fixeron que eles tiñan aí comprometidas. Porque ese plan, señora Santos, non está a poñer deberes á Xunta de Galicia, ponlle deberes á Xunta de Galicia e tamén lles pon deberes aos concellos. Digo eu que esta belixerancia á hora de preguntar tamén a terá vostede nos plenos do resto dos concellos. Pola parte da Xunta de Galicia, o que teño claro é que cumprimos.

Por outra banda, señoría, que vostede agora me veña preguntar por un proxecto importantísimo, como é o de dragado dos fondos —competencia exclusiva do Estado—, a min paréceme moi ben; e que diga <<xa teñen o presuposto aprobado e teñen aí pintado un diñeiro, que eu recoñezo que é pouco, que é 1 millón de euros>> —que é o que di vostede—... Perdoe pero non, ¡non temos presuposto! E, se por vostedes fora, non o teríamos. ¡Que non está aprobado o presuposto, señoría! (*Murmurios.*) ¡Non temos presuposto! (*Aplausos.*) Non hai nin 1 millón, nin 2 millóns... (*Aplausos.*) Señoría, eles teñen que saber a verdade. Non hai nin 1 millón nin 2 nin 3. ¡Non hai! E aínda temos a oportunidade de... ¡A ver!... Porque custou, ¡eh! Chegar a acordo para aprobar o presuposto custou. E obviamente os que temos responsabilidades de goberno sabemos que esa cifra —aínda que eu estou con vostede en que é unha cifra pequena para poder afrontar ese proxecto de 46 millóns de euros—, aínda que estivera pintada dende xa, dende xa, sería practicamente imposible executala. Iso non significa que non esteamos comprometidos con que vaia para adiante. Iso non significa que eu mesma, na última xuntanza que mantiven coa secretaria de estado, que foi hai pouco, hai apenas quince días, non lle pedira expresamente que as alegacións as resolvera xa e que, de inmediato, puxera o financiamento necesario para comezar ese dragado, que é importante e que se ten que facer, evidentemente, en consenso, colaboración e coordinación cos concellos e tamén, evidentemente, coa Xunta de Galicia. Polo tanto, pedínlle expresamente que convocara unha mesa de traballo na que aqueles que teñen algo que dicir —e sobre todo, o máis importante, algo que facer— estiveramos sentados. Eu espero que iso sexa unha realidade o máis pronto posible, non só na resposta das alegacións, que, efectivamente, teñen que ser xa, senón tamén na creación desa mesa na que temos que estar os que temos moito que dicir e que facer, pero, sobre todo, que facer, que son os catro concellos. Porque non é por nada, pero a presión non é da Xunta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): A presión sobre a ría é dos concellos, recórdollo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG establecidos na Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Hoxe o meu grupo pregúntalle, señor Rodríguez, por unha decisión que adoptou a Consellería de Educación e que vai deixar moitas persoas investigadoras do noso país tiradas. Concretamente todas aquelas persoas investigadoras —xa digo— que se licenciase ou graduasen antes do ano 2006 e que son doutoras. Porque, de acordo coa lei que regula a convocatoria de axudas posdoutorais, esas persoas non poderán concorrer a elas. E non poderán facelo por unha decisión que non acabamos de entender —xa llo teño que avanzar— e que agardamos que tente explicárnola agora.

Esa orde fixa unha barreira sobre unha titulación que nada ten a ver coa posibilidade de acceder á carreira investigadora. Porque, como sabe vostede —e ademais sábeo porque profesionalmente está ligado á propia universidade—, a licenciatura ou o grao non habilitan a unha persoa para acceder a un contrato posdoutoral, para iso o que fai falta é ter o doutoramento.

Neste senso, a decisión da súa consellería de establecer unha exclusión non atende, dende ningún punto de vista, a un criterio académico ou a un criterio científico, senón que supón unha decisión, desde o noso punto de vista, absolutamente discriminatoria, absolutamente arbitraria e, para alén do máis, contravén a Carta europea do investigador e as recomendacións que fixo ao respecto a Comisión Europea no ano 2005, onde se din claramente dúas cuestións —alén doutras, pero dúas cuestións no que nos atinxe—: que as persoas investigadoras que reciban unha axuda, financiamento ou sexan contratadas para desenvolver a súa investigación non poderán ser discriminadas, entre outras cuestións, pola súa idade, pola súa condición social ou pola súa condición económica; e, en segundo termo, que os empregadores ou financiadores da investigación, neste caso a Xunta de Galiza, como calquera outra administración pública, deben velar por que as interrupcións da carreira profesional ou as variacións cronolóxicas dos *curriculum vitae* non sexan penalizadas senón consideradas como parte da evolución profesional da persoa.

Voulle pór un caso moi concreto pero bastante descritivo da realidade que temos no país: unha persoa licenciada antes do ano 2006 e cunha tese depositada e defendida apenas hai un ano e medio, emigrada, docente na Universidade Estatal do Ecuador, agora excluída das axudas posdoutorais; axudas que, entre outras cuestións, ademais, sinalan entre os seus obxectivos que a súa misión é facilitar o retorno das persoas investigadoras, facilitar ese retorno e, ademais, garantir a incorporación de máis persoal investigador ao sistema de I+D+i galego. Iso é o que pon a orde.

Por iso lle preguntamos, señor conselleiro, se van suprimir, como reclamaron, ademais, investigadoras e investigadores do noso país a través dun recurso de reposición, ese requisito para concorrer ás axudas posdoutorais que, repetimos, é discriminatorio e absolutamente excluínte. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Boas tardes, señor presidente.

Señora deputada, eu, antes de nada, o que quixera, antes de responder á súa pregunta, é contextualizar sobre o que estamos a falar, saber do que estamos a falar. E, neste caso, a Consellería, como vostede sabe, dende o ano 2012 convoca un programa de axudas que literalmente son formación inicial —repito, formación inicial— de investigadores e investigadoras posdoutorais. É dicir, para aqueles xoves que rematan a súa tese doutoral e que teñen a posibilidade de participar e de incrementar a súa formación mediante unha bolsa, ou un contrato, como se lle queira chamar, de tres anos para poder incrementar a súa formación inicial.

E nesta formación o que se fai é un plan de tres anos. Dous anos da investigación desenvólvense nun país estranxeiro para favorecer o que é a internacionalización e conectar estes investigadores coas liñas de investigación internacionais, e un ano desta investigación fano dentro do sistema universitario galego. É un programa que axuda á formación dos investigadores no estranxeiro, que abre esa posibilidade para incrementar a capacidade formativa de xoves que acaban de rematar a súa tese doutoral e que, dalgún xeito, poden potenciar a súa formación con base nestas axudas posdoutorais, é dicir, despois de facer a tese.

Estas axudas non son para captar talento exterior ou para captar investigadores galegos que estean fóra e que queiran retornar. Para iso a Xunta de Galicia ten outros programas, como vostede estou seguro que ben coñece. Aquí o que se busca é dar formación, posibilitar que os xoves que acaban de rematar a tese doutoral poidan formarse no estranxeiro durante dous anos e durante un ano no sistema universitario galego. Obviamente con base nuns requisitos: o currículo, a experiencia investigadora, a data de lectura da tese e tamén que non coincida con outras bolsas semellantes, como a Parga Pondal ou a Ángeles Alvariño.

E o que vostede di que é discriminatorio, referíndose ao tope de 2006, é algo que garante que os xoves investigadores teñan máis oportunidades e se cumpra coa filosofía da orde. Vostede entenderá que unha persoa que se gradúa no 2006, ou se licencia no 2006, ten once anos para ler a súa tese, unha cantidade de anos que entendemos moi razoable para presentar a tese doutoral, once anos. A partir de aí, estes xoves investigadores poden presentarse a esta bolsa para incrementar a súa formación e para ter unha traxectoria investigadora que estea sopesada e teña tamén un reforzo na investigación nalgún país estranxeiro.

Obviamente, isto non é, nin moito menos, arbitrario nin discriminatorio nin excluínste. Isto faise para garantir que os xoves investigadores posdoutorais teñan máis oportunidades, entendendo que, se non se fixa unha data límite, é posible que algúns investigadores con moitos anos e con moi bos currículos impidan que xoves investigadores poidan formarse no estranxeiro, co cal non hai ningún criterio arbitrario, senón que, como vostede dixo —aínda que creo que leu outro documento— ...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, grazas.

Acabou o tempo, moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...responde a unha recomendación que plantexa a Unión Europea e incorpora o resto do Estado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, grazas, presidente.

Eu o da recomendación supostamente europea xa o lin na prensa. Eu remexo e remexo e non atopo esa recomendación. Eu atopo as que lle dixeran.

Eu creo que se a Xunta o que quixese fose pular polo acceso a estas axudas daquelas investigacións máis recentes ou pular pola incorporación de xoves investigadores ao sistema de investigación, desenvolvemento e innovación galego, debería crear unha liña específica para xente moza. Pero en realidade esta orde —que é practicamente igual, coa excepción desa cláusula en concreto, que a dos anos anteriores— non atende a ese criterio. Porque o seguinte, entón, ¿que vai ser?, ¿vai ser que se fixe un tope, que se fixe un límite, un tapón, en secundaria ou en primaria? É dicir, non atende o seu argumento a ningún criterio científico ou a ningún criterio académico. Porque repito que habilita a unha persoa para poder acceder a unha posdoutoral, entre outras moitas cousas, ter un currículo absolutamente brillante que poucas persoas poden ter na súa posesión, pero, sobre todo, o título de doutoramento. Entón, se o que vostedes queren é fixar un límite, establezan ese límite en virtude do ano de lectura da tese, que é o que se fai na maior parte dos sistemas educativos e dos sistemas de investigación da nosa contorna. É que, ademais, o que fan vostedes non o fai, por exemplo, nin sequera o propio Estado español a través das Juan de la Cierva. Nós insistímoslles moitas veces aquí en que sexan independentes, soberanas e autónomas e que non vaian seguindo a liña que marca o Estado español. Pero, para unha vez que van vostedes por libre, van mal.

Mire, a decisión que adoptaron exclúe e discrimina. Eu insisto nesta posición porque impedirá a moitas persoas doutoradas que poidan acceder á única axuda, ademais, coa que contamos no noso país para continuar esa carreira investigadora despois de ler a tese doutoral. E, ademais, deixará a moitas persoas que se atopan, como lle dicía nese caso concreto e específico hoxe, intentando manter a súa formación e a súa investigación no estranxeiro.

Nós o que seguimos é insistindo, e pedindo, como fan os investigadores e as investigadoras, que retiren esa cláusula. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora Rodil, eu insisto. Esta convocatoria, a convocatoria da que falamos hoxe, ten unha finalidade, responde a unha filosofía, que é formación inicial na época posdoutoral *(Pronún-*

cianse palabras que non se perciben.), formación inicial na época posdoutoral. É dicir, a formación que vén reforzar a adquirida por un xove investigador que acaba de presentar unha tese doutoral e, obviamente, acaba de aprobar.

Isto ¿que implica? Isto non é discriminatorio nin é inxustificado. Está plenamente xustificado, e entendemos que hai uns prazos razoables e hai recomendacións da Unión Europea nesta liña.

E, mire, facer o que di vostede, suprimir esa referencia ao ano 2006, dende logo non beneficia en nada, en nada, aos xoves investigadores deste país. E vostede estará de acordo con noso seguramente en que os xoves que veñen de rematar ou veñen de presentar a súa tese doutoral deben ter oportunidades. E estará de acordo en que deben construír, que están en período de construción, unha vez que rematan esa tese, unha traxectoria investigadora sólida. E estas bolsas danlles a oportunidade durante dous a estes investigadores de formarse no estranxeiro. Non son de captación de talento, como lle dixen antes.

E eu creo que aí debería reflexionar sinceramente sobre o que é un programa de formación inicial na época posdoutoral. Porque lle pregunto a vostede —retoricamente—: ¿que é máis discriminatorio?, ¿é máis discriminatorio que aquelas persoas que levan moitos anos, despois de facer a tese, participando en proxectos deste tipo e teñen un currículo moi sólido poidan frear ou impedir que xoves que acaban de ler a tese doutoral poidan incorporarse ou o é dar oportunidades aos xoves que veñen de rematar a tese para que poidan incrementar a súa formación durante tres anos, dous deles no estranxeiro?

Eu creo que a súa postura, se sacamos ese límite temporal, xera moita máis discriminación e, sobre todo, é un freo para que xoves investigadores, dentro do sistema universitario, se poidan incorporar. E iso realmente é no que vostedes están errando. Están confundindo o que é unha orde de captación de talento cunha orde de formación inicial posdoutoral. Son conceptos absolutamente diferentes, e a Xunta de Galicia atende aos dous.

Mire, en formación posdoutoral —voulle dicir— a Xunta de Galicia inviste 16 millóns de euros. Deles, hai 100 axudas predoutorais, previas, para facer a tese; hai 50 axudas posdoutorais —que son coas que estamos agora e vostede está cuestionando—; e hai 20 axudas de formación posdoutoral. E —insisto— estamos a falar dunha orde de formación inicial e entendemos que aquí debe priorizarse o que é a incorporación de xoves investigadores á potenciación da súa formación no estranxeiro e non manter dentro do sistema a aqueles investigadores —con maior ou menor nivel académico ou maior nivel investigador, sen entrar niso— que levan moitos anos dentro do sistema, e están porque xa teñen un currículo brillante seguramente, que estarían coartando as posibilidades dos xoves investigadores de formarse.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Co cal, esa data é unha data...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...absolutamente razoable e que responde...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro, rematou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...a criterios da Unión Europea. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pregunta de D^a María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios que vai seguir a Xunta de Galicia para a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á repartición de fondos do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señor conselleiro, como vostede sabe perfectamente, no mes de abril o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou unha sentenza admitindo o recurso contencioso administrativo presentado pola Universidade da Coruña contra a aplicación do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia nos anos 2011-2015.

Nesta sentenza o Tribunal Superior de Xustiza considera probado que houbo erros na aplicación dos criterios para a repartición dos fondos estruturais na parte da subvención fixa —que, por certo, como vostede sabe mellor ca min, son os máis substanciosos de todo o plan— e que houbo un erro ao aplicar os criterios históricos. É unha repartición que está feita pola Secretaría Xeral de Universidades desde o ano 2011 ao 2015.

Estes erros na aplicación dos criterios de repartición para a Universidade da Coruña fixeron que esta universidade recibise menores ingresos dos debidos, que se calculan en torno a uns 7,5 millóns de euros e que agora o Tribunal Superior de Xustiza lle di á Xunta e, neste caso, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que faga unha nova repartición e que lle dea, conceda ou outorgue estes fondos á Universidade da Coruña.

Dende logo, o problema non pode minimizarse porque a sentenza dá por probado —e cito—: «que foi vulnerado o principio de seguridade xurídica, de estabilidade financeira e de suficiencia, así como a equidade institucional», por uns cálculos que foron realizados —e cito— «dunha forma unilateral e motivada por parte da Xunta de Galicia». Isto creou un problema de liquidez nos últimos anos deste período para a Universidade da Coruña. Ademais, tamén creo que temos que pensar en como foi un pouco a resposta da Consellería neste senso, para evitar —porque de todos os erros se aprende—... Entón, non se lle deu á Universidade da Coruña os datos que solicitaba ata o ano 2014.

En todo caso, a nós preocúpanos que nese momento —cando se plantexou o problema pola Universidade da Coruña no ano 2015— o señor secretario de Universidades dicía que aínda

que a xustiza lle dera a razón non habería un euro máis dado pola Consellería, e que habería que extraer o diñeiro do outorgado a Santiago e Vigo. Como nós non cremos que un erro da Consellería poida ter tan graves repercusións para as outras universidades —que terían problemas para devolver estes fondos—, por iso queremos saber, señor conselleiro, como vai facer para cumprir esta sentenza de devolver estes 7,5 millóns á Universidade da Coruña sen prexuízo para as demais universidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Boas tardes de novo.

O primeiro que quixera sinalar é que a Xunta de Galicia respecta e acata a sentenza emitida pola Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX (*Murmurios.*), pola cal se estima en parte o recurso presentado pola Universidade da Coruña.

O Tribunal constata a diferenza de interpretación ao redor da aplicación no cálculo da cantidade fixa e variable correspondente á repartición de fondos estruturais —con base en criterios históricos, como vostede dixo— acordado pola Xunta e as universidades no Plan de financiamento do SUG para o quinquenio 2011-2015, é dicir, o anterior Plan de financiamento universitario. Non hai un incumprimento do conxunto do plan —como se di, por certo, na exposición de motivos—, e o que se fixan son discrepancias nos cálculos das cantidades a percibir nalgúns anos —non en todos— por parte da Universidade da Coruña. De feito, a sentenza non cuestiona o método de financiamento acordado pola Xunta e as tres universidades, que, por certo, foi rectificado con vixencia entre os anos 2011 e 2015.

Cómpre destacar que a sentenza se circunscribe a unha discrepancia na interpretación dun parágrafo referido á forma de aplicación efectiva das formas de financiamento, aceptada —por certo— na Comisión de seguimento do plan, onde tres das catro partes integrantes —todas menos a institución demandante— así o rectificaron.

Cando se tivo coñecemento da sentenza, logo da correspondente análise, a Consellería optou por renunciar á posibilidade de recurso e negociar coa Universidade da Coruña a procura dunha solución que permitise a execución da mesma, respectando as indicacións do propio tribunal. Hoxe podemos sinalar que xa temos acadado un acordo coa Universidade da Coruña para facer efectiva, de acordo cos criterios establecidos polo xuíz, a regulación de cantidades que derivan do fallo.

Cabe sinalar —e insisto— que a execución da sentenza non afectará nin a Universidade de Vigo nin a Universidade de Santiago, en relación nin coas cantidades percibidas no Plan de financiamento xa vencido, nin tampouco coas correspondentes ao plan que agora mesmo está en vigor.

¿Que é o que se vai facer? Pois, tal e como establece a sentenza, vaise regularizar a situación a través do pagamento á Universidade da Coruña do que lle corresponde —froito do novo cálculo e con base nos criterios da propia sentenza—, e, en concreto, estamos a falar de que a cantidade que tanto a Xunta como a institución coruñesa teñen acordado ascende a un total de 4,2 millóns de euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas.

Alegrámonos moito, porque é como cremos que hai que facer as cousas, cun acordo e un convenio coa Universidade da Coruña. Entendo, polas súas palabras —simplemente pido que me diga se o entendín ben—, que nin a Universidade de Vigo nin a Universidade da Coruña van ter que devolver fondos recibidos por ese criterio. Dado que si hai un acordo —nós estamos encantados de que o haxa—, soamente quería preguntarlle, por unha parte —xa imaxino a súa resposta, pero quero que o diga en sede parlamentaria—, se está en condicións de asegurar que estes problemas de erros nos cálculos non se van volver provocar no actual Plan de financiamento e se este Plan de financiamento vai garantir realmente a equidade entre as tres universidades. E tamén quero dicirlle que teña en conta unha cousa: por suposto que os criterios e os acordos foron adoptados nesta comisión de seguimento; o que non foi aceptado, que era polo que levaba moitos anos —levaba tempo xa— protestando a Universidade da Coruña, foi a maneira de aplicar eses criterios aceptados. ¡Claro!, os criterios poden aceptarse, pero o erro está na maneira de aplicalos.

E o que eu lle dicía, señor conselleiro, é que habería que pensar tamén, por parte da Consellería, moitas veces en como se trata as universidades cando hai unha discrepancia, porque, a verdade, se vostede vai ás hemerotecas nesta época, verá que o secretario xeral de Universidades dicía sobre a Universidade da Coruña cousas como que ten unha xestión pobre ou como que é un disparate ou unha falta de rigorosidade. Non ten ningunha razón no que di, o que pasa é que xestiona mal os seus fondos. Isto, señor conselleiro, creo que hai que intentar evitalo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo. Terminou o tempo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi ben, señor presidente.

Señora Burgo, cando hai unha discrepancia, esta consellería negocia coas partes implicadas —e acabámolo de demostrar, acabámolo de negociar—, con base nos criterios que establece un fallo xudicial, unha xestión que entendemos positiva para ambas as partes, tanto para a Xunta como para a universidade. Entendemos —por certo, en ningún caso aquí se nos plantexan nin danos nin prexuízos, nin se plantexan tampouco custas— que se plantexa unha solución negociada e unha situación, pois, de consenso en ambas as partes.

E tamén quixera reiterar unha cuestión —creo que importante—: que a sentenza só recoñece en parte o recurso plantexado pola propia Universidade da Coruña, ata o punto de que o propio fallo establece os principios para o novo cálculo, recoñecendo parte dos argumentos e das valoracións expostas, neste caso, tanto pola universidade demandante como pola propia Xunta.

Mire, ademais, tamén determinan que pautas se deberían ter en conta para facer o novo cálculo de partida —neste caso a recibir pola Universidade—, e o Tribunal deixa constancia expresa de que a cantidade global que se debería aboar non pode superar nunca os 7,2 millóns, que é o que demandaba a universidade —a Universidade da Coruña demandaba 7,2 millóns de euros—.

Insisto, a sentenza vaise executar respectando os criterios fixados polo xuíz, que, obviamente, responden ao recoñecemento de parte dos argumentos expostos tanto por parte da Xunta como por parte do demandante. Aquí pártese tamén dunhas indicacións que están recollidas no fallo, e ambas as partes iniciamos —como xa dixeran ao principio— unha liña de negociación para plantexar un acordo de retribución de 4,2 millóns de euros, que —insisto— non se van detraer nin do pasado Plan de financiamento —que está vencido— nin se van tampouco cargar ao actual Plan de financiamento. Vanse executar cun sistema de aboamento en tres anos, pagando unha cantidade de arredor de 1,4 cada un dos tres anos, o 2018, o 2019 e o 2020.

E tamén quero reiterar que o cumprimento da sentenza non vai ter ningunha consecuencia económica nin sobre a Universidade de Santiago nin sobre a Universidade de Vigo, e non vai afectar en ningún momento tampouco as cantidades do actual Plan.

En todo caso —como xa dixeran—, estamos ante unha discrepancia na interpretación dun criterio, que se resolveu na Comisión de seguimento co acordo de tres das catro partes que a integraron, e é que un xuíz emite un fallo, que se corrixe ese fallo e que se negocia coa Universidade para que dunha cantidade inicial de 7,2 millóns se pase a 4,2 millóns, nunha negociación que —entendemos— é positiva para a universidade, pero tamén é positiva para a Xunta e, en definitiva, é positiva para os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as razóns das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais no Concello de Vigo

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días... Perdón, boas tardes, señor conselleiro, presidente.

O concello de Vigo ten o peor dato de Galicia na taxa de risco de pobreza: máis dun 21 % de vigueses e viguesas, máis de 63.000 persoas en Vigo, teñen un ingreso inferior ao limiar da pobreza; un nivel de ingresos por debaixo do cal unha familia é incapaz de satisfacer as necesidades dos seus membros. Acontece con estas persoas que teñen ausencia ou déficit grave de recursos económicos e se atopan en situación de desemprego; que sofren especiais dificultades de integración social ou laboral, xa que teñen cargas familiares non compartidas, están en proceso de rehabilitación social como resultado dun programa de desafiuzamento, dun programa de substancias aditivas ou de calquera outra adición que produce efectos persoais ou sociais de natureza semellante; que teñen a condición de vítimas de violencia de xénero; que teñen unha discapacidade valorada superior a un 33 %; coas persoas inmigrantes; coas emigrantes retornadas; coas que proceden de institucións de protección ou reeducación de menores... Todas esas persoas teñen dereito. Tamén teñen dereito a estas axudas as que remataron o cumprimento dunha pena nunha institución penitenciaria; as persoas sen fogar ou que viven nunha infravivenda; as que pertencen a unha minoría étnica; as que están en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou son ou foron vítimas de explotación sexual, de trata; as que formaron parte de redes de prostitución ou de trata de persoas; as que teñen condición de transexual ou están en proceso de reasignación sexual. E tamén as que sofren un contexto persoal, familiar ou social que condiciona negativa e gravemente a inclusión social e laboral.

Os datos son dramáticos na cidade de Vigo. Como dicía, máis de 63.000 persoas en Vigo teñen un ingreso inferior ao limiar da pobreza. O Informe da Valedora é clarificador: queixa por atrasos nas axudas do Concello de Vigo, retardo nas convocatorias con gran cantidade de solicitudes, falta de persoal nos servizos sociais ou demoras que ocasionan sensación de desprotección e angustia nas persoas que sofren estas situacións; ademais dos colectivos que reclaman axudas constantes no Concello de Vigo: Os Ninguéns, a Plataforma Antidesafiuzamentos e a Rede Solidaria Popular, que trasladan todas as semanas a situación que está a acontecer.

A Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao denunciou tamén a situación na tramitación das axudas sociais en Vigo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Formule a pregunta, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Perdón. Si.

¿Cales son os retrasos que se están a dar na tramitación de recursos de servizos sociais municipais no Concello de Vigo? ¿E cales son os motivos polos que se están a dar eses retrasos?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Política social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que estamos preocupados e ocupados pola situación da inclusión social que se dá en moitas ocasións no Concello de Vigo. Eu xa o dixen nesta Cámara en moitas ocasións: creo de verdade na colaboración institucional en materia social entre concellos. Acadamos, así, unha colaboración importante con moitos alcaldes para mellorar os servizos sociais —como se puido atestiguar dende a creación da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia—, reforzando os servizos sociais comunitarios, ampliando os programas de apoio ás familias con risco de desafiuzamento, potenciando o papel dos equipos de inclusión sociolaboral da Xunta de Galicia e impulsando e renovando medidas conxuntas —medidas de colaboración conxunta— que están presentes na Axenda social única de Galicia, que fomos quen, dende a Consellería de Política Social, de pactar; de pactar cos diferentes concellos, concellos de todas as ideoloxías políticas, e de pactar coas ONG máis importantes do país, que están a pé de rúa, traballando, de verdade, pola inclusión social.

En canto á Risga, estamos incrementando os recursos públicos destinados a eliminar fundamentalmente as listas de agarda e a mellorar a súa tramitación; un incremento orzamentario de 10 millóns de euros nos últimos dous anos.

Falaba vostede na súa pregunta do Informe da Valedora do Pobo. Pois está no Informe da Valedora do Pobo, que moitas veces utiliza, como non pode ser doutra maneira, para constatar cousas mellorables por parte desta Administración, na que temos que seguir mellorando día a día.

O Informe da Valedora dicía: *«Confirmamos la tendencia que comenzó a percibirse el pasado año»*. «Antes eran abundantes as queixas, confirmadas por amplos retrasos na tramitación da renda de integración social de Galicia, protagonizadas polas consellerías competentes entón —Consellería de Traballo e Benestar— e os concellos. En moitas ocasións foi preciso reclamar que se tramitaran, resolveran e pagaran con urxencia, dado que se trata de axudas de subsistencia. Fixémolo cando os informes requiridos non daban conta dunha eminente resolución e aboamento. Incluso era habitual que as recomendacións non se cumpriran, como destacamos en anteriores informes ao Parlamento de Galicia. No sentido contrario ao que sucedía antes, dende o segundo semestre do 2015 e ata o 2016 apreciamos un importante cambio. Existen menos queixas relativas aos retrasos na Risga, e, cando se reciben, reciben respostas positivas».

O Informe da Valedora tamén recolle o caso particular do Concello de Vigo: «Os expedientes municipais tramítanse en 45 días. A intervención municipal realízase en tres meses...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro, ten outro turno despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...e a primeira cita cos servizos sociais dende que se solicita...

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...son 35 días».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematou o tempo, señor conselleiro. Hai outro tempo despois.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Boas tardes novamente.

Dende logo que os datos non son alentadores. Lemos un día e outro día nos medios de comunicación que os beneficiarios da Risga padecen demoras de ata un ano para cobrar. A falta de persoal en Benestar Social, do Concello de Vigo, está provocando reiteradas protestas dos propios traballadores. Esta é unha información do ano 2015, pero os datos non melloraron.

Temos, ademais diso, a esperanza de que nalgún momento a maior parte destas persoas que están sufrindo todas estas situacións, que son mulleres, porque a pobreza ten rostro de muller, e en Vigo moitísimo máis... Temos o caso de Tais, que pasou 100 días durmindo na rúa, embarazada, con tres fillos ao seu cargo, e que leva máis de oito meses esperando pola tramitación dunha axuda no Concello de Vigo.

Entendemos que nestes ámbitos e nesta situación unha parella e as súas fillas de 4 e 5 anos sofren situación desesperada. Unha parella con 3 fillos está a punto de recibir o cuarto fillo. A Federación Veciñal de Vigo pide convocar o Consello Social polos insostibles retrasos da Risga.

Bueno, os datos son, dende logo, clarificadores, pero temos a esperanza de que a irresponsabilidade do Concello de Vigo se resolva de xeito inmediato e poida cambiar esta situación.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías, xa dixen que estabamos preocupados polos datos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Un momento. Non, non, non. Silencio. ¡Silencio!... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! Pois non fale con ningún. Señor Lo-

sada, non fale con ninguén, que vai falar o conselleiro. *(Risos.)* Non, bueno, fale, pero non en alto para non interromper o conselleiro. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Tamén entendín eu.

Agora vai falar o conselleiro. Peche do conselleiro.

Silencio. *(Murmurios.)* *(Risos.)* ¡Silencio! Non, non, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos suspender o pleno, se lle parece, media hora, para que se tranquilice isto, digo eu.

Imos tranquilizarnos todos para acabar o pleno normal, se é posible; se non, suspendo media hora.

Señor conselleiro, o turno de peche.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías, dixen na miña primeira intervención que estabamos preocupados polos datos, pero tamén ocupados pola solución. Creo que é importante que o Parlamento teña todos os datos da tramitación da renda de integración social de Galicia, porque se demandan en moitas ocasións. Vou dar os datos por cidades: cidade da Coruña, 66,25 días; cidade de Ferrol, 53 días; Santiago, 45 días; Lugo, 53 días; Ourense, 46 días; Pontevedra, 29 días; Vigo, 147 días. *(Murmurios.)*

Creo que é un exercicio de transparencia dar os datos de todas e cada unha das cidades de Galicia, porque os datos nos poden axudar a chegar a solucións, que nós, no caso de Vigo concretamente, xa puxemos enriba da mesa, e dígoos porque nós firmamos a Axenda Social Única, onde non se diferencia a cor política do concello... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, senón as necesidades que hai en cada un dos concellos, as necesidades sociais. *(Aplausos.)*

Eu veño contestar por Vigo porque hai un deputado que me pregunta por Vigo. Podo contestar por calquera cidade, porque, afortunadamente, todos os datos están á disposición deste Parlamento.

Mire, como dicía, unha das partes máis importantes da Axenda era incrementar o persoal dos servizos sociais comunitarios, o que se denomina «Plan concertado», que leva funcionando dende os anos oitenta e que dá sentido total a que todos esteamos integrados na solución.

As unidades básicas de traballo social están descentralizadas nos barrios, e teñen traballadores sociais, que son os que tramitan todas as axudas que despois outorga a Administración autonómica.

Con respecto ao dato da Risga en Vigo, 12 millóns de euros de investimento da Xunta de Galicia para esta cidade. Polo tanto, estamos respondendo a todos os casos que se están tramitando, e, como saben, cando non é suficiente o crédito, o que facemos é aumentar o crédito, como se puido comprobar neste Parlamento no día de onte.

Pero mire, imos á solución. A solución é o aumento do persoal dos servizos sociais sociocomunitarios. Miren, nós poderíamos mirar para outro lado, pero non o fixemos. Nós, por causas obxectivas, o que fixemos no Plan concertado no ano anterior é que Vigo leva o maior incremento de Plan concertado de todos os concellos de Galicia, concretamente 11 novos traballadores para traballar nos Servizos Sociais comunitarios do Concello de Vigo: 9 traballadores sociais, 1 educador social e 1 psicólogo. Esperamos de verdade que a colaboración entre a Administración autonómica e o Concello de Vigo nos permita resolver esta complicada situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Procedemos agora ao debate acumulado das preguntas documentos 8734 e 9602, que se corresponden coas preguntas que figuraban en noveno e décimo lugar.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o número de familias beneficiarias do Bono Concilia con cargo á orde que regula a súa concesión no ano 2016

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do seu compromiso referido á garantía con fondos públicos da cobertura da demanda de prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos no curso 2017-2018

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, conselleiro.

Contar con recursos de conciliación en todo o territorio de Galicia é unha prioridade do Goberno galego, e éo así porque as persoas teñen a necesidade e as administracións teñen a obriga de ofrecer servizos aos cidadáns, servizos de calidade e adaptados ás súas necesidades, independentemente do lugar no que nazen, independentemente do lugar no que residan.

Galicia é, de feito, unha das comunidades autónomas máis sensibilizada e comprometida con estes recursos de conciliación; recursos que son tamén necesarios para que sexan un éxito as políticas de dinamización demográfica que ten en marcha a Xunta de Galicia, as políticas de natalidade.

A Xunta de Galicia é a máis activa e innovadora á hora de implantar medidas encamiñadas a contribuír á revitalización demográfica e á remuda xeracional, un amplo e ambicioso paquete de medidas que engloba todos os ámbitos, e implica practicamente a totalidade da acción do Goberno e que, en resumo, pretende crear de Galicia e en Galicia un contorno social favorable para vivir, para formar unha familia e tamén para que cadaquén poida ter os fillos que desexe.

Así, o Programa de apoio á natalidade, o PAN, vese e reflíctese en tres tipos de axudas: axudas directas ás familias, axudas de recursos para a conciliación e dotación de servizos; actuacións que son complementadas ou ampliadas con outros programas transversais de toda a Xunta de Galicia, porque considera o Goberno galego que é unha actuación que se debe levar dende todas as consellerías e en todos os ámbitos.

A Xunta incrementou —precisamente porque aposta firmemente pola conciliación e pola natalidade como unha opción persoal, claro que si, de cadaquén, pero tamén como unha política demográfica— en 2017 o orzamento en conciliación un 55 % respecto do 2016, pasando de 15,4 a 24 millóns de euros.

No último trienio, as partidas económicas asignadas aos programas de familia incrementáronse nun 50 %. Ademais, o vindeiro ano superaremos as 22.400 prazas escolares de 0 a 3 anos. Tamén estamos desfrutando doutros servizos xa, como poden ser as casas niño no rural, ou as escolas infantís próximas, que están nos parques empresariais.

Apostamos pola flexibilidade do horario laboral, polo teletraballo, pola racionalización dos horarios, polas deducións fiscais, pola Tarxeta Benvida, polo Bono Coidado e o Bono Concilia.

En definitiva, hoxe queremos falar aquí do Bono Concilia

O señor PRESIDENTE: Pregunte, por favor. Formule a pregunta.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Publicada xa a orde do Bono Concilia do ano 2017, é hora de facer balance, conselleiro, de como foi no ano 2016.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Vázquez Verao, do Grupo parlamentario de En Marea, para formular agora a súa pregunta.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas.

Hora de facer balance, pero hora tamén de ver que tipo de modelo temos a respecto da extensión da rede de ensino infantil. Porque nós consideramos, señor conselleiro, que o presidente Feijóo lle puxo unha tarefa imposible, e fíxoo nun marco incomparable, bastante ilustrativo, para o que é a súa política de escolas infantís, porque o fixo no Centro Interxeracional da Fundación Amancio Ortega, en Arteixo. Alí o señor presidente comprometeuse publicamente a que no curso do 2017 a 2018 todas as familias en lista de agarda para escolas infantís autonómicas contarían cunha praza nestas ou co Bono Concilia para conseguir —e cito textualmente— «lista de espera cero». E ademais comprometeu 22.500 prazas públicas —e cito tamén textualmente, e saqueina da *web presidente.gal*— «22.500

prazas públicas en escolas infantís». Unha mentira, na medida en que se está a confundir todo tipo de prazas, tanto as concertadas como as municipais como as autonómicas, con prazas públicas.

Vostede, sen embargo, na súa consellería xa o especifica doutro xeito: «prazas que teñen algún tipo de apoio público». O que sucede é que utilizan esa trampa de meter nese saco das case 22.500 prazas a todas, e non é así. Así, ademais, a ratio recomendada pola Unión Europea para prazas de escolas infantís refírese precisamente a iso, a prazas públicas.

Sabemos que a rede de escolas infantís se compón polas que dependen directamente da Xunta —unha rede, realmente, que garante, como sinalaba a señora Arias, que todo o territorio estivese cuberto garantiría que non houbese unha disparidade tal para a provincia de Lugo, onde só están o 8 % destas escolas, por exemplo—, tamén polas escolas infantís e os PAI, tamén polas prazas concertadas en centros privados —vostedes meten aí tamén este tipo de prazas, polo tanto, xa non son prazas públicas— e polas prazas en centros dependentes de entidades privadas de iniciativa social, que, por certo, o modelo de financiamento das prazas de escolas infantís se pode ver nos compromisos orzamentarios.

2017, axudas ás entidades de iniciativa social, 3.067.822 euros, máis 600.000 euros dos orzamentos para axudas en infraestruturas. Orzamentos 2017: partidas para escolas infantís municipais, un millón sesenta e catro mil e pico euros, e despois 1,5 millóns para infraestruturas e mantemento. É dicir, é menos da metade.

Estamos continuamente a falar de prazas públicas, de presumir de prazas públicas, pero hai un modelo claramente de extensión do modelo concertado ao ensino infantil. E non só iso, porque co Bono Concilia se trata de pagar este tipo de prazas en escolas privadas.

A primeira mentira era que o total desas prazas non eran prazas públicas, e a segunda mentira é que nin sequera este Bono Concilia vai poder garantir cubrir toda a demanda. ¿Por que? Porque aínda que si aumentaron os supostos de que as familias se poden acoller a adquirir esta axuda fóra de prazo, estas exclúen aqueles nenos ou nenas que nazan no segundo semestre do ano en lugares onde haxa...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERA: A pregunta é: ¿como se van garantir se vostedes limitan as persoas ás que lles nazan fillos ou fillas no segundo semestre do ano a aqueles lugares onde hai prazas sostidas con fondos públicos e cando vostedes identifican tanto as escolas infantís como as escolas privadas? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como saben, o presidente Feijóo e todo o seu equipo de goberno, do que formo parte, temos un compromiso co benestar dos galegos, un compromiso tamén coa familia e un compromiso cos nenos e coas nenas, que son o presente e o futuro da nosa terra.

As escolas infantís son moi importantes por dúas cousas: porque son un instrumento fundamental para a primeira educación, para o desenvolvemento do neno no seus primeiros meses ou nos seus primeiros anos de vida, son un instrumento tamén moi importante para a conciliación —unha das claves que temos que afrontar todos os gobernos, pero tamén o conxunto da sociedade nestes tempos— e son un instrumento tamén moi importante para igualar todos os nenos, para que todos teñan as mesmas oportunidades de futuro.

O Bono Concilia é un programa de axudas económicas directas ás familias para colaborar no pago dunha praza de escola infantil naqueles casos de solicitantes que non consigan unha escola sostida con fondos públicos. Vai destinado a aqueles que quedan en lista de agarda, para eliminar a lista de agarda que sae publicada en semanas anteriores a esta pregunta, e tamén a aqueles concellos —que aínda quedan concellos en Galicia, por iso estamos traballando con intensidade para que nesta lexislatura non exista ningún— onde non existe ningunha escola infantil sostida con recursos públicos.

O programa valórase de xeito moi positivo entre as familias, xa que permite que ningunha familia deixe de ter ou ben unha praza ou ben os recursos económicos equivalentes a unha praza para ir a outra praza das que existen no lugar onde viven ou no lugar no que traballan. E iso é o que nos permite ter unha lista de espera cero, como tivemos no curso escolar pasado e como teremos no curso seguinte, de acordo coas declaracións do propio presidente. Efectivamente, o presidente facía esas declaracións das que vostede me fala na escola infantil que moi recentemente que se porá en funcionamento, no curso que vén, da Fundación Amancio Ortega, no concello de Arteixo, pero tamén as facía moi recentemente na escola infantil nova do concello da Coruña, tamén financiada pola Fundación Amancio Ortega. Iso permitíranos no próximo curso chegar a unha ratio de atención do 38 %, cando a ratio recomendada pola Unión Europea é do 33 %.

Miren, estamos aumentando os recursos. As prazas sostidas con fondos públicos no ano 2009 eran 12.600, as prazas sostidas con recursos públicos actuais son 22.400; polo tanto, neste momento temos o dobre de prazas das que existían no ano 2009. Non nos conformamos con iso e aspiramos a seguir tendo máis prazas sostidas con fondos públicos. Por iso, neste momento están en construción novas escolas que serán xestionadas de maneira pública.

E mire, señora deputada, non confundimos prazas públicas con prazas privadas. Dese dato de 22.400... Claro, a ver se vai parecer nesta Cámara que a maioría son prazas concertadas privadas. As prazas concertadas son 424 das 22.439, e as prazas de iniciativa social son 2.700. O resto son prazas da Xunta de Galicia xestionadas de maneira directa pola Xunta de Galicia, por persoal da Xunta de Galicia, ou prazas de escolas que pertencen aos concellos, que son escolas infantís sostidas con fondos públicos nos que a Xunta de Galicia aporta financiamento para seu o sostemento e para que todos os galegos, con independencia de onde vivan, poidan ter as mesmas condicións de acceso a escolas públicas, con independencia de

quen sexa a súa titularidade. Os mesmos prezos e as mesmas condicións nos 313 concellos de Galicia, que é un dato creo que moi importante.

Con respecto ao Bono Concilia, efectivamente, a pesar de crecer practicamente o dobre, encontrámonos con esa realidade de que aínda non crecemos o suficiente e de que seguimos tendo lista de agarda. Bueno, pois esta é a solución que puxemos enriba da mesa: entre 45 euros e 250 euros, que é o inverso do que se paga nas escolas sostidas con fondos públicos. As persoas con menos recursos conseguen unha aportación económica de 250 euros, que lles permite elixir a escola infantil que desexen no seu concello. Priorizamos as públicas, ademais, porque primeiro teñen que solicitar a pública e, cando quedan fóra da pública, é cando... É dicir, o do bono é un recurso non universal senón residual que nos permite, precisamente, atender a lista de agarda. E iso —xa digo— o que nos permite é atender todas as familias que o solicitan, con independencia do día e do mes do ano...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...no que o fagan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Efectivamente, non hai políticas pro natalidade efectiva que non afonden nas medidas de conciliación persoal, familiar e profesional. Por iso a nós parécenos tan importante que dende o ano 2009 ata o ano 2017 o incremento orzamentario da Xunta no que ten que ver coa infancia fose do 127 %. E, se falamos de ratios, pois hai que dicir que a taxa de cobertura de escolas financiadas con fondos públicos no ano 2019 era do 19 % —moi lonxe dese 33 % que recomenda a Comunidade Europea—, e hoxe estamos xa no camiño do 38 %. Claro que ao mellor hai que pensar tamén que sorprende que, cando se piden casas niño, como dende o Partido Popular pedimos que se fixeran para este ano 2017 outras 30, igual que se fixeron para o curso pasado, quedásemos solos nesa petición. Nós estamos de acordo con esas medidas e seguímoslle agradecendo e reclamando aquí que se fagan casas niño no rural, porque coidamos que é unha medida moi axeitada para os que non vivimos nas cidades.

Tamén quero dicir que estamos de acordo e que nos parecen moi axeitadas esas medidas que se están a facer de colaboración e cooperación coas administracións, en concreto, axudando os concellos, porque son os que están máis preto desas necesidades e, por tanto, tamén os que poden facer unha maior valoración das necesidades. Así que benvinda esa colaboración, igual que cos contornos empresariais.

E seguindo a falar do Bono Concilia como unha desas medidas innovadoras que veñen suplir as necesidades de conciliación aínda, quería preguntarlle ao conselleiro se para o ano 2017 —o que agora está en marcha— o obxectivo será tamén acabar coa lista de agarda daquelas persoas que non teñan unha praza pública...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...e se hai algunha novidade respecto dese bono.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, sigo falando de modelo porque a realidade é que teñen máis facilidades e máis orzamento de pago para estas escolas infantís privadas que para as escolas dos concellos. E, por certo, o afogamento aos concellos por parte do Partido Popular, por parte dos gobernos a nivel estatal, tamén supón que cada vez máis estas escolas sexan máis de xestión indirecta. Polo tanto, hai que seguir falando de modelo.

En canto ao Bono Concilia, volvemos á cuestión dos prazos, que non me quedou ben explicado. Dos nenos e nenas que nazan no segundo semestre do ano non se poderán acoller a esta ampliación do prazo aqueles que vivan en concellos onde haxa escolas infantís que reciban axudas da Xunta de Galicia. Vostedes refírense a aquelas que reciben axudas; nós só estamos a falar dos concellos que teñan escolas xestionadas de xeito directo. Polo tanto, hai moitos concellos que quedarán sen esta posibilidade de ampliación de prazos.

E falando de modelo, este debate sobre as escolas infantís témolo moitas veces na Comisión 5ª, e alí, por exemplo, o Bloque lémbrales que quen puxo en marcha este modelo que realmente ía garantir unha cobertura en todo o territorio foron as galescolas, foi aquel «malvado Bipartito», ou o PSdeG lembroulle —a señora Blanco— que este modelo de Bono Concilia —que pode ser un parche que pode funcionar para paliar a falta de escolas públicas— pode fomentar tamén a oferta privada, a iniciativa privada, no sentido de parasitar a pública. ¿En que sentido? Pois explique vostede como a presidenta sectorial de Escolas Infantís de Galicia, nunha xuntanza coa directora xeral de Familia e Infancia, dixo que a Xunta se comprometera a «frenar la construcción de nuevos centros públicos en áreas donde ya existen centros privados». Estamos a falar de modelo, estamos a falar de que se está tendendo ao modelo concertado tamén no ensino infantil e de que se está tendendo a fomentar o negocio fronte a estender unha verdadeira rede pública de ensino infantil de 0 a 3 anos.

E volvendo á provincia de Lugo, ¿como van garantir, por exemplo —por poñerlle dous exemplos—, no concello de Baralla...? Hai infraestrutura, non hai escola infantil, leva anos pechada, e non é un goberno distinto.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ¿E no Concello de Monforte? 40 prazas e agarda en escolas infantís.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ¿Como van garantir a cobertura? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

Peché destas preguntas, señor conselleiro de Política Social

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o balance do Bono Concilia son 2.599 familias que se beneficiaron desta axuda que antes non existía. Esta é unha axuda á conciliación que nos parece moi importante. Delas 730 son da provincia da Coruña, 222 da provincia de Lugo, 251 da provincia de Ourense e 1.396 da provincia de Pontevedra, cunha aportación económica no ano 2016 de 3,5 millóns de euros. Polo tanto, parécenos un balance positivo, que trataremos de seguir mellorando, e que ningunha familia que solicite unha escola pública quede sen recursos públicos. Iso é o que estamos garantindo neste momento, que antes non se garantía. Pero, afortunadamente, o maior investimento en política social deste goberno estanos permitindo avances importantes en materia de política social e avances importantes en materia de conciliación que ata este momento non se podían ter e que agora, afortunadamente, podemos ofrecerlles a todos os galegos e a todas as galegas.

Miren, o feito —ademais do Bono Concilia— é que estamos incrementando a rede pública da Xunta de Galicia e que a imos seguir incrementando. Neste momento están en construción numerosas escolas infantís en diferentes concellos de Galicia, e moi proximamente teremos novas casas niño —a maiores das 30 que se abriron o ano anterior— e teremos máis escolas en polígonos empresariais... Quero dicir que Galicia está liderando en toda España o crecemento en prazas públicas de escolas infantís. O bono seguirá funcionando mentres non haxa unha posibilidade 100 % de praza pública.

Con respecto ao dos prazos —que se preguntaba—, mire, o tema dos prazos e das listas de agarda é un tema que pode xerar ás veces, incluso nas familias —e por iso creo que non o estamos explicando suficientemente ben, bastante culpa terá o conselleiro—..., porque cando saen os prazos sae bastante alarma. O importante é garantirlles a todas as familias unha praza e que, se non teñen praza, terán o importe económico para que elixan outra praza. Pero, mire, a pesar do que parece... Vostede estame dicindo que os nacidos nunha determinada etapa non poden pedir o Bono Concilia, e iso non é así. En calquera momento do ano pódese pedir o Bono Concilia; en calquera momento do ano. ¿Por que? Porque nas escolas infantís sostidas con fondos públicos hai unha matrícula, como non pode ser doutra maneira, como a hai no mundo educativo, que é o que máis posiblemente coñezamos —porque nós, cando estabamos na escola infantil, os que podían ir, pois non había esta rede que temos agora en Galicia...—; polo tanto, coñecemos a matrícula escolar. Iso lévanos a pensar que a matrícula escolar é como a matrícula dos pequenos de 0, 1 e 2 anos. Non podes obrigar a ninguén que vaia ter un neno en xuño, en xullo ou en agosto a matriculalo antes porque, se non existe, non o pode matricular. Polo tanto, é orientativa a matrícula, pero en calquera momento despois do nacemento do neno pódese solicitar unha praza pública en calquera centro público da comunidade autónoma, e na solicitude aparece sempre como opción a opción secundaria do Bono Concilia.

Polo tanto, un nacemento no mes de xullo marca a solicitude de praza pública. É posible que teña praza pública; se non ten praza pública e marcou Bono Concilia, obterá o Bono Concilia.

Polo tanto —xa digo—, tranquilidade: os datos da matrícula son provisionais. De feito... todo o que se leva publicado, todo o que se leva preguntado... e aínda non saíu a lista definitiva, que sae no mes de xuño; porque as solicitudes son antes, hai unha listaxe de solicitudes inicial, pero a definitiva é no mes de xuño.

O importante é que esta administración sexa quen, no mes de setembro, de ter garantidas prazas para todos, e, para aqueles que non teñen praza, un Bono Concilia.

Polo tanto, esas son as precisións que creo que son importantes para que todas as familias saiban que Galicia oferta, para todas, ou unha praza sostida con fondos públicos ou un Bono Concilia de carácter residual naqueles lugares onde as prazas públicas aínda non son suficientes, pero sobre as cales estamos traballando para que así o sexan.

Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Continuamos coa orde do día.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de mellorar o servizo de medicina forense que se está a ofrecer na costa da Mariña lucense

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten a palabra, polo Grupo Socialista, o señor Julio Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, boa tarde.

Falamos hoxe dunha comarca de relevancia, como é a Mariña lucense, que ten 16 concellos, algo máis de 30.000 habitantes, e que, como todas as comarcas, en termos sanitarios, vén sufrindo unha situación de dificultade con relación á menor calidade de servizos ou funcionamento en termos de irmán pequeno con respecto ás grandes áreas sanitarias ou aos centros principais, cuxa referencia neste caso é o centro de Lugo.

Neste caso falamos do servizo da medicina forense, concretamente do servizo de autopsias. Existía un servizo de autopsias no contorno da Mariña, cuxa base podía estar en Mondoñedo, en Vilalba, incluso nalgún momento en Viveiro, que funcionaba con razoable eficiencia. No entanto, existía naquel momento —falamos dos fins da década pasada— unha reclamación persistente —grandilocuente, incluso, podíamos dicir— por parte dalgún deputado do Partido Popular, que en nome do seu grupo reclamaba aquel servizo para o Hospital da Costa.

Chegou o fin daquela lexislatura; e un pouco antes daquel fin existía un Goberno, que presidía Emilio Pérez Touriño, que decidiu que era certo que aquel servizo estaría ben implantado no Hospital da Costa.

Chegou o cambio de goberno, e chegou o cambio, pero non unicamente de goberno, senón que aquel servizo se perdeu automaticamente.

É certo que aquel deputado, que insistía naquela perda e naquela gran dificultade de non ter aquel servizo, en nome do Partido Popular seguía reivindicándoo. Pero, aínda que en marzo daquel ano 2009 o reivindicou, non existiu volta atrás; non insistiu en abril, non insistiu en maio, e incluso tivo que chegar case o verán para que o Partido Popular anunciara, con bastante grandilocuencia, que traballaba moito para devolver aquel servizo. Sen embargo, a praza estivo deserta durante practicamente un ano, a pesar dos anuncios constantes de chegada. Un ano despois existiu —iso si— un intento a través dunha petición no Parlamento, que fixo a este Pleno o Partido Socialista e que foi aprobada por unanimidade. Polo tanto, parecía un acordo. A pesar de que se anunciou para finais de abril ou primeiros de maio, tivo que ser algo máis tarde, uns meses máis tarde, cando se implantou aquel servizo, que durou apenas 7 meses. No inverno de 2011 perdeuse aquel servizo de autopsias.

Dende aquela, o Partido Popular calou, aquel famoso deputado perdeu aquel ímpeto por defender aquilo que o seu propio Goberno retirara e pasou *un tupido veo* sobre o asunto. Chegado o último tempo, os que non se olvidan son os concellos; os concellos e os cidadáns, que reclaman insistentemente a devolución daquel servizo.

Nós preguntámonos se co cambio de nome do hospital —que é o grande avance sanitario do contorno— vai volver o servizo de autopsias, e tamén lembramos que a Xunta volveu defender que o servizo de autopsias era máis barato en Lugo. Nós preguntámonos se é ese o argumento, que é máis barato, se é esa a razón. E preguntámonos tamén se o Partido Popular e o Goberno da Xunta, despois de ter unha posición, a contraria, a intermedia, a de arriba e a de abaixo, a dun lado e a doutro, a de fóra da porta e a de dentro da porta, ten unha posición clara sobre se cre que o servizo de autopsias debe de estar no Hospital da Costa, Hospital da Mariña, perdón, a ver se así conseguimos o servizo. *(Risos.)*

¿É mellorable o servizo de medicina forense e, polo tanto, é posible devolver o servizo de autopsias, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Señores deputados.

En primeiro lugar, quixera aclarar que, no expositivo da pregunta que fai o señor deputado, equipara —non sei se o confunde ou entende que non é intencionado— unha función de médicos forenses xudiciais co servizo público sanitario, e localízao, como digo, de forma errónea, no seu labor no hospital.

Nego tamén a maior: é dicir, falaba o señor deputado de que a Mariña ten un mal servizo sanitario; eu creo que ten un magnífico servizo sanitario, que, neste momento, dentro do

programa electoral do Partido Popular nesta lexislatura, quere mellorar aínda máis as infraestruturas sanitarias, tanto hospitalarias como de centros de saúde.

Tamén neste momento, por moito que se leva falado, estamos cunha construción da fase 1 do Plan director da Mariña, que vai mellorar aínda máis o servizo; sobre todo, porque en sanidade non podemos quedar quietos, temos que seguir traballando nese sentido, para facelo, dende logo, cada día mellor.

Pero teño que dicir que na Mariña o servizo sanitario sempre foi excelente; tamén hai que dicir que os profesionais desa área tamén fan un traballo, desde logo, importantísimo, e non teñen nada que envidiar a ningún outro profesional do sistema sanitario. *(Aplausos.)*

Mire, señor Torrado, os médicos forenses constitúen un corpo nacional de titulados e tituladas superiores ao servizo da Administración de Xustiza, que, no curso das actuacións procesuais, están ás ordes das autoridades xudiciais e fiscais, realizando un labor de asistencia técnica cualificada dos xulgados e tribunais, actuando a requirimento dos mesmos e organizados no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).

Polo tanto, o servizo que debe de prestar a súa organización non se configura como servizos sanitarios, como unha área sanitaria, senón arredor dos partidos xudiciais, porque as súas funcións comprenden o estudo e a emisión dos informes que lles son requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en aspectos médicos e legais, o que inclúe a emisión de informes previstos na normativa sobre o rexistro civil, sobre a idade ou sobre o sexo das persoas implicadas en expedientes gubernativos sobre a causa da morte, etc.

A función máis coñecida, quizais, e por iso o remarca, é a investigación médico-legal en casos de morte violenta, ou sospeitosa de criminalidade; pero, ademais de non ser a única, o que realmente é cuantitativo e relevante é a súa intervención no control periódico de evolución dos lesionados, e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, así como da asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas.

Todas estas actuacións desenvólvense na sede dos edificios da Administración de xustiza dos partidos xudiciais onde vive a persoa que hai que examinar, desprazándose periodicamente o médico forense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas.

Señor conselleiro, creo que non confundimos; evidentemente, sabemos que depende do Imelga, pero non confundimos a relevancia sanitaria —de feito, diría que vostede tampouco—, porque, se vostede o sabe e nós o confundimos, ¿por que vostede contesta esa pregunta e non o director de Xustiza? *(Aplausos.)*

Diría que neste caso os dous consideramos que é un servizo de relevancia sanitaria; se cadra, vostede non, que ten a aspiración de ser conselleiro de Xustiza, non o sei.

En todo caso, señor conselleiro, vostedes, o seu grupo, en marzo de 2010, ante esa petición, neste Pleno, de retomar aquel servizo, vostedes defendían non só que aprobaban esa iniciativa, senón que dicían que eramos incluso pouco ambiciosos por pedir unicamente aquel servizo; que había que pedir prazos e compromisos. O PP pedía que se incluísen nas peticións, nas proposicións non de lei, prazos. ¡Como cambiou o tempo, señor conselleiro!; agora, cando o pedimos nós, somos insistentes de máis.

Pero concordo co Partido Popular na súa defensa daquel momento, había que pedir prazos. Eu nin sequera lle pregunto polos prazos concretos; pedímoslle que nos diga, ¡non, como di vostede, se o servizo sanitario é bo! —que nós defendemos que é bo grazas aos profesionais—; pedímoslle, segundo di a pregunta, sobre o servizo de medicina forense, sobre o servizo de autopsias. Iso é o que preguntamos, por iso considero que aínda non foi respondida a pregunta.

Pero, en último caso, vostedes defenderon que o servizo era máis barato en Lugo —son declaracións da súa consellería—. E eu pregúntome, señor conselleiro: se é *barato* o criterio, nós témoslle apuntado algunha vez que non se planifica —o servizo sanitario, por suposto—, que non se planifica Galicia cunha folla do Excel e un Google Maps; non é posible.

É certo que vostede pode argumentar que é máis barato en Lugo, pero estamos falando de que houbo casos nos que hai persoas que teñen que esperar 3 ou 4 horas, cunha persoa falecida, afogada, para que se lle faga o servizo de autopsias.

Nós defendemos, como defenden ex-compañeiros seus de partido —ou, se seguen sendo compañeiros, fágalles caso—, que ás veces os políticos deben de pensar un pouco menos coa cabeza e máis co corazón, señor conselleiro.

Eu estou de acordo con Agustín Hernández: pensen un pouco máis co corazón, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Turno de peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Se está de acordo co señor Agustín Hernández, podía votar hoxe no Pleno a favor tamén do que presentaba o señor Fernández, o seu compañeiro do Grupo Socialista.

Mire, estou aquí porque pregunta ao Goberno galego; e nós temos unha parte importante, claro que si, porque nós colaboramos co Imelga, o sistema sanitario. Pero o que quero dicirlle é que a planificación da atención sanitaria non é igual, non é igual. Entón, creo que é conveniente que se saiba.

É dicir, que no caso dun afogado o máis importante, evidentemente, é a asistencia sanitaria urxente, pero logo o procedemento pasa a ser xudicial, e aí teñen un procedemento deter-

minado. Por certo, que eu non dixen a palabra *barato*, iso repetiuno vostede dúas veces. Non estamos falando aquí de *barato*, estamos falando de infraestruturas que sexan adecuadas e, dende logo, de que haxa profesionais capacitados para realizar esa actividade.

E o que teño que dicir, e por iso tamén contesto, é que a colaboración que hai entre o servizo sanitario e o Imelga é moi importante, porque as instalacións, desde logo, de autopsias, que temos nos hospitais, colaboran totalmente co Instituto de Medicina Legal de Galicia e, así, teño que dicir que no Plan director deste hospital, no cal estamos agora mesmo na fase 1, vai ir unha mellora da sala de autopsias, así como de mellora do Servizo de Anatomía Patolóxica. Por iso imos ter infraestruturas aínda mellores, para que poidan ser utilizadas, en caso necesario, pola dotación do Imelga.

Pero é o Imelga, como digo no texto desta pregunta, o que decide en cada momento como realizar esa función. E, como digo tamén, en tempo é moito máis o que dedican á realización da análises forenses en vivos, para facer de peritos ante instancias xudiciais, que o que realizan neste caso.

A porcentaxe de autopsias no partido xudicial na zona da Mariña é menos dun 10 % con respecto ao que é a provincia, e polo tanto eles distribúen de forma que poden levar os profesionais a un servizo ou a outro, segundo as necesidades e segundo a organización interna, que creo que é moi boa e efectiva, e está dando moi bos froitos en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Aurelio Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos referidos ao tratamento da hepatitis C

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías. Boa tarde, señor conselleiro.

Hai pouco máis de dous anos, púñase en marcha o Plan estratéxico nacional para a abordaxe da hepatitis C. Ata ese momento, un importante número de persoas tiñan sido tratadas desta grave enfermidade crónica de etioloxía vírica, que en moitos casos provoca complicacións como a cirrose ou o cancro de fígado, causando o falecemento de non poucos enfermos e enfermas.

Pasados os tempos do interferón, que representou durante algúns anos a única alternativa e a curación para algúns enfermos, abríronse novas expectativas para as persoas afectadas da hepatitis C, coa chegada dunha nova liña de tratamentos con axentes antivirais de acción directa, e axentes dirixidos á diana do propio hóspede.

En ambos os dous casos os medicamentos actúan sobre algunha das fases do ciclo da vida do virus da hepatitis C, rompendo así a cadea da súa reprodución.

Aos primeiros, boceprevir e telaprevir, comercializados no ano 2011, seguíronlles un arsenal de produtos en combinación, que abriron novas esperanzas de curación da enfermidade.

Esa aparición produciuse nun período tan curto de tempo que obrigou a facer unha introdución ordenada dos mesmos, para valorar a súa eficacia cara a cada un dos xenotipos de enfermidade, e tamén para utilizalos coa máxima seguridade, prudencia e equidade para todos os pacientes.

Tratábase de medicamentos novos, con experiencia clínica moi limitada. O plan aprobouse en abril do ano 2015 e non se limitaba unicamente á administración de medicación ás persoas enfermas. Incluía liñas de actuación en relación coa cuantificación da magnitude do problema, epidemioloxía, a definición dos criterios científico-clínicos para establecer a estratexia terapéutica máis axeitada en cada caso, o establecemento dos mecanismos de coordinación co Sistema nacional de saúde e o fomento das actuacións en I+D+i para o avance no coñecemento en prevención, diagnóstico e tratamento da hepatite C.

Desde entón, o Servizo Galego de Saúde ten tratado unha importante cantidade de persoas enfermas de hepatite C, cunhas taxas de curación moi elevadas. Distintas asociacións de afectados reuníronse recentemente coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas para analizar a evolución da implantación deste plan en Galicia, e, polas novas dos medios, parece ser que a súa impresión foi positiva.

Na actualidade sabemos que se está a estudar polo Consello Interterritorial de Saúde a posible ampliación da administración a pacientes que se encontran en fases iniciais da enfermidade. Esperamos ter novas despois da reunión prevista para este mes.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes facémoslle a seguinte pregunta: ¿Poderíanos dar datos da situación actual da enfermidade da hepatite C en Galicia, da totalidade das actuacións levadas a cabo antes de despois da posta en marcha do plan e das perspectivas de tratamento nun futuro próximo?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Señores deputados, señor Núñez Centeno, a verdade é que si, a historia da hepatite C é unha historia, en principio, curta, porque hai moi pouquiños anos era coñecida como a hepatite non-A/non-B, e no ano 1989 por fin se illou e se lle deu a denominación actual de hepatite C.

Esta infección por hepatite C é unha das principais causas de patoloxía crónica en todo o mundo, cunhas repercusións que ten a longo prazo a infección moi, moi variables, pero, desde logo, é sempre unha enfermidade grave, cunha alta mortalidade.

Ata finais do ano 2011 a combinación de interferón e ribavirina era o único tratamento aprobado para a hepatite crónica tipo C. En 2012 autorizase e fináncianse o uso de telaprevir ou boceprevir en asociación por peginterferon e ribavirina en terapia triple para a infección polo virus da hepatite C, xenotipo 1. E hoxe en día, case antes de que cumprisen tres anos de vida, foron desterrados desta terapéutica pola cantidade de efectos secundarios. De feito demostrouse progresivamente cos anos que o interferón revertía a súa acción inicial de acabar co virus e o virus volvía aparecer. Polo tanto, houbo un cambio —cremos— moi importante cando apareceron as novas terapias que vostede sinalaba.

A nivel autonómico empezouse a traballar xa e dar tratamento adecuado aos pacientes, pero foi, evidentemente, a gran implosión cando, coincidindo co plan nacional que empezou en abril de 2015, chegaron moitas máis terapias, moito máis efectivas, e estableceuse o plan estratéxico para a abordaxe da hepatite C no Sistema nacional de saúde. Este plan, en principio con vixencia de tres anos, ten como obxectivo diminuír a morbilidade causada polo virus do hepatite C na poboación española, abordando eficientemente a prevención, o diagnóstico, o tratamento e o seguimento dos pacientes.

Xa contempla como unha das catro liñas estratéxicas que o compoñen a definición das recomendacións xerais e pautas habituais de tratamento con base en criterios científico-clínicos que permiten establecer a adecuada estratexia terapéutica co uso de antivirais de acción directa en terapias libres de interferón, como o tratamento de elección no ámbito do Sistema nacional de saúde.

En canto a datos que me pregunta vostede, evidentemente, os datos son espectaculares. Estamos falando de que ata 31 de marzo, é dicir, xusto antes do plan estratéxico, cando empezou a estratexia nacional en Galicia, xa se levaban tratados 1.137 pacientes con hepatite C cos antivirais comercializados ata ese momento. A partir desa data, pasamos a tratar 4.188 tratamentos entre o 1 de abril de 2015 e o 31 de marzo de 2017...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...que é a última estatística, dos que 51 corresponden...

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...a segundas liñas de tratamento, de tratamentos con antivirais... *(O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

Réplica, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Agradecemos a súa resposta, señor conselleiro.

Despois de todo o que tivemos que escoitar nesta Cámara, a súa antecesora, vostede mesmo, os directivos da súa consellería e os deputados e deputadas do grupo maioritario, parécenos importante que a cidadanía coñeza a realidade da situación vivida nestes últimos anos. Vostede recordará insultos: chamóusenos asasinós. Recordará tamén ameazas de palabra e en redes sociais. E tamén a cantidade de falsidades que se teñen dito neste hemiciclo.

Parece que había toda unha serie de intereses detrás de moitas das acusacións, señor conselleiro. Parece que había urxencia na utilización dun medicamento e non unicamente por motivos de saúde. Parece que había intereses políticos indubidables, e claramente visibles con posterioridade. Parece que había intereses persoais e asociativos que algún día coñeceremos.

Pero a realidade acaba de ser posta en claro por vostede ao responder á pregunta dese grupo, como tamén fixo o representante dunha plataforma de enfermos cando recoñeceu, moi ao seu pesar, nun medio de comunicación que España era o mellor país de residencia de Europa para calquera enfermo de hepatite C e para o seu tratamento.

Os enfermos están tratados e curados antes e despois da aplicación do plan estratéxico. Ese plan que para a oposición era un desastre e que non servía para nada, do que se dubidaba ata da cualificación dos expertos que o tiñan deseñado e desenvolvido. Ese mesmo plan sobre o que hai un compromiso de revisión para estender o tratamento aos enfermos en fases iniciais da enfermidade, unha vez resoltas as necesidades terapéuticas das persoas coa enfermidade máis avanzada.

Queremos felicitar dende o Grupo Parlamentario Popular a todos os profesionais que tiveron e teñen algunha participación na aplicación dos tratamentos e agradecerlles o seu traballo. Repito, de todos os profesionais, clínicos (*Aplausos.*) e directivos, que colaboraron no tratamento destas persoas enfermas.

E nesta segunda quenda agradeceríamos que nos trasladase de xeito máis concreto as cifras de enfermos tratados e os resultados...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...e eficacia terapéutica dos novos tratamentos.

Grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Peché desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Recordaba que antes do plan nacional a Comunidade Autónoma de Galicia, o Sergas, xa tratara 1.137, e posteriormente, no período do 1 de abril ao 31 de marzo de 2017 —hoxe xa pasamos de 5.000—, nese momento estaban arredor de 4.188.

Esta evolución no inicio do tratamento segue unha tendencia lineal desde a implantación do plan no 2015. Analizando 4.137 tratamentos novos, posto que algunhas segundas liñas

deben analizarse á parte, encontramos unha poboación coas seguintes características, para que sexan coñecidas tamén. O 68 % son homes. Monoinfección o 81 %. Encontramos 90 pacientes transplantados hepáticos, dos que 7 están en listas de transplante hepático. O rango de idades é moi amplo, entre 17 e 90 anos, cunha moda arredor dos 55 anos.

Ao analizar os resultados do tratamento encontrámonos tamén unha efectividade global que ronda o 95,20 %, que pode ascender, e ascende, ao 97 % se nos contabilizan os doentes que non remataron o tratamento por diferentes motivos: mala tolerancia ou algunha outra complicación.

En xeral, dicir 95 %-97 % é dicir practicamente curación. Curación do que é a infección vírica, pero desgraciadamente as repercusións somáticas sobre os órganos diana en moitas ocasións non se poden volver atrás: nunha cirrose ou varices esofágicas, desgraciadamente non podemos voltar atrás.

Creo que se conseguiron e se van conseguir. Como ben di, o día 21 temos Consello Interterritorial e aí imos plantexar, porque xa levamos traballado sobre ese asunto, a idea de ampliar definitivamente a todos os pacientes, tanto F0 como F1, esas fases iniciais, que teñen aínda unha longa vida por diante, porque a enfermidade é lenta en canto a prognóstico. Eu creo que imos conseguir finalizar, acabar, desde logo, en Galicia e en España, non así noutras partes do mundo, desgraciadamente, porque —como dicía o señor deputado— van aínda moi atrás, pero creo que somos un elemento a seguir.

E tamén —como digo— quero felicitar a todos os profesionais do sistema público de Galicia, así como tamén á Asociación Galega de Hemofilia, á Asociación de Transplantados de Galicia Airiños ou á Plataforma de afectados pola hepatite C, polo que teñen contribuído. Sobre todo, o que podo dicir é que foron informados periodicamente pola Consellería de como ían os resultados e de como é a tendencia.

Dentro do Consello Interterritorial tamén imos ampliar a máis grupos de risco a posible detección de casos de hepatite que neste momento non están diagnosticados, e loxicamente é importante que se poidan diagnosticar. Aínda que temos por diante un tempo amplo para poder diagnosticar e tratar.

Ademais, aproveito tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...para invitar os señores deputados a unhas xornadas o día 13 na propia consellería...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...nas que se falará de políticas de saúde pública e hepatite C en Galicia, e resultados.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Haberá non só especialistas nosos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...senón tamén doutros países.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data de entrada en funcionamento da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Noela Blanco Rodríguez, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Señores deputados, señoras deputadas. Quero tamén saudar os membros da Xunta de persoal do Complexo Hospitalario de Ourense que hoxe nos acompañan neste hemiciclo.

Unha mentira, señorías, non tería sentido se a verdade non fora percibida como perigosa. Isto é aplicable para os servizos sociais do Concello de Vigo, para os casos de hepatite e para a ampliación do Complexo Hospitalario de Ourense que imos tratar agora mesmo. *(Aplausos.)*

Hai moitas tradicións populares en Ourense: o Entroido, os Maios, ás que se vai engadir unha nova que se está consolidando, que é que cando o señor Feijóo visita Ourense nos regala unha data da apertura, da ampliación, do complexo hospitalario. É un festival de datas que non ten un final, ou polo menos non o vemos. Empezou sendo a finais do 2015. Ía ser realidade no primeiro semestre do ano 2016. Ía estar para agosto de 2016. Estamos en xuño de 2017 e aínda non sabemos absolutamente nada.

Unha ampliación que é importantísima, porque a infraestrutura que se vai poñer en marcha é —segundo a memoria do propio proxecto— un bloque hospitalario, unha área de servizo e un aparcamento. Un proxecto que nace xa orfo de orzamento, posto que é un 28 % menor a fase de execución que a de licitación.

Hoxe o que quere preguntar o Grupo Socialista é simple, señor conselleiro. É a que se debe este atraso e para cando a apertura. A que se debe este atraso porque estamos fondamente preocupados dende o Grupo Socialista xa que nos están a chegar informacións de que o Sergas non recepciona esta obra polos problemas de seguridade e porque hai problemas na infraestrutura bastante graves.

En Ourense, e dende o Grupo Socialista, hai algo que temos claro. Nós non queremos un hospital como o de Vigo, no que se paguen 12 euros por párking, onde haxa resonancias en

camións e menos camas das que estaban previstas nun primeiro momento. E non queremos tampouco un hospital como hai pouco denunciaba a miña compañeira, a señora Burgo, de Lugo, o Lucus Augusti, onde cando hai un fenómeno meteorolóxico tan estraño en Galicia como que chove, chove de tal maneira dentro da infraestrutura que teñen que abrir buracos nas paredes para desaloxar a cantidade de auga.

Queremos un modelo de hospital público digno, e queremos que se conte cos traballadores e traballadoras que van estar alí a súa xornada laboral; unha cousa que non se fixo ata o de agora, que se lles está dando as costas. Son persoas que van estar na asistencia sanitaria e que van exercer o seu posto de traballo alí, e parécenos o mínimo.

Hai tamén gravísimas deficiencias que hai que solventar no edificio antigo, pero hoxe o que lle queremos preguntar é para cando, como e por que non se abriu antes esta infraestrutura.

E máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Señores deputados, a verdade é que creo que podemos seguir un pouco percorrendo as infraestruturas sanitarias que o Goberno do presidente Feijóo está a facer en Galicia.

Antes falouse da Mariña, podemos dicir que estamos crescendo na Mariña. E por parte da señora deputada díxose que quería falar de Ourense pero falou de Lugo e de Vigo, creo que grandes infraestruturas, e agora temos que falar de Ourense. Ourense é un máis dentro da mellora das infraestruturas que o presidente Feijóo anunciou sempre. Está dentro da Estratexia 2020 do Sergas, que é mellorar as infraestruturas. É fundamental que teñamos unhas infraestruturas boas.

En Ourense eu creo que nos últimos anos houbo un cambio moi importante, e precisamente as deficiencias detectadas queren corrixirse con este plan director que se está levando a cabo.

Recordamos que a hospitalización era unha das claves. Anteriormente actuárase sobre as urxencias, pero a hospitalización tiñamos claro que había que melloralas. Está dividido en dous bloques, dous hospitais, cunhas condicións que creo que neste momento temos que melloralas. É así, a sanidade —como dicía antes— non pode quedar quieta, e, desde logo, Ourense é unha das nosas metas de mellora.

Parte dalgún dato erróneo. Por exemplo, dicía que non quería un parking como en Vigo, onde se pagan 16 euros. Está desinformada. Igual ten a información inicial da primeira época, pero non é así, non é así a cantidade; creo que está mal informada. Igual que está mal informada en relación coa cantidade económica pola cal se licitou o hospital. Partíase de 57 millóns, e agora foi unha baixa, porque houbo un grupo de empresas interesadas, por 41 millóns. Pero iso non vai en contra do investimento que fai a Xunta de Galicia, senón sim-

plemente que hai empresas interesadas en traballar co Sergas. Por iso creo que non é correcta a súa información.

Nós, loxicamente, o que queremos é facer unha infraestrutura e facela ben, e cando hai problemas, temos que subsanalos. Isto ás veces conleva atrasos, e hai que recoñecer, evidentemente, que hai un atraso en Ourense.

O primeiro atraso, unha primeira complicación, a caída do Plan xeral de Ourense, que creo que foi o Partido Socialista quen o aprobou naquel momento. Pero ese é un problema cando estamos falando da ampliación dun gran hospital como queremos en Ourense.

Logo houbo problemas, é certo, coa empresa. Houbo discusión sobre aspectos determinados. Non sobre a seguridade, senón sobre aspectos que nós entendemos que non o podemos dar por recibido mentres non se corrixan, creo que é algo razoable. Tamén houbo problemas coa subministración eléctrica, que non leva exactamente a Consellería de Sanidade pero que tamén nos atrasou.

Isto vai acumulando unha serie de meses. Evidentemente, non é o que quixeramos nós, pero estamos traballando para acabar iso e, sobre todo, utilizar o que queremos logo, que é unha ampliación de superficie de 52.000 metros cadrados, nos que máis de 24.000 corresponden a esta área de hospitalización.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Esta área concretamente ocupárase con plantas do novo edificio, e con iso imos conseguir unha magnífica área de hospitalización. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente. Eu non tiña pensado falar doutras infraestruturas da cidade de Ourense, pero xa que se pon, e se imos facer un percorrido polas infraestruturas, como dixo vostede, imos ir a ese esperpento, e como di vostede, a meta está moi alonxada do que prometeron na campaña electoral.

En campaña electoral o señor Feijóo executa á perfección o verbo prometer, e despois, cando pasa a campaña, veña a incumprir un día tras outro o centro de saúde do Couto, o de Mariñamansa e o do Vinteún. E así poderíamos seguir por toda a provincia, señor conselleiro.

A respecto do parking de Vigo, unha aclaración. Houbo unha emenda do Grupo Socialista que foi rexeitada polo Partido Popular para rebaixar o parking ese *(Aplausos.)* e o seu compromiso, señor conselleiro. No Plan xeral de Ourense, cando queren, ben que recorren ao Plan de supramunicipalidade. Eu non vou falar do plan xeral porque non teño tempo, pero si que lle vou dar unhas cantas suxestións.

A primeira, que poña en marcha unha comisión de seguimento das obras de ampliación e tamén da posta en marcha, na que haxa unha representación da Xunta de persoal. É vergoñento que teñamos que pedir aquí que se forme esta comisión de seguimento porque vostedes non son quen, de maneira natural, de sentarse cos representantes dos traballadores. Que por favor se manteña a cociña, que non se impoña unha liña fría; e que se manteña tamén o persoal. Que o aparcamento sexa gratuíto, tanto para as persoas que acoden alí a recibir asistencia sanitaria como para os traballadores e traballadoras.

O certo é, señor conselleiro, que a obra non se recepciona porque é unha verdadeira chapuza. Iso de facer máis con menos —levámosllo dito un montón de veces— é imposible, como esa redución do 28 %. E non soamente iso, tamén a falta de atención que non prestou a Consellería ao longo de todo este proceso de construción, deixando a empresa ao seu libre albedrío, sen ningún tipo de control. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche desta pregunta, señor conselleiro de Sandade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Moitas grazas, señor presidente.

Vou tratar de dicir o que imos conseguir en Ourense, porque ás veces parece que non conseguimos nada. A crítica da oposición é a cociña e o aparcamento, iso significa que o hospital está ben. Iso é moi importante. *(Aplausos.)*

Mire, repítolle que as obras de ampliación son 52.000 metros cadrados, que creo que é unha cantidade importante, dos cales 24.000 van dedicados a hospitalización.

Aquí vai haber 7 plantas nese novo edificio, cun total de 14 unidades, 9 polivalentes, medicirúxicas, 1 de psiquiatría, 1 de paliativos, 1 de oncoloxía e 2 unidades innovadoras integradas no proxecto Hospital 2050.

O proxecto construtivo actualmente en marcha consta de actuacións simultáneas en dúas áreas, que son as áreas de hospitalización, con estas 10 plantas máis cuberta, e o edificio de aparcadoiro e servizos xerais; edificio de 4 plantas e cuberta adxunto ao edificio de hospitalización, con acceso desde a rúa Nosa Señora da Saíenza.

O aspecto que dicía que complicou a situación foi, ademais de todo o que dixeran anteriormente, o problema que houbo á chegada coas infraestruturas viais, que grazas ao compromiso da deputación, do Concello de Ourense e da Axencia de Infraestruturas de Galicia conseguimos poñer en marcha nun tempo récord. E un cambio tamén de novas circulacións e de nova entrada ao edificio do hospital.

Ademais, o que temos previsto unha vez ocupado este novo edificio, a nova hospitalización, é facer a remodelación do edificio antigo, e no futuro quedará todo o bloque de hospitalización en Ourense centrado aí. E o plan director, que coñecen tamén, fala de mellora das consultas e dos gabinetes de exploración.

E dicirlle que ten mala sorte, porque leva toda a pregunta dicindo que non se recepciona e recepcionouse no día de onte, e estamos traballando xa para tratar de ir facendo a planificación do traslado e que esteamos ao cen por cento de ocupación no novo edificio de hospitalización a principios de setembro. Aplicaremos todos estes días que aínda nos quedan para afinar esa posta en marcha, e, desde logo, creo que vai ser un magnífico edificio e unha mellora do servizo para todos os ourensáns. E, como digo, a Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde van seguir mellorando o servizo sanitario.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para solucionar a situación dos servizos de radiodiagnóstico por imaxe dependentes do Sergas

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María Montserrat Prado Cores, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señor conselleiro.

Nesta última pregunta deste pleno o BNG quere preguntarlle pola situación dos servizos de radiodiagnóstico en Galiza, por cal é a situación, motivado porque hai unha moi importante alarma social a respecto das amplísimas listas de espera que hai nos mesmos.

As listas de espera nestes servizos están converténdose en estruturais; son constantes as queixas e reclamacións de doentes e profesionais por mor das tremendas demoras e as consecuencias na saúde das persoas. Ao BNG chegaronnos queixas de profesionais e queixas de doentes. De Luis, doente de cancro, que leva tres meses agardando por unha proba. De María, tamén doente de cancro, que chega a consulta do seu oncólogo e resulta que non ten as probas diagnósticas. De Cristina, que fai unha carta aberta no xornal porque considera indecente que haxa que poñer tres, catro, ata cinco reclamacións para que lle fagan as probas.

E diante desta situación, ¿como está a actuar a Consellería? Pois en Ourense a Xerencia leva directamente a xestión das listas de espera para estudos radiodiagnósticos. ¿A razón? Pois non sei se é para que non se coñeza a situación, para que non primen os criterios profesionais senón outros... Agardo que vostede mo explique, señor conselleiro.

En Compostela hai unhas listas de espera de 5.000 persoas agardando por unha resonancia magnética e 3.000 por un TAC. Diante desta situación, o que coñecemos son as derivacións do ano 2016, no que se derivan 2.400 pacientes á privada para resonancias, 2.200 para ecografías, e acabamos de coñecer que a empresa Metronic acaba de iniciar un proceso para a adquisición dun TAC e dunha resonancia magnética para a área vascular do CHUS. Segundo a información da que dispoñemos, a pretensión é que estes equipos se destinen exclusivamente para o uso de cardiología.

Diante desta situación, a SERAM (Sociedade Española de Radioloxía Médica) fixo pública a súa posición ao respecto. Temos constancia de que lla trasladou ao presidente da Xunta e de que lla trasladou a vostede, e nesa comunicación o que din é que esta cuestión significaría a fragmentación da igualdade dos doentes no acceso ás resonancias e aos TAC; que rompería a equidade e estableceríanse patoloxías de primeira e de segunda; significaría a rotura da equidade e distorsión dos sistemas de priorización da demanda; que a priorización dos estudos diagnósticos debe realizarse pola gravidade da patoloxía e non polo servizo de onde veñen; que a maioría das probas, o 90 %, son de oncoloxía, neuroloxía e traumatoloxía, e só o 5 % de cardioloxía. Toda unha serie de cuestións que consideran que non procede isto.

Por esta razón, preguntámoslle, señor conselleiro, que actuacións vai realizar o Goberno galego para solucionar a situación dos servizos de radiodiagnóstico por imaxe dependentes do Sergas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boa tarde, señor presidente.

Non sei se acabarei a pregunta porque estou un pouco afónico. Teñen que desculparme.

En primeiro lugar, quero dicirlle que non entendo o trámite de urxencia que utilizaron, porque din: dada a alarma social existente e elevadas listas de espera. A verdade é que é sorprendente.

Mire, teño que dicir que a Consellería de Sanidade realiza unha actividade crecente todos os anos, creo que as memorias están bastante razoadas. Por exemplo, por dicir algo, fanse uns cinco millóns de consultas hospitalarias. En canto a probas, fixemos o ano pasado 2.824.000 probas diagnósticas, 31.000 máis que o ano anterior. Fixéronse 2.800.000 e vostede di que derivamos á privada 2.000. A verdade é que son datos que non teñen a proporción axeitada. Tamén quero dicirlle que no Bipartito había derivación a concertados de probas diagnósticas exactamente igual.

Pero, ¿que estamos facendo nós? Loxicamente, nós temos que adaptarnos ás necesidades dos pacientes, e non imos parar. Creo que é coñecido o Plan sociotecnolóxico que se fixo nesta Xunta de Galicia, cun investimento de 88 millóns; unha parte, de 17, financiada pola Fundación Amancio Ortega, agora xeneralizado a todo o país, e onde só no lote 1, que era diagnóstico por imaxe e medicina nuclear, tiña un presuposto de 40 millóns de euros e adquiríronse 8 TAC multicorte, 2 TAC para simulación de radioterapia, 7 resonancias magnéticas, 2 PET CT, 4 gammacámaras e outras tecnoloxías, vascular, mamógrafos, radioloxía... É dicir, creo que hai un impulso claro para dicir que temos que traballar aínda para mellorar a situación.

E tamén estamos implantando en diferentes especialidades, en diferentes probas diagnósticas, protocolos para que haxa equidade á hora de que os pacientes —como di vostede—

poidan acceder de forma similar en todos os centros ás diferentes probas. E, desde logo, imos seguir traballando niso.

Como parece que ao final o que busca, aínda que fala das probas diagnósticas, é falar dun tema concreto do hospital de Santiago, digo que a cardioloxía e a radioloxía son dúas especialidades médicas que sempre foron da man, e hoxe máis que nunca, pois resulta fundamental estar ao tanto das novidades que se produzan cada día en ambas especialidades, e o seu coñecemento é vital tanto para o traballo diario dun cardiólogo como para o dun radiólogo. Isto afirmáboo o presidente da Sociedade Española de Cardioloxía, Carlos Macaya, no ano 2011.

A imaxe médica avanzou tanto na última década que na actualidade é posible analizar non só as cavidades do corazón, senón tamén a estrutura do miocardio, a orientación das súas fibras, a presenza de fibroses e a luz dos vasos coronarios.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Polo tanto, a colaboración entre cardioloxía e radioloxía é antiga, non é de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Os datos que lle din de derivación eran do CHUS exclusivamente, señor conselleiro, ¿sóalle isto? Cada día oito derivacións á Rosaleda, oito para a Esperanza. Oito para a Rosaleda e oito para a Esperanza. Supoño que lle sona. Iso ten un nome.

Vexo que vostede non quixo entrar moito no tema. Faleille de listas de espera e faleille de doentes que sofren. Faleille de doentes de cancro que supoño que terán un nivel de mortalidade e morbilidade como mínimo tan elevado como os de cardioloxía. Entón, diante desta situación de listas de espera, de derivacións á privada, de adquisicións irregulares, de menosprezos profesionais, de obsolescencia de equipos, o que vostede debería é rectificar e dicir que non se vai facer esa adxudicación de dous aparatos —un de TAC e outro de resonancia magnética— exclusivamente para un servizo ou prioritariamente para un servizo; un servizo que non ten nin cen persoas en lista de espera para estas dúas probas, cando no mesmo hospital hai 5.000 para resonancia e 3.000 para TAC.

O mínimo que tería que facer sería rectificar, aclarar por que fan estas cuestións e dar unha solución. Porque o nivel de mercantilización ao que están levando vostedes a sanidade pública é que non ten nome. Resulta que agora son as empresas proveedoras do Sergas as que deciden a quen lle poñen aparatos. E o que nos gustaría saber é a cambio de que ou a beneficio de quen, señor conselleiro, ou se non é Amancio Ortega. Eu supoño que vostede, en vez de conselleiro de Sanidade, é o que vén aquí cantar non sei que cousas, pero as decisións é evidente que as toman outros. Non as toma vostede, senón que as toman outros.

Eu lamento profundamente situacións como estas, onde unha empresa dona recursos para un hospital, e gustaríame saber se ese plan de atención ao infarto de miocardio se vai estender a outros hospitais, se esta empresa vai doar tamén aparatos ao CHUAC, ao CHOU, ao CHOP, é dicir, aos outros hospitais. Cando se aprobou ese plan e esa priorización, onde haxa doentes que vaian polo carreiro de toda velocidade e haxa outros, como os enfermos de cancro, que esperen meses... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, rematou o seu turno. Grazas. Rematou o seu turno, señora Prado.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Vou concretar porque creo que vostede é o que quería, que concretásemos o tema do Hospital Clínico de Santiago.

Teño que dicirlle que as palabras que dicían a radioloxía e a cardioloxía definiron unha nova imaxe de corazón que se presenta demostrando as súas características morfolóxicas, funcionais e de caracterización dos tecidos anormais, destácaa o presidente da Sociedade Española de Radioloxía, don Eduardo Fraile Moreno, cando firmaron un convenio de colaboración de longo percorrido entre as dúas especialidades.

Mire, eu creo que estar discutindo neste momento, cando vostede fala de listas de espera, non ten moito sentido. O que ten que facer o sistema sanitario é adaptarse aos medios para dar o mellor servizo posible, e no menor tempo posible tamén, aos cidadáns.

Vostede dicía que hai pouca lista de espera en Cardiología, creo que iso é positivo. E hai dous novos aparatos diagnósticos —resonancia e tac— para pacientes en principio cardiolóxicos. Pero o que vostede non sabe, seguramente non llo comunicaron, é que tamén se chegou a un acordo entre os dous servizos para que nese protocolo, cando non sexa utilizado por Cardiología, o utilice o resto de pacientes e o resto de patoloxías.

Pero, curiosamente, vostede di que hai que rechazar isto. E eu digo, se a resonancia e os tac que temos no Clínico se seguen utilizando para o mesmo, e hai dous novos aparatos que van actuar a maiores sobre pacientes cardiolóxicos e outro tipo de pacientes, ¿temos que estar en contra ou a favor? Eu creo que a favor, e iso é o que pretende a Consellería de Sanidade: mellorar a situación de todos os pacientes sabendo que cada día chegamos a máis pacientes, pacientes maiores, con máis patoloxías, pero temos medios diagnósticos e tamén de tratamento superiores. E imos seguir insistindo niso.

A lista de espera, evidentemente, convén reducila sempre, esa é unha liña, pero os datos estatísticos... Eu non falo de nomes que non podemos comprobar. É moi fácil falar dun nome e dicir que lle pasa isto ou o outro. Habería que ver a historia clínica, que pasa en cada caso. Falo das estatísticas, e nas estatísticas aparecen as demoras en radioloxía, en calquera tipo de ecografía e demais, e están nuns tempos razoables. *(Murmurios.)* E dicir tamén que cando as diferenzas son entre quen manexa determinados aparatos, creo que nós temos que estar por enriba diso, porque na propia cardiología a ecocardiografía hai moitos anos que a fan os

cardiólogos e non pasa nada. E a ecografía xinecolóxica fana os xinecólogos e non pasa nada. O que temos é que ter especialistas que poidan coñecer e teñan formación suficiente para adecuar o diagnóstico e logo levar a cabo o tratamento.

Niso creo que deberíamos estar todos xuntos, traballando na mellora dos servizos sanitarios.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes de dar por rematado o Pleno, parece oportuno comentar que, confirmada na tarde de hoxe a morte de Ignacio Echevarría, un galego exemplar que perdeu a súa vida no atentado de Londres por salvar a vida doutras persoas, queremos dende o Parlamento facerlle chegar á súa familia a nosa condolencia, a nosa solidariedade, e dicirlle, dende logo, que Ignacio estará sempre no noso recordo.


Nada máis. Moitas grazas.

Levantamos a sesión. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás sete e seis minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25